

BUEU



PATRIMONIO  
CULTURAL E NATURAL

## Contidos

Agradecementos e bibliografía.....	4
Introdución.....	5
Antigüidade.....	7
Igrexas, Capelas e Ermidas.....	13
Calvario, Cruceiros, Cruces e Petos de Ánimas.....	49
Pazos e Casas grandes.....	85
Muíños, Lavadoiros e Fontes.....	97
Cultura Mariñeira.....	137
Arquitectura Moderna e Monumentos.....	151
Espazos Naturais.....	161
Festivais, Festas e Romarías.....	185

# Agradecementos e bibliografía

Este inventario non sería posible de non ter contado co traballo previo de moitos “namorados” da historia de Bueu e do seu patrimonio. Por iso queremos agradecer a todos eles a súa aportación nesta compilación dos nosos valores culturais.

Grazas polo seu apoio e toda a información que nos facilitaron, tanto escrita como de primeira man:

Belarmino Barreiro Rosales  
Martíño Bernárdez Moldes  
Rosendo Corral Estévez  
Víctor Domínguez Antas  
José Manuel Dopazo García

Grazas polos seus traballos previos:

José María Estévez. Autor de “Recoñecer Bueu”  
Profesores participantes da Revista “Ó Candil”  
Belarmino Barreiro Rosales, José Carlos Durán Gallego e Manuel e José Verde Loveira. Autores do libro “Igrexa de Santa Mª de Cela”  
Rafael Rodríguez Fernández. Autor de “As fidalguías do Morrazo”  
Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais, Os Galos. Revista Os Galos

Grazas polo préstamo das fotos que nos faltaban:

Manuel Pena  
Ricardo Rodríguez  
Xoán Arco da Vella

E en xeral, grazas aos veciños de Bueu, ó Museo Massó e ó Concello de Bueu; sen todos eles este Inventario non sería posible.

# Introdución

Se estás a ler esta introdución quere dicir, ou ben que este documento caeu nas túas mans por casualidade e tan só o estás a ollar (polo tanto intentaremos convencerte de que leas ata o final desta pequena introdución ó noso traballo, e quen sabe, quizais te descubras ollando ata o final e coñecendo partes de Bueu coas que ata agora non contabas), ou ben que, do mesmo xeito que nos sucedeu a nós, tes certa inquietude por saber máis deste pobo mariñeiro, dos seus monumentos e das súas tradicións.

Todo xurdiu ao comezo do noso traballo no Obradoiro, cando comezamos a estudar e a investigar no patrimonio de Bueu. De seguida nos decatamos de que existen moitos documentos, e moi bos, sobre dito patrimonio, pero a maior parte deles eran documentos monográficos (sobre as igrexas, pazos,...), e de que non existía ningún documento que reunise todo o conxunto patrimonial de Bueu; por iso esa compilación convertiuse na nosa meta.

Así comezou a tomar forma o noso proxecto; con saídas polas parroquias buscando fotos daqueles monumentos ós que podíamos acceder, e o mesmo tempo compilando toda a información posible escrita sobre eles, que puidese completar a que xa existía. Cela, Beluso, Bueu, Ons,... nada quedou atrás.

Baseándonos en toda a documentación atopada ata o momento comezamos un traballo de unificación para conseguir que, unha vez rematado o Obradoiro, quedase tras de nós un documento ó que calquera puidese acudir para conseguir información de calquer monumento do Concello de Bueu. E non só monumentos, tamén parte do patrimonio popular como as embarcacións tradicionais, festas e romarías.

Buscábamos un documento que xuntase todo o noso patrimonio e cultura nunha soa publicación, que sirva de consulta a todos aqueles que o precisen, e que ademais poida ser ampliado no futuro coas novas adquisicións patrimoniais que se realicen dende o Concello. Porque este non é un traballo só noso, é o traballo de xente con verdadeira vocación polo patrimonio. ¡É un traballo de todos! Porque nas nosas mans está tamén conservalo.

Agora, unha vez rematado, e a pouco de finalizar este Obradoiro, un pode mirar atrás e pensar que o esforzo valeu a pena. Nós remataremos o noso traballo, pero este documento permanecerá como parte da nosa aportación ó Concello, á Oficina de Turismo, e a todos aqueles cidadáns que se queiran achegar a coñecelo.

Por iso, xa sexas un ollador curioso, ou un amante do patrimonio, esa foi a nosa intención cando comezamos este inventario, convidarvos a coñecer algo máis de Bueu.

Participaron neste proxecto:

Mª del Carmen Cabanelas Agulla

Mª del Rosario Enríquez Martínez

Mª José Entenza Dopazo

Victoria Mª Estévez González

Julio César Fernández Peaguda

Laura Gallego Piñeiro

Alejandra García Sanz

Elena Herbello Novas

Nuria Juncal Rial

Ainhoa Pastoriza Alonso

Mª Dolores Rivera Rodríguez

Vanesa Valverde Medraño

Docentes:

Graña Rial, Raquel

Justo Calviño, Mónica

Deseño e maquetación:

Martínez Sequeiros, Lucinda

Moares Pastoriza, Patricia

Antigüidade





#### DESCRICIÓN

A coiraza desta mámoa permanece sepultada, pero na superficie obsérvanse algúns restos. O dólmen, por este motivo, atópase ao descuberto, aínda que as laxes están desprazadas respecto da composición orixinal. De feito, algunhas das pedras foron seccionadas por acción dos canteiros. A mámoa, aproximadamente do ano 3500 a.c., contou con probabilidade cun corredor pequeno. O túmulo non excede os 30 metros de diámetro, polo que se atopa dentro das dimensións habituais. Hai referencias de D. Xose Mariño sobre a existencia doutro túmulo 20 m ao norte do campo de fútbol e a aparición de abundantes restos cerámicos nas pistas do contorno do campo.

#### POSIBLES MELLORAS

Sinalización e limpeza.

## MÁMOA DO FORNO DAS ARCAS

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia Cela, lugar Chans

ACCESO  
Partindo de Bueu en dirección a Marín, pola estrada PO-551, tras percorrer 1 Km tomamos un desvío á dereita (sinalizado como Igrexa parroquial de Cela), ascendemos 1 Km pola estrada PO-1304 e atopamos a Igrexa ó marxe dereito da estrada, seguindo a estrada atopamos un cruce onde collemos á esquerda ata atopar outro cruce xa sinalizado indicando Chans. Xa na área, a súa localización non está sinalizada, atopándose no termo municipal de Marín

PROPIEDAD  
Público

HORARIO  
Aberto tódolos días do ano

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Baixo

## PETROGLIFOS DAS ABELAIRES

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de Bueu, lugar Castiñeiras

ACCESO  
No lugar de Castiñeiras, na intersección entre a estrada do cemiterio de Bueu e a VG-4 tamén coñecida como Corredor do Morrazo, detrás da nave do Punto Limpo aparece a sinalización do roteiro do Morrazo GR 59 a uns cen metros desta sinal atópanse os petroglifos a man dereita

PROPIEDAD  
Público

HORARIO  
Sen horario definido

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Descoñecido



#### DESCRICIÓN

Este conxunto de gravados rupestres ten uns 4000 anos de antigüidade. O petroglifo reproduce deseños que se repiten noutros xacementos de Galicia: cazoletas, círculos e labirintos. O seu significado é todo un misterio. Hai quen os ve como primitivas representacións artísticas e quen lle confire un valor ritual. Algúns estudos consideran os motivos circulares estilizacións de elementos naturais ou mesmo de conceptos, mentres que outros interprétanos como mapas, trampas de caza ou ondas de auga.

Recoméndase velos cando sae o sol ou cando se oculta.

#### POSIBLES MELLORAS

Sinalización axeitada e correcta.

Limpeza do contorno e establecer medidas de protección.



## DESCRICIÓN

Restos dun ramal da gran calzada romana que cruzaba toda a costa galega de norte a sur, coñecida como “Vía Per Loca Marítima”. Na zona existen paneis con información.

## CALZADA MEDIEVAL DE MEIRO

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de Bueu, lugar Meiro

ACCESO  
Estrada PO-551 dirección Cangas, tomar a saída de Meiro e logo o primeiro desvío á esquerda

PROPIEDAD  
Público

HORARIO  
Sen horario definido

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Descoñecido

## LAXE DO CREGO

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de Beluso, lugar Praia de Area dos Cans (Illa de Ons)

ACCESO  
En barco dende o peirao de Bueu, Portonovo e Sanxenxo

PROPIEDAD  
Público

HORARIO  
Atópase nunha zona rochosa ao aire libre polo cal a súa visita é libre aínda que o mellor momento para velo é coa marea baixa

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Alto

## DESCRICIÓN


Sarcófago Laxe do Crego: é unha pedra en forma de tumba antropomorfa duns 2 metros, que se observa durante a baixamar nos arrecifes rochosos da praia de Area dos Cans. Na tradición popular fálase de que pertenceu a un vello abade, de cando na Illa houbo mosteiro.

## POSIBLES MELLORAS

Conservación da tapa do sarcófago (posiblemente se custodie no Centro de interpretación da Illa).



# Igrejas, Capelas e Ermidas





## DESCRICIÓN

Ata ben pasado o século XIX, o templo parroquial era unha igrexa de estilo románico que desapareceu ao construírse a actual en 1865. Todo o material da vella igrexa empregouse na construción do novo templo, especialmente na cimentación. Ao proceder á construción do novo tellado, en 1974, acháronse varias pedras do templo antigo:

- Base dunha columna
- Algún canecillo
- Anaco dun rosetón e algunha pedra máis de estilo románico

Actualmente no interior da igrexa á esquerda, preto do confesionario, está encaixado na parede a uns 20 cm do chan un canecillo ou figura de animal. Tamén no exterior da parede sur, aínda se nota nunha pedra a uns 3,5m de altura (preto de onde está incrustada unha antiga pedra labrada) un canzorro do antigo templo no que hai unha figura dun home coas mans no peito en actitude de rezo e posto de xeonllos. Así pois, o templo actual ocupa toda a zona do vello máis a parte do cemiterio que había arredor del, e tiveron que gañar terreo na súa parte posterior, ao oeste, pois se realizou desmonte nese lugar.

IGREXA SAN  
MARTIÑO DE  
BUEU

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de  
Bueu, lugar O Valado

ACCESO  
Próximo ao núcleo de poboación,  
no adro da Igrexa de San Martiño  
de Bueu, totalmente accesible.  
Dispón de zona de aparcadoiro

PROPIEDAD  
Público  
Depende da Arquiidiócese de  
Santiago de Compostela

HORARIO  
Visitable en horario de misas  
(a confirmar, depende da  
época do ano)

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Utilizada durante todo o ano,  
con maior afluencia nas festas  
patronais e datas sinaladas coma  
Corpus Christi, festas da Virxe do  
Carmen, Pascua, ... nas que se  
celebran procesións





No portalón que ía á horta da reitoral, líase “anno de 1801 S D Eixo cura José Benito Gutiérrez”, esta data non se refire á antigüidade do templo, senon máis ben, a unha ampliación da reitoral (reconstruída en 1977, conservando a cocíña-lareira de tipo antigo). Este portalón foi desprazado en 1978.



Análise descritiva: Igrexa de tres naves e ábsida rectangular.

A fachada principal está orientada ao nacente (leste) contrariamente a gran maioría das igrexas parroquiais e ermidas que se orientan ao poñente (oeste); esta orientación está imposta pola orografía, xa que no poñente hai un talud que impide a chegada dos raios do sol pola tarde.

A fachada presenta un fronte moi compartimentado, con distintos relevos, onde destaca na portada, un alto arco semicircular no que se abre unha porta rectangular con dúas molduras en relevo; enriba un óculo circular ribeteado. Remata o conxunto cun sobrio frontón triangular que conta únicamente con dous capiteis nos vértices, que da paso a unha torre de catro ocos de arcos de forma semicircular para as campás e remata en cúpula octogonal. A fachada é de estilo neoclásico e foi construída no ano 1865.

As fachadas laterais son simétricas, constan dunha porta rectangular (actualmente tapiada no caso da fachada lateral dereita) e tres ventás rectangulares situadas na altura correspondente a un primeiro andar.

O interior consta de tres naves, a maior é mais alta e ancha que as naves laterais. Atópase separada de éstas por medio de tres arcos apoiados en columnas



de estilo dórico, sobre un pequeno plinto e con fustes redondos. Os muros interiores son de sillares irregulares e na cabeceira das naves laterais hai dous entrantes no muro que fan de capelas.

Un gran arco triunfal dá paso ao presbiterio que se cobre con bóveda de cruceira de nervos grosos que se impostan na parede. No centro da bóveda atópase unha claraboia circular. Este presbiterio fíxose no ano 1890 polo mestre José Cerviño García.

Actualmente no interior do templo atópanse 14 cadros mostrando o via crucis de Cristo intercalados con figuras de Santos: A Virxe das Dores, a Milagrosa, San Blas, etc... Tamén dicir que fai uns anos recuperouse a antiga pila bautismal colocándoa na parte superior dereita da nave diante dun retablo.

Sinalar que no adro da igrexa tamén podemos ver o Calvario e o Cruceiro de San Martiño.

Atópase o conxunto en perfecto estado de conservación.

POSIBLES MELLORAS

Falta sinalizar a súa localización.





## IGREXA SANTA MARÍA DE CELA

### CLASIFICACIÓN

Recurso histórico

### LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Cella, lugar Igrexario

### ACCESO

Partindo de Bueu en dirección a Marín, pola estrada PO-551, tras percorrer 1 Km tomamos un desvío á dereita (sinalizado), e ascendemos 1 Km pola estrada PO-1304 ata atopar a igrexa ó marxe dereito e ó marxe esquerdo zona de aparcamento

### PROPIEDAD

Público

Titularidade: Igrexa

### HORARIO

O exterior tódolos días do ano e o interior da igrexa en horario de misa (tódolos días de luns a sábado as 19:00h e os domingos as 10.00h)

### GRAO DE UTILIZACIÓN

Alto

### DESCRICIÓN

A data dos comezos da súa construción non está concretada, pero probablemente fose no último terzo do S. XII; o que é seguro é que foi constatada como obra románica, e foron os Sanxoanistas, que nesa época posuían varios bens pola zona do Morrazo, os que lle deron a súa propia traza. Esta traza está tamén presente noutras igrexas cercanas, sendo elemento característico desta orde relixiosa a súa cruz de 8 puntas, que aparece gravada en diferentes partes da igrexa. Hai que resaltar unha importante reforma que se levou a cabo no ano 1746; así consta no teito interior da igrexa.

A súa fachada principal, a occidental, vive observando ó océano; o seu altar está orientado cara o leste, como rexían as pautas románicas.

Consta dunha nave e ábsida rectangular construída en sillares de granito, armónicamente recortados, con pouca abundancia de tizóns.

Da súa fachada principal pódese destacar o campanario con dúas campás, nesta parte superior atópase a ambos lados unha acrótera decorada en pirámide e bóla, e na parte máis alta unha cruz de tres puntas. Xa por debaixo do campanario aparece o tornachuvias decorado por billetes e sostido por seis canecillos. Pero sen dúbida o elemento máis simbólico desta fachada é o seu pórtico. Este consta de dúas arquivoltas taladas na pedra e decoradas con flores construídas en media



caña entre bocelos; descansa sobre dous pares de columnas de basas e capiteis íntegras, con fustes simples e adosados. Os capiteis están adornados con follas en dúas ordes e con voltas cara fóra, e as basas teñen un perfil ático.

Unha das partes máis chamativas deste pórtico é o seu tímpano, de forma semicircular e dividido en dúas partes:

Na parte superior central distinguimos a figura dun personaxe cun vestido que lle chega ata os nocellos e a cabeza cuberta cunha capucha, coas mans xuntas á altura da cintura. Ó seu redor atópanse dous leóns rampantes ameazadores, coas súas fauces abertas. Probablemente esta escena sexa unha representación bíblica.

Nunha segunda parte, que fai de dintel, hai unha cruz potenziada; á súa marxe dereita aparece outra cruz con catro follas incrustadas dentro dun círculo, e á esquerda, unha cruz potenziada de cuxos ángulos saen os brazos da cruz de lazos de S. Andrés, esta última cruz ten 8 puntas o que constitúe tamén unha referencia clave da orde Sanxoanista. Cómpre dicir que esta mesma cruz tamén aparece sobre o dintel da porta lateral do muro sur.

Sostendo o tímpano deste pórtico atopamos dúas figuras de pedra moi curiosas. Á dereita aparece unha figura humana, que sostén coas súas pernas e mans unha especie de bocoi ou tonel; o da esquerda, contén unha talla na que se aprecia unha figura humana perfectamente talada.

Xa cambiando de fachada, na da parte sur, a meridional, atopamos unha porta lateral adintelada sobre a cal se atopa gravada a cruz que anteriormente mencionamos; tamén aparecen nesta fachada dúas xanelas típicas do románico, longas e estreitas; aparece nesta un contraforte, aínda que non é visible dende fóra. Como parte anexa á igrexa atopamos a sancristía, de construción posterior datada sobre o 1700 aproximadamente.

Nesta fachada atopamos unhas figuras moi curiosas, como

son os 17 canecillos de pedra, con distintas formas e distintos temas:

O primeiro, cuadrúpedo con cabeza humana volta cara as súas costas e co rabo enroscado ó corpo; o segundo, semellante ó anterior pero con cabeza de animal; o terceiro, voluta floral; o cuarto de lóbulos; o quinto, sexto, sétimo, de proa; o noveno, ave con presa entre as súas garras; o décimo, cabeza de touro; o décimo segundo, semellante ó primeiro pero con cabeza de serpe e rabo que chega ata a súa boca; o décimo quinto, personaxe que ten entre as pernas unha vasilla; o décimo sexto, cabeza humana; o décimo sétimo, félido devorando a súa presa entre as patas dianteiras.

Na fachada oriental existen varias trazas características, como a ventá de media punta en arista sobre un par de columnas adosadas, de fustes monolíticos con capiteis e basas entregas de perfil ático, propio deste estilo románico. O seu capitel adornado por follas de acanto. Sobre a parte superior, no piñón da ábside, atopamos a figura en pedra dun carneiro.

Xa na última fachada, fachada septentrional, de forma similar a súa oposta, aparece unha porta lateral sobre a cal podemos ler a data de 1714, tamén coas súas dúas ventás e o seu



contraforte. Unha parte moi interesante da fachada norte é a cornisa de pedra decorada con billetes que podemos ver por debaixo do tornachuvias e que á súa vez están suxeitas por unhas figuras moi curiosas e tamén moi estudadas, como son os canzorros de pedra, con distintas formas e distintos temas:

Na ábside, atopamos 6 canzorros: o primeiro vexetal; o segundo, félido que leva á boca as súas patas dianteiras; o terceiro de lóbulos; o cuarto e o sexto de proa; e o quinto ave cunha póla entre as súas garras.

Na nave, atopamos 20 canzorros: o primeiro e o cuarto, cabezas de carneiro; o segundo e o décimo segundo, félidos devorando as súas presas; o quinto, sétimo e décimo terceiro, de lóbulos; o oitavo, é vexetal no que aparece na parte superior unha cabeza humana; o décimo primeiro, sexto e décimo oitavo tamén son vexetais; o terceiro, personaxe contorsionado; o noveno, personaxe que sostén entre as pernas unha ola removendo o seu interior cun pau; o décimo sexto, de proa; o vixésimo, cabeza de boi; o décimo sétimo, cuadrúpedo con cabeza humana volta cara as súas costas e co rabo enroscado no corpo; o décimo cuarto, ave enmarcada entre lóbulos; o décimo quinto, personaxe de dúas cabezas; o décimo noveno, figura humana coas mans xuntas; o décimo, canecillo moi erosionado que ben poidera ser un personaxe tocando unha fruta.

Podemos observar tamén no exterior, as lápidas existentes no chan arredor da igrexa principalmente na zona sur, nas cales podemos ver as tapas incrustadas no chan coas súas escrituras, na maior parte delas ilexible polo seu desgaste; moi pouco se sabe delas, pero quizáis pertencesen a algunhas das familias ricas que había en tempos pasados, ou tamén a algún párroco. Como anécdota sobre elas podemos asegurar que sí existiron disputas entre as familias por ocupar a lápida que máis preto estivese do altar.

Agora deixamos o espazo exterior para adentrámonos no seu interior, empezando pola parte superior, o teito. Está cuberta esta parte por un falso teito de madeira feito con trazas barroco-neoclasicistas.

Trasladándonos á zona do altar, no presbiterio, aparece



a bóveda de canón apuntada, sostida por dous arcos faxóns tamén apuntalados, que se apoian en seis pares de semicolumnas, unha basa curiosa é a basa da columna dereita do arco triunfal, onde nunha das súas esquinas aparece unha cabeza humana, as outras basas atópanse decoradas simplemente con bólas nas aristas. O capitel da columna dereita do arco atopámolo decorado por follas rizadas, e o esquerdo con follas rematadas en espiral. No capitel esquerdo do arco faxón aparece no centro a figura dun home suxeitando unha especie de saco, e decoran o resto do capitel unhas follas rizadas; no último capitel, no dereito, aparecen tamén unhas follas rizadas en dúas ordes. Como figura curiosa aparece no presbiterio ó lado do capitel dereito, unha extraña figura de dúas persoas unidas polo tronco e inserta na cornisa. Xa situados na parede de fondo, no presbiterio, podemos ver unhas ventás de arco

semicircular en arista sobre columnas de capiteis e basas entregas.

Podemos ver tamén no seu interior e rodeando toda a igrexa unha cornisa decorada con billetes que se interrompe soamente nos arcos das portas. Xa por último, en canto a súa construción interior, podemos dicir que conta, na parte máis occidental da nave, cun segundo piso, feito de madeira, onde está o coro.

Como elementos de orfebrería desta igrexa podemos reseñar:

- Cruz parroquial
- Dúas campás do ano 1826
- Dous cálices: un grande do ano 1773 e outro pequeno do 1731

En canto o seu santoral podemos describilo por partes:

No presbiterio: aparece no centro a imaxe do crucificado. Á dereita aparece Sta. María, patrona da parroquia, que celebra a súa festividade cada 15 de agosto. Á esquerda aparece S. Roque, peregrino coas cunchas de vieira e a cabaza do viño, acompañado do seu can; celébrase a súa festividade cada 16 de agosto. Esta festa xunto coa celebrada na honra de Sta. María, forman as festas patronais.



Na nave podemos ver catro retábulos de orixe barroca, moi ornamentados; os dous situados nas paredes laterais posúen unhas columnas adornadas con follas e froitos de viña. Os outros dous situados nas esquinas que unen a nave co presbiterio son de estilo tamén barroco, pero non con columnas ornamentadas senón con formas rectas e curvas de ramallaxe con froitos que as cobren.

No retábulo da dereita situado xunto ó presbiterio vemos as seguintes imaxes: na parte superior a S. Xoan Bautista, abaixo no centro a Virxe das Dores e ó seu lado S. Bieito Abade e S. Antón de Padua.

No retábulo da esquerda vemos as seguintes imaxes: na parte superior aparece o Anxo da Garda, abaixo no centro a Inmaculada Concepción e ós seus lados S. Mauro e Santa Lucía.

No retábulo da dereita situado na parede norte vemos dúas imaxes adicadas a Virxe do Carme, pero podemos falar da situada no centro e máis grande, construída en Santiago de Compostela no ano 1949; ten moita importancia entre nós por ser ésta unha terra mariñeira. Conta coa súa propia festa celebrada o penúltimo fin de semana de agosto.

Xa no último retábulo situado na parte sur vemos a imaxe central e grande da Virxe da Soidade, patrona da festa da Xuventude celebrada o último fin de semana de agosto. Por enriba desta aparece un pequeno santo que non aparece documentado en ningunha fonte.


Podemos dicir que existiu no lugar do altar, onde están Sta. María e S. Roque actualmente, un retábulo do que non

conservamos ningunha fotografía xa que foi retirado sobre o ano 1970.

Aparecen tamén nas paredes da igrexa varias figuras como S. Pedro, S. Telmo e S. Román. E xunto ó retábulo dereito da Virxe do Carme aparece a imaxe de S. Lourenzo coa parrilla na man. Non é éste o orixinal xa que foi substituído polo seu deterioro e pertence a outra capela.

#### POSIBLES MELLORAS

Atópase en bó estado de conservación.





## DESCRICIÓN

Esta igrexa xa aparece nos escritos do século XII, segundo os cales a raíña Dona Urraca doa esta igrexa ao Mosteiro de Poio. Abrangue dende o estilo románico ata o neoclásico. De planta de cruz latina, conta no interior con bóveda de canón, manifestada ao exterior por tres contrafortes. O seu corpo principal é do século XVI, ao que se engadiron as capelas en reformas posteriores. O campanario foi reconstruído no 1886, despois de que o antigo fora derrubado por un vendaval.

No exterior posúe unha fachada con porta adintelada; chama a atención o arco de medio punto adornado con bólas e cunha folla de acanto no centro. As bólas prolónganse polo tornachoivas e as paredes laterais están apuntadas con contrafortes, a torre de espadaña, embelecida cunha cruz de ferro, un catavento e dous pináculos a xeito de landra, é de 1878.

No interior da igrexa atopamos dúas pedras armeras exactamente iguais, ambas colocadas nas paredes laterais da capela Maior. No seu campo figuran dous dragóns afrontados, cunha “B” entre as fauces; bordura cargada de oito veneras, armas do linaxe Ibáñez de Mondragón.

Sobre a cartela, baixo a punta do escudo, figura a inscrición BANNES enmarcada nun rectángulo a modo de peche.

Fronte a entrada principal da igrexa atopamos a Casa Reitoral, construída polo marqués de Ribadulla en 1797, segunda a data que figura sobre o portalón da entrada. Neste escenario sitúanse algunhas das pasaxes da novela Morning Star, de Xosé Miranda.

# IGREXA SANTA MARÍA DE BELUSO

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de  
Beluso, lugar A Rosa

ACCESO  
Saíndo de Bueu en dirección a  
Cangas pola estrada PO-551, tras  
percorrer 3 km chegamos a un  
cruce e tomando a desviación  
á dereita, lévanos a Cabo Udra.  
A 500 m do cruce, atopamos a  
igreja ao marxe dereito da estrada

PROPIEDAD  
Público  
Titularidade: Igrexa

HORARIO  
O exterior todo o día. O interior  
depende dos horarios da misa

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Alto

# IGREXA DE SAN XOAQUÍN

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de  
Beluso, lugar Curro (Illa de Ons)

ACCESO  
En barco dende o peirao de Bueu,  
Portonovo e Sanxenxo

PROPIEDAD  
Público  
Titularidade: Igrexa

HORARIO  
Apertura en datas sinaladas como  
a celebración da misa en honor a  
San Xoaquín

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Baixo



## DESCRICIÓN

Construíuse co gallo do centro cívico da Illa, mais a súa estética non é galega: o exterior está adornado con mosaicos e o campanario é de estilo mudéjar.

## POSIBLES MELLORAS

Atópase en bó estado de conservación.



### DESCRICIÓN

Nunha fermosa paraxe, a 6 Km do centro urbán de Bueu, atópase o enclave do antigo mosteiro de Santiago de Ermelo, xunto cos restos dunha casa prioral. O lugar de Ermelo, anexo á parroquia de Cela dende o ano 1868, foi nas súas orixes un dos primeiros lugares habitados na península do Morrazo.

A fundación deste mosteiro sitúase no século IX, sobre o ano 840 por un tal Pedro Monge. Máis tarde, e tras a reforma dos Reis Católicos, converteuse en priorato do cercano mosteiro de San Xoán de Poio. Así se fai constancia nunhas inscricións talladas en dous dos arcos da bóveda actual da igrexa, pero queda como lugar recaudador no Morrazo.

O pai Sarmiento di que...” pertencía a Poio como priorato, antigamente era grande e cabeza de todos os mosteiros que había no Morrazo”.

Da primitiva igrexa da refundación só chegaron ata nós a parede do muro norte do adro, onde se conserva o oco da porta que comunicaba a casa prioral co templo e unha inscrición en latín que di: “esta igrexa de Santiago Apóstolo certamente foi restaurada integramente, tal e como agora está sendo abades Fernando e Arias Savariz. Reinando en Toledo o emperador Afonso; Raimundo en Galicia; Diego Segundo (Xelmírez), obispo. Era 1142 (ano de 1104). Fernando construíu”.

## IGREXA PRIORAL DE SANTIAGO DE ERMELO

### CLASIFICACIÓN

Recurso histórico

### LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de  
Cela, lugar de Ermelo

### ACCESO

Dende Bueu collendo a estrada  
PO-551 dirección Cangas  
tomamos o desvío Meiro-Ermelo  
senalizado á esquerda

### PROPIEDAD

Público

Titularidade: Igrexa

### HORARIO

Inverno: Sábados ás 17:00 h  
Verán: Sábados ás 19:00 h

### GRAO DE UTILIZACIÓN

Todo o ano. O día de Santiago  
de Ermelo o 25 de xullo no que  
se celebra unha importante  
romaría campestre é cando a  
Igrexa recibe o maior número de  
visitantes.

A arquitectura da capela é sinxela, ten planta rectangular, cunha sacristía anexa á marxe dereita. Conta con tres contrafortes polo exterior. Na fachada principal podemos atopar a única porta que posúe; por riba desta, atopamos o oco da ventá metido na pedra en forma de visel, conta con dúas acróteras nos extremos do teito, con marcadas cornisas que nos conducen ata o campanario onde nos atopamos cunha pequena campá.

Na parte superior aparece a figura de Santiago Apóstolo tallado en pedra e no cumio do mosteiro unha cruz de pedra.

Podemos percatarnos da existencia dunha lápida xunto a sacristía na cal apreciamos unhas inscricións algo desgastadas, posiblemente dalgún monxe que viviu alí, aínda que queda aberta a hipótese de que fose de algún monxe que estando de visita morreu alí; anos máis tarde pasou a ser unha fosa común; isto foi recollido polo Padre Sarmiento na súa visita a este mosteiro que traduciu da seguinte maneira “Aparece Joanes Nucizi con Cristo reina coronado, rogade a Deus, suplicade con plegarias, perdonarlle as culpas, baixo o ceo cometidos no cal faleceu en día dez de setembro era 1140 Fernando Abarus”.

No seu interior atopamos o altar ó fondo, na parede é onde se atopan gravadas as inscricións das que o principio falabamos; tamén posúe dous sinxelos arcos que suxeitan a bóveda; así como diversas imaxes: Santiago Apóstolo (patrón), San Benito, Santa Ana, San Xoán, Santa Lucía, a Virxe Balbanera e San Xurxo xunto o dragón. Como pezas

de orfebrería destacamos un cáliz datado no ano 1819 e unha bandexiña do mesmo ano.

Como xa dixemos antes, o Pai Sarmiento realizou dúas viaxes a Galicia visitando este mosteiro o 3 de Setembro do ano 1745, parando a durmir aquí ata o día seguinte, recollendo diferentes apuntes sobre o mosteiro e os seus arredores.





Durante a súa longa estadía, este mosteiro tivo un amplo coto, que tiña en réxime de foros e que coa chegada da desamortización de Mendizábal, pasaría a outras mans. Era coñecido co nome de coto de “Hermelo”, e estaba delimitado por unhas características señas:



HLO

+

Comenzaba este no alto da Portela, seguía por Niño do Corvo, Pouso das Cruces, Pedra Gallada, Monte Espiñeiro, Monte Blanco, Cruz de Foxonabla, Monte Fontañña, Campos de Coteleiro e posiblemente chegara ata Meiro.

A mediados do século XIX, dábase conta ás autoridades eclesiásticas, de que a casa prioral e os terreos que lle pertencían encontrábanse nunha notable decadencia e deterioro. A contestación foi que os terreos fosen arrendados, non aparecendo ningún arrendador, polo que o seu deterioro foi total.

#### CURIOSIDADE

Conta a lenda que: “o pai Sarmiento, na súa visita ,pasou toda a noite intentando descifrar as inscricións en latín da sacristía, cun pau, xa que ao non haber luz eléctrica, non podía ler con claridade o que alí poñía”.

#### POSIBLES MELLORAS

Bó estado de conservación.



## DESCRICIÓN

Esta pequena capela, foi fundada no ano 1686 por Fernando de la Rúa y Freire, nas inmediacións do Pazo de Castrelo e hai constancia de que no ano 1737 xa se celebraban nela 24 misas rezadas e 2 cantadas, unha o 6 de xaneiro e outra o día da Ascensión do Señor.

De comezos do século XIX (1827), chégannos referencias documentais do propietario da Capela e Señor do Pazo de Santa Cruz, nesas datas D. Pedro Pimentel de la Rúa y Aldao, que obriga ao párroco a celebrar unha misa con “parva” (chocolate, viño e pan) o día de Reis; e o día da Ascensión, unha misa cantada. Esta “parva” ou tentempé que engana a fame, era unha especie de agasallo que facía o señor aos menos favorecidos, para “gañar” dalgunha maneira fama de bondadoso, ou para alcanzar o ceo realizando algunha boa obra.

De aí, chega ata os nosos días, o costume de celebrar o día de Reis cunha Romaría, onde se ofrece chocolate, viño, rosca e torta a todos os que acoden á misa na capela de Santos Reis.

Segundo datos recabados dos arquivos, temos constancia da beleza da antiga capela, aínda que non se coñece o seu deseño arquitectónico. Nos apuntes recollidos fálase de gran cantidade de figuras pétreas tanto na capela como nas inmediacións.

# CAPELA DOS SANTOS REIS

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de Bueu, lugar O Valado

ACCESO  
Sen sinalización de ningún tipo, non hai zona de aparcadoiro, accédese a ela a pé deixando os vehículos nos arredores da igrexa de Bueu. Hai uns camiños sen sinalizar, na zona, que permitirían o acceso, evitando parte da estrada Portela-Carrasqueira (PO 1303). Esta, é bastante perigosa, xa que non ten apenas beiravía, nin beirarrúas

PROPIEDAD  
Público

HORARIO  
Pódese entrar na capela o día de Reis (6 de xaneiro) e o día da Ascensión do Señor, que se celebra corenta días despois do Domingo de Pascua

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Só se usa os días da romaría






A Capela derrubouse ate os seus cimentos fai máis dun século. A finais do século XIX os propietarios, D. Meliton Pimentel recolleu no solar varias figuras que ordenou colocar no Pazo de Santa Cruz, sendo algunhas delas as famosas figuras dos músicos con saias tipo escocesas que se atopan no púlpito exterior da Capela de Santa Cruz.

Asimesmo, algunhas casas de Bueu aproveitaron parte da pedras da Capela derrubada, por exemplo, a casa nº 61 da Avda. Montero Ríos. Algunhas figuras a día de hoxe sábese que se atopan en domicilios particulares, entre elas as figuras de dous dos tres Reis Magos que daban nome á Capela.

A mediados do século XIX, sendo alcalde de Bueu D. José María Massó, tomouse a decisión de reconstruir a capela, encargando os bocetos da mesma ó pintor Urbano Lugrís. O seu enclave actual non é exactamente o que tiña antigamente. As obras quedan rematadas no ano 1953, cun acto no que é bendecida e aberta ao público. No seu interior destaca unha talla de madeira que representaba ós tres Reis Magos, un retábulo de madeira de tres corpos (un central e dous laterais) que contiña cinco cadros de Urbano Lugrís, un grande no corpo central e dous dispostos verticalmente en cada un dos corpos laterais.



Na década dos setenta aconteceu o derrube do teito e do retábulo da capela debido ó estado de abandono do inmobile. Na década dos oitenta procédese a súa restauración substituindo a madeira do teito polo formigón.

É unha pequena Capela de planta cuadrangular e tellado a catro augas. Na fachada principal, un arco de medio punto sobresa e a modo de pórtico coroado por un crismón cunha cruz aspada no seu centro. Este arco, está decorado con motivos mariñeiros, destacando a cuncha de vieira

na clave ou dovela central, e a cada lado dela, completan a decoración: un barco de vela, unha áncora de estilo almirantazgo, un peixe, unha gaivota, unha rosa dos ventos e unha balea.

A ámbolos dous lados da entrada, dúas fornelas acollen as figuras pétreas da Virxe e de San Xosé.

Nas dúas paredes laterais hai un total de catro contrafortes, que fan as veces de altares. En cada un deles atópase a figura dun evanxalista.

Os beirados, decorados con canecillos de motivos mariñeiros. Tres deles con roda de timón e áncoras, e o cuarto ocupábo a figura do rei Baltasar, actualmente desaparecida.

Para Lugrís, a capela en si mesma representa o altar, e o recinto ou igrexa é o contorno, a natureza, o val de Bueu ao fondo e as impresionantes vistas sobre a ría. Debido a isto, é un templo singular, pero, ademais hai que resaltar que só existen dous templos adicados aos Reis Magos, un na Catedral de Colonia (Alemaña), e outro na Capela dos Santos Reis en Bueu.

POSIBLES MELLORAS

Máis sinalización e indicacións de sobre como visitala.



San Lucas



San Marcos



San Mateo



San Juan



## DESCRICIÓN

Existen documentos da construción por Fernando de la Rúa, da capela de San Xosé no ano 1678, adosada ao templo antigo de San Martiño, na parede norte da sancristía. Baixo esta advocación celebrábanse misas nun edificio que hoxe xa non existe, situábase fronte o nº43 de Montero Ríos e que anteriormente fora adicado a almacenaxe de petrechos (cordas, redes, remos...) e atador de redes para pesca de "artes" e xeitos.

Na sesión do concello do 9 de maio de 1905 dáse conta do ofrecemento do Cardeal Arzobispo Xosé Martín de Herrera obrigándose a levantar un edificio e soste unha escola, con misa dominical.

Pasado un tempo pensouse habilitar o piso alto daquel edificio, doado pola familia Nores e Rúa, onde se deron misas ata agosto do ano 1956.

Anos antes, dábanse clases aos nenos, que comenzou o sacerdote Antonio Sueiro en agosto de 1913 e seguiron outros sacerdotes, sendo o último deles o Sr. Cancela (Xosé) cura en Bueu.

Na zona da Canceliña procedeuse a edificar en 1954 un novo edificio en terreos dados en boa parte por Carmen de la Rúa Catani pero na realidade esta capela fora proxectada para formar parte da barriada de vivendas construídas para os pescadores na zona da Banda do Río, pero

# CAPELA DE SAN XOSÉ

## CLASIFICACIÓN

Recurso histórico

## LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Bueu, lugar Bueu

## ACCESO

Rúa Pazos Fontenla, ao inicio da rúa, non está ben sinalizada

## PROPIEDAD

Público

## HORARIO

Misa os sábados ás 7 da tarde e os domingos ás 10 da mañá

## GRAO DE UTILIZACIÓN

Alto





alí carecíase de terreo, e atoparíase moi preto da igrexa parroquial. Consegúuse edificala no lugar onde hoxe se atopa, aproveitando a doazón dos terreos. Foi inaugurada o 15 de agosto do ano 1956, bendicida polo párroco Anxo Rama Lestón.

Análise descritiva: templo de planta rectangular e unha única nave, con tellado a dúas augas. Na portada destaca un arco semicircular no que se abre unha porta. A ámbolos lados de ésta atópanse dúas ventás. Sobre o arco destacar unha fornela coa figura de San Xosé e sobre a mesma un tornachuvias suxeitado por seis canzorros. Por riba do tornachuvias comeza o remate do tellado, adornado con dous pináculos e, finalmente, unha espadana suxeitando unha campá e rematado todo o conxunto cunha cruz.

O interior do templo é dunha decoración moi sobria, conta con sete tallas e destacan de forma especial as vidreiras con escenas da Biblia que decoran as dúas ventás da fachada, dúas ventás máis, unha en cada lateral da nave, e mailas catro que adornan o altar, presidido pola figura de San Xosé, dúas no fronte e dúas aos laterais. Chama a atención o atril do altar en forma de áncora.

Nesta capela celébrase o domingo de Ramos, coa tradicional bendición das palmas e olivos, e a tradicional procesión.


O “Domingo de Ramos” mantén vivas aínda moitas tradicións. Os nenos poblan a procesión con palmas e olivos adornados con caramelos, que despois comen. Fai moitos anos, por esta data, cando os caramelos non estaban ó alcance de todos, os máis pequenos trataban de quitar os caramelos uns aos outros de forma furtiva.



Agora, a abundancia quítalle mérito a estas fazañas que delataban aos máis vivos, mesmo había quen camuflaba no papel de caramelo outro tipo de alimento con pésimo sabor, consciente de que a súa palma ía ser asaltada na procesión ou durante a misa.

#### POSIBLES MELLORAS

Mellorar a sinalización.





## CAPELA DE SAN ANTÓN DE PADUA

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de  
Cela, lugar As Castiñáns

ACCESO  
Partindo de Bueu en dirección  
a Marín, pola estrada PO-551,  
tras percorrer 2 Km tomamos un  
desvío á dereita cara o lugar das  
Castiñáns

PROPIEDAD  
Privado

HORARIO  
Non é visitable

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Baixo

### DESCRICIÓN

Atópase anexa á Casa Granxa do Pracer.

Consta dunha pequena planta rectangular, de estilo barroco, que foi feita para uso particular dos seus donos fundadores, os señores de Aldao, propietarios da casa-pazo á cal a capela está anexa. Cómpre dicir que estes propietarios posuían outras edificacións nobres e terras en Arxentina e Colombia.

A construción da capela iniciouse no século XVII, pero parece ser que foi rematada no século posterior, concretamente no ano 1732, (faise constancia desta data no dintel da porta lateral). Posúe dúas fachadas visibles, unha a fachada principal, orientada cara o norte e outra, a fachada lateral, orientada cara o leste.

Na fachada principal sitúase a porta principal, comprendida dentro dun arco de medio punto. Por enriba da porta e metido nun oco, atópase a figura do santo titular, tallada en pedra, e, alzando un pouco máis a vista, obsérvase un pequeno escudo nobiliario, pertencente a familia Aldao. Por último, na parte superior da fachada, atópase unha pequena campá.

Na fachada lateral, xa máis preto da casa, atópase unha porta lateral, de sinxela estrutura, cun pequeno sobremarco. Pódese destacar tamén

a cornisa existente por debaixo do sobreteito, e máis as acróteras decoradas en pirámide e bóla existentes nos extremos de ambos sobreteitos da fachada principal.

No interior existe un pequeno altar; na parte superior central deste aparece a imaxe da Virxe das Neves, tallada íntegramente en pedra, a súa dereita atópase un San Antón tallado en madeira. Xa na parede lateral, pegado a este último santo aparece a imaxe de San Isidro Labrador cunha parella de bois; tamén nesta parede se apoia a pila de auga bendita. Xunto con estas imaxes, aparece Cristo crucificado e unha pequena imaxe dunha virxe, da cal descoñecemos o nome. Cómpre resaltar unha virxe de pedra que se sitúa na entrada que da á casa: nun peto único existente na parroquia, a Virxe do Portal (Virxe dos Remedios) a cal é sacada do seu peto no día que se lle adica unha misa pública.



Hai noticias de que existiu unha confraría a favor do Santo titular da capela nesta parroquia.

### CURIOSIDADE

Como anécdota curiosa, sinalamos o dato de que no século XVIII, estivo prohibido oír misa os domingos nela, pois ía en contra da igrexa parroquial, á cal deixaban de acudir fieis ó celebrarse misa nela. Claro quede que a prohibición era só para a xente allea á capela e non para os seus propietarios; ademais de coxos ou impedidos que non poideran acudir á igrexa principal.

### POSIBLES MELLORAS

Atópase en bó estado de conservación.



## DESCRICIÓN

Segundo algúns historiadores, a súa construción data do século XII á honra de San Mamed.

O primeiro en falar de San Mamede do Mar é o xograr Johan de Cangas, a través da lírica medieval galega conservada nos coñecidos como cancioneros galego-portugueses, porque estas terras e estes montes eran xa entón motivo de romarías e encontro das comunidades.

Cítase que no ano 518, San Mamed foi bispo en Palestina, veuse logo a Galicia e retirouse ao monte da diocese de Tui. Sepultáronno alí e no seu recordo edificouse a ermida, tamén se coñece o lugar onde se apareceu San Mamede, nunha fonte máis abaixo, e existe unha cruz (Cruz do Sanamedio) que marca o lugar onde se cre foi o sitio orixinario da ermida.

# ERMIDA E CONXUNTO DE SAN MAMED O MAMEDE (SANAMEDIO)

Adro, ermida, casa das novenas, cruceiro, fontes, lavadoiro, cruz do santo

## CLASIFICACIÓN

Recurso histórico

## LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Beluso, lugar Bon

## ACCESO

Bueu pola estrada PO-315, seguimos cara Beluso, ao chegar ao centro coller á esquerda hacia a aldea de Bon pola estrada cara o Polígono Industrial de Castiñeiras

## PROPIEDAD

Público

Titularidade: Igrexa

## HORARIO

O conxunto no ten horario, pero a capela depende dos horarios das misas

## GRAO DE UTILIZACIÓN

Alto



Cruz de Sanamedio, situada no camiño, que dende a estrada xeral de Aldán sobe ata Forqueiros pasando pola Morea. A uns 100 metros da estrada xeral, subindo á dereita hai unha entrada que vai a unha eira, hoxe comunal; alí está recostada contra unha parede dun alpendre.

A ermida é de planta rectangular e tellado a dúas augas. Posúe un contraforte exterior no paso da nave, a ábsida e espadana a xeito de campanario, ocupa uns 70 m cadrados; ten sancristía e altar de estilo churrigueresco, con tres imaxes: unha de San Mamede, que recolle coa man os intestinos (que así foi o seu martirio); outra de San Cayetano, e a outra que semella unha virxe ou unha mártir. Fonte, data do ano 1721, de traza barroca, coroada por unha cruz gótica, á que se accede por unha escaleira descendente; nela hai unha inscrición na que aparece no frontispicio da fonte “ HIZOME D ALFATON-VALCARCE A SV COSTA SIENDO ROR DESTA FLSA. AÑO DE 1728”.

O cruceiro data de 1791, consta de plataforma cadrada, de 3 chanzos, base cuadrangular e lixeiramente moldeada, fuste cilíndrico e liso, coroado por unha cruz cuadrangular lisa sen imaxes.



O adro, co seu circundado, son da mesma época e mide dezaseis áreas.

Nesta paraxe poboada cunha antiga carballeira, celébrase todos os anos a renombrada romaría de Sanamedio, o día 7 de agosto, á cal concorren moitos romeros de todas as comarcas do Morrazo (porque antigamente este santo estilaba recibir doazóns en especie que logo eran vendidas na Casa das Novenas ou Poxas). Tamén a carón desta ermida, dende 1998 celébrase cada 17 de maio o Día das Letras Galegas.

Lavadoiro situado na esplanada que hai diante da ermida. De pequeno tamaño, ten unhas fermosas vistas da ría.

#### CURIOSIDADE

No camiño que vai dende a ermida ata a Cruz do Santo podémonos atopar cunha gran variedade de hórreos (arquitectura popular galega) ao chegar á cruz podemos mirar un grupo de casas antigas (Casas Vellas) ademais dun hórreo de 10 pes, e a poucos metros a fonte que leva o seu nome (fonte de Sanamedio), ademais de poder disfrutar dunhas fermosas vistas.

#### POSIBLES MELLORAS

Poderíase poñer un cartel informativo localizando nun plano o lugar onde se apareceu o santo e máis os recursos que forman o conxunto, e contando a súa lenda.



## ERMIDA DE SAN XOAQUÍN E CEMITERIO

#### CLASIFICACIÓN

Recurso histórico

#### LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Beluso, lugar Canexol (Illa de Ons)

#### ACCESO

En barco dende o peirao de Bueu, Portonovo e Sanxenxo

#### PROPIEDAD

Público

Titularidade: Igrexa

#### HORARIO

Descoñecido

#### GRAO DE UTILIZACIÓN

Baixo



#### DESCRICIÓN

A Ermita de San Xoaquín é pequena e sinxela. Arredor dela sitúase o cemiterio da Illa e o muro recente que protexe todo o conxunto. A campá desapareceu hai anos e os actos relixiosos concluíron en 1969. No interior existe unha pía de pedra encastrada e outra de mármore independente, máis non se aprecian imaxes debido a un incendio sufrido nos anos 70.



# ERMIDA DE SAN LOURENZO

## DESCRICIÓN

A ermida constaba dunha sinxela planta rectangular, construída en pedra granítica. Estaba rodeada por un extenso muro de pedra, que limitaba o adro, arredor do cal se situaba unha extensa carballeira, na que aínda hoxe se pode apreciar un pequeno oco reducido e xa algo afastado da ermida, cuns carballos centenarios. Preto do espazo relixioso, atópase aínda unha fonte, a fonte de S. Lourenzo, á cal se lle atribúen poderes curativos no día do santo.

O santo titular da capela e máis o cáliz atópanse na igrexa parroquial de Cela. O santo, S. Lourenzo, atópase exposto nunha das paredes da igrexa, dun metro aproximadamente de altura cunha túnica vermella e a grella na man. Cómpre dicir que esta é o S. Lourenzo moderno, xa que o propio da ermida está gardado na sancristía, xa que foi retirado polo seu deterioro.

Non se coñece con exactitude a data da súa construción, máis as primeiras noticias que existen, pertencen ó século XVII. Recentemente apareceron entre as ruínas varias pedras, o parecer dun dos arcos, nas que se proclama o seguinte: “Esta capela fíxose sendo rector Don Baltasar González de Parga no ano 1689”. Posiblemente sería unha reforma importante, xa que aparecen citas de datas anteriores no libro da Fábrica da igrexa parroquial de Cela na que fan referencia a esta ermida, polo que é posible que incluso sexa de construción anterior a este século.

Esta ermida tivo unha vida bastante corrupta, xa que ó longo da súa historia foron moitas as épocas nas que se atopaba en abandono dos seus fieis, que eran os que a mantiñan. Proba disto recóllese no citado Libro da Fábrica, no que aparecen referencias sobre o seu estado, e nas que se ameazaba con restaurala ou senón sería demoída e no seu lugar poríase un cruceiro. A pesar destas ameazas a ermida seguiu no seu estado, con pequenos arranxos ata o seu derrubamento, case total.

## CLASIFICACIÓN

Recurso histórico

## LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Cela, lugar Alto da Carballosa

## ACCESO

Entre os límites das parroquias de Sta. M<sup>a</sup> de Cela e Ardán (Marín), accédese dende a zona de lecer de Chans en Cela

## PROPIEDAD

Público

## HORARIO

Descoñecido

## GRAO DE UTILIZACIÓN

Nulo

A raíz da creación dos concellos de Marín e Bueu, ano 1832, naceu unha gran polémica pola pertenza da ermida a unha das dúas feligresías xa citadas (Cela e Ardán), xa que a ermida era atravesada polos lindes; isto levou a un enfrentamento entre os veciños das dúas parroquias e contribuíu o seu derrubamento.

Os montes nos cales se atopaba a capela foron declarados montes comunais, o que axudou máis a loita entre os veciños, que se expandeu durante o século pasado e principios deste. Como xa dixemos, o santo titular da capela atópase na igrexa parroquial de Cela, proba que confirma certa hipótese dun acordo no que a capela pertencería a Cela e os terreos á veciña parroquia de Ardán.

Recentemente, nun estudo realizado polo doutor en filosofía e ciencias da educación, Don Manuel Rioboó, amplíase a hipótese da pertenza histórica da capela á parroquia de Cela, xa que nun documento titulado “Memorias del Arzobispado de Santiago del Cardenal Jerónimo de Mayo” do ano 1607, no que se fai un inventario de igrexas, ermidas e capelas pertencentes ó Arzobispado de Santiago e aparece a ermida de S. Lourenzo como pertencente á parroquia de Cela.

Actualmente, no lugar das ruínas, pódese apreciar a desaparición de moitas pedras que pertencían á capela supostamente roubadas polos veciños de Ardán en desconformidade co trato. As pedras foron empregadas para facer calzadas e lareiras. Tamén existen noticias da tentativa de roubar o santo que se atopaba na igrexa de Cela e levalo para a igrexa de Ardán.

Hai testemuñas de persoas que aínda hoxe lembran os enfrontamentos que tiveron e citan o seguinte dito: “Deus

castigou ós ladróns condenados ás desgracias familiares, mentras non devolvesen as pedras o seu lugar”.

Hoxe en día as disputas pola pertenza da capela non existen, xa que foron erradicadas polas desgracias sucedidas na parroquia veciña, atribuídas ós roubos cometidos. Froito desta erradicación nace unha irmandade entre as dúas parroquias que se fixo a través da Festa da Xuventude, nas tradicionais “vivas” celebradas entre ámbalas dúas parroquias tódolos anos, costume que en Cela estase a perder; pero pódese dicir que segue a polémica polos lindes entre as dúas parroquias e polo tanto tamén entre os concellos de Bueu e Marín.

Pouco se sabe da antiga romaxe que se celebraba o 10 de agosto, día de S. Lourenzo, pero si se coñece que a ela acudían xentes de todo o Morrazo en busca da auga da fonte que se lle atribuían poderes especiais para curar as varices, verrugas e outras enfermidades da pel. Tamén se celebraba unha misa na honra do santo, que era acompañada duns gaiteiros e dunha comida campestre.

## CURIOSIDADE

Cantiga referida a esta capela:

*Querían a S. Lourenzo  
os borrallentos de Ardán,  
querían a S. Lourenzo  
pero os de Cela non llo dan*

*Querían a S. Lourenzo  
os borrallentos de Ardán  
querían a S. Lourenzo  
co carallo na man.*

## POSIBLES MELLORAS

Acondicionamento do sendeiro e sinalización.



Calvario, Cruceiros,  
Cruces e Petos de  
ánimas





## CALVARIO DO ADRO DA IGREXA DE BUEU

### CLASIFICACIÓN

Recurso cultural, declarado monumento B.I.C. polo decreto 571/1963 do 14/03, publicado no BOE do 30/03/1963

### LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Bueu, lugar O Valado (Rúa Ramón Bares)

### ACCESO

Próximo ao núcleo de poboación, no adro da Igrexa de San Martiño de Bueu, con zona de aparcadoiro

### PROPIEDAD

Público  
Titularidade: Igrexa

### HORARIO

Sen horario

### GRAO DE UTILIZACIÓN

Descoñecido

### DESCRICIÓN

Situado no adro da igrexa de San Martiño. Esta localización non é a orixinal, pois o seu benefactor, Fernando de la Rúa y Freire, rector inquisidor de Bueu e señor do Pazo de Santa Cruz mandouno construír en 1686 formando parte do adro e conxunto monumental da primitiva capela de "Os Santos Reis" sita no Valado nas inmediacións do Pazo de Castrelo ou Casa de la Cueva.

É unha composición en pedra que lembra a crucifixión de Cristo no monte do Calvario, acompañado a ámbolos dous lados polos dous ladróns aos que se fai referencia nas Escrituras (Dimas e Xestas). Os tres cruceiros contan con fuste ou varal viselado, de catro caras con imitación de escamas nas arestas.

O cruceiro onde figura a imaxe de Cristo, situado no centro, ten unha altura superior respecto dos outros dous. A súa base, está decorada por unha caveira, e o capitel con motivos de caras de anxos e volutas. Cristo aparece cos ollos pechados, a cabeza inclinada cara á dereita e os tres cravos, segundo a tradición posterior ao Concilio de Trento.

Mentres, os ladróns presentan máis dunha diferenza, Dimas e Xestas aparecen cos seus brazos atados con cordas á cruz e un cravo en cada un dos seus pés. Dimas parece estar arrepenido pois dirixe a súa mirada a Xesús e o capitel que o sostén aparece representado

cunha figura dun querubín, Xestas, nembargantes, non mostra arrepentimento, xa que ten a cara inclinada cara ao ombreiro esquerdo evitando a mirada de Cristo, ademais disto pódese observar que o capitel está decorado cun demo.

Este conxunto de tres cruceiros é, xunto co de Beade, un dos máis relevantes do país. Esta última estación do vía crucis destaca pola utilización de cruces latinas tanto para


Xesús como para os ladróns, á diferenza da forma en tau que adoitan amosar para estes personaxes os calvarios galegos.

Actualmente atópase en perfecto estado de conservación.

### POSIBLES MELLORAS

Falta sinalizar a súa ubicación.


Dimas



Xesús Cristo



Xestas





## CRUCEIRO DA IGREXA DE SAN MARTIÑO DE BUEU

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia  
de Bueu, lugar O Valado

ACCESO  
No adro da Igrexa de San Martiño  
de Bueu

PROPIEDAD  
Público

HORARIO  
Sen horario

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Alto

### DESCRICIÓN

Este fermoso cruceiro está situado no lado Sur do adro da Igrexa de Bueu.

Descrición do cruceiro:

Pedestal liso, sen relevos nin chafláns, sobre plataforma de dous chanzos. Ten adosada unha mesa ou pousadoiro.

No mastro octogonal, hai relevos con motivos da Paixón: martelo, tenaces, escada, cravos, látego e coroa de espiños.

O Capitel, con trazos representando follas de fento, remata nunha plataforma que ten tres caras de anxo e no frontal unha caveira cun óso.

A cruz, latina octogonal, remata nos seus brazos cuns motivos florais con picos. Na súa cara leste, tiña unha imaxe de Xesús, espido e con pano púdico, o corpo inclinado cara adiante, os cravos moi marcados coas mans medio pechadas e o pé dereito por riba do esquerdo. (O cristo caeu e rompeuse, está no almacén da sancristía na Igrexa de Bueu)

No lado dereito da figura, un anxo recolle nun cáliz o sangue que cae da ferida de cristo.



Na cara oeste, está a figura da Virxe das Dores cos sete puñais no peito.

No fuste, ten unhas inscricións nas que se le o ano de 1850, e, no frontal da mesa, o pousadoiro tamén ten inscricións pero son ilexibles.

### POSIBLES MELLORAS

Deberíase mandar facer unha copia do cristo ou reparar o que está roto.





## CRUCEIRO DO ENLEITO

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia  
de Bueu, lugar O Enleito

ACCESO  
Zona urbanizada preto da Igrexa  
de San Martiño, atópase nun  
desvío a man dereita ao final do  
lugar da Ramorta antes do cruce  
que leva á igrexa parroquial.  
Soamente hai unha placa co nome  
da zona

PROPIEDAD  
Público

HORARIO  
Sen horario definido

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Alto

### DESCRICIÓN

Penúltimo cruceiro do vía crucis que, partindo do Pazo de Santa Cruz, remataba na Igrexa de San Martiño.

Plataforma de 2 chanzos de perpiaño, base recente (a antiga base consérvase ao carón do cruceiro) de forma cúbica cunha inscrición do ano 1751, ano no que foi construído.

Fuste hexagonal coa parte inferior un pouco máis ancha e de forma cadrada, o capitel é circular totalmente decorado con motivos vexetais, labras de cuncha de vieira e imaxes superpostas dun peregrino.

A cruz “flordelisada” está rematada coa figura de Cristo sobre unha caveira, co pé dereito sobre o esquerdo e a cabeza inclinada á dereita.

Atópase en perfecto estado de conservación pois foi restaurado.



### DESCRICIÓN

Este cruceiro foi trasladado do seu emprazamento orixinario, a causa das obras de urbanización do lugar. Tradicionalmente, asentábase nunha encrucillada de camiños que ían de Bueu a Aldán e Cangas. O motivo da súa construción foi o de calmar o ánimo das xentes que circulaban por estes lugares despoboados, aínda que outra versión apunta que a intención era cristianizar un lugar pagano, pois moi preto de alí atopábanse dous lugares de enterramento (antigas mámoas, das que xa non quedan restos).

Sobre unha plataforma cuadrangular de tres chanzos, o pedestal cúbico soporta un varal ou fuste cuadrangular, espiñoso e con aristas mortas. O capitel, combina as volutas dos vértices con figuras de anxos no centro de cada lado.

A cruz latina é cuadrangular, ten por unha cara a imaxe de cristo, cun pano púdico e a cabeza erguida e inclinada cara o ombreiro dereito, as mans pechadas e o pé dereito cubrindo o esquerdo. A coroa de espiñas está pouco resaltada.

Na outra cara, está a imaxe da Virxe pousada nunha peana, coa cara dun anxo, en actitude de rezo, cruzando as mans sobre o seu peito. Un cingulo ata as súas roupas.

Segundo a inscrición da súa base, este cruceiro mandouno construír como obra piadosa testamental o capitán José Juan de la Rúa Aldao, que finou o 14 de setembro de 1700.

Colocado sobre unha base de mampostería recente.

O varal ou fuste, non é antigo, rompeu e foi substituído nalgún intre.

Sinalar que o lugar onde se ubica este cruceiro foi durante a guerra civil usado coma zona de fusilamento.



## CRUCEIRO DE MOROUSOS

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de Bueu, lugar Polígono industrial de Castiñeiras

ACCESO  
Saíndo de Bueu en dirección ó Polígono Industrial Castiñeiras, ao lado do Tanatorio Municipal de Bueu

PROPIEDAD  
Público

HORARIO  
Sen horario

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Aínda hoxe en día os veciños achéganse para colocar ofrendas de velas e flores

## CRUCEIRO DA RÚA NOVA

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de Beluso, lugar Rúa Nova

ACCESO  
Dende Bueu pola estrada PO-315, seguimos cara Beluso. Ao chegar ao centro coller a esquerda hacia a aldea de Bon, atopámolo a poucos metros

PROPIEDAD  
Público

HORARIO  
Sen horario definido

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Alto



### DESCRICIÓN

A plataforma é de tres chanzos cadrados.

Con pedestal cúbico e liso.

Varal cuadrangular e espiñoso. Non ten enfeites.

O capitel, iníciase como tronco de cono invertido e remata de xeito cuadrangular con caras cóncavas con volutas e anxos en tres caras. Na cara posterior, non ten imaxe, a cruz ten no capitel unha caveira con ósos cruzados.

A cruz é cuadrangular e espiñosa. Na cara leste ten a imaxe de Xesús crucificado, nú con pano, cabeza con coroa de espiños, ergueita mirando ó fronte; mans con dedos semipechados; pé dereito sobre o esquerdo.

INRI no cabezal. Tres cravos moi marcados.

É unha talla moi sinxela ben proporcionada, facendo corpo coa cruz, só ten ocos na dobrez dos xeonllos.

Ten inscrición no pedestal, nas caras leste e norte, onde indica que este cruceiro mandouno facer, pola súa devoción, no ano 1689 o abade-rector da freguesía de Beluso D. Benito de Mondragón.

### POSIBLES MELLORAS

Atópase en bó estado de conservación.



### DESCRICIÓN

Sobre unha plataforma cadrada, de dous chanzos, aséntase un pedestal cuadrangular cun alto rebaixo. Ten mesa.

O varal é cilíndrico liso e sen enfeites.

Capitel, cuadrangular, en dous corpos.

A cruz, octogonal, rematando os brazos cadrados con riscos, facendo unha flor e un rebaixo, para ir agrandándose cara o capitel con remate de ábaco cadrado. Na cara leste un cristo crucificado, nú con pano, cabeza ergueita e ladeada á dereita; dedos das mans pechados. O pé dereito sobre o esquerdo. Figura do cristo desproporcionada xa que ten as pernas moi pequenas. Ten INRI no cabezal. Ten pegada da ferida no costado dereito. E na cara leste, imaxe da Piedade, sentada nun poio cadrado, con Xesús no colo, sosténlle a cabeza cunha man e coa outra suxeitalle unha man.

Na cara sur do pedestal hai unha inscrición de 1971.

### POSIBLES MELLORAS

Atópase en bó estado de conservación.

## CRUCEIRO DA ROSA

### CLASIFICACIÓN

Recurso histórico

### LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Beluso, lugar A Rosa

### ACCESO

Dende Bueu pola estrada PO-315 ata Beluso. Ao chegar ó centro coller a estrada que sinaliza Cabo Udra (desvío á dereita), situado a 50 m antes da igrexa parroquial Santa María de Beluso

### PROPIEDAD


Público

### HORARIO

Sen horario definido

### GRAO DE UTILIZACIÓN

Alto





## CRUCEIRO DA IGREXA DE CELA I

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia  
de Cella, lugar Igrexario

ACCESO  
Partindo de Bueu en dirección  
a Marín, pola estrada PO-551,  
tras percorrer 1 Km tomamos un  
desvío á dereita (sinalizado), e  
ascendemos 1 Km pola estrada  
PO-1304 e atopamos a igrexa ó  
marxe dereito da estrada en cuxo  
recinto se atopa o cruceiro

PROPIEDAD  
Público

HORARIO  
Sen horario definido

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Alto

### DESCRICIÓN

Este cruceiro ergueuse no mes de decembro, de 1987.

Non posúe plataforma, xa que está sentado sobre as lousas do adro.

Base cúbica con aristas mortas. O varal ou fuste, con arrinque cadrado, é octagonal.

Capitel cilíndrico decorado con follas de acanto; do medio destas follas arrincan catro volutas e sobre elas un ábaco de caras curvas concas que teñen, no medio unha flor.

Na cruz latina cilíndrica con tronco nodoso, lese INRI; cara á igrexa ten a Xesús crucificado, nú con pano púdico, coroa de espiños, barba e bigote; ten cravos, mans semipechadas, pé dereito sobre o esquerdo, corpo pendurado dos brazos, cabeza ergueita e boca lixeiramente aberta. No reverso carece de iconografía.

### POSIBLES MELLORAS

Atópase en bó estado de conservación.





#### DESCRICIÓN

É un cruceiro pequeno, case que é unha cruz. O muro sêrvelle de plataforma; ten mesa de pedra.

A base é cuadrangular, do que sae un fuste octogonal, hoxe en día moi redondeado, case que cilíndrico .

Con capitel cuadrangular inxerido na mesma base.

A cruz, cuadrangular, lisa e sen imaxes.

#### POSIBLES MELLORAS

Atópase en bó estado de conservación.

## CRUCEIRO DA IGREXA DE CELA II

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de  
Cela, lugar Igrexario

ACCESO  
Partindo de Bueu en dirección  
a Marín, pola estrada PO-551,  
tras percorrer 1 Km tomamos  
un desvío á dereita (sinalizado),  
ascendemos 1 Km pola estrada  
PO-1304 e atopamos a igrexa  
ó marxe dereito da estrada en  
cuxo recinto se atopa o cruceiro

PROPIEDAD  
Público

HORARIO  
Sen horario

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Alto

## CRUZ DO CARBALLAL

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia  
de Cela, lugar O Carballal

ACCESO  
Partindo de Bueu en dirección  
a Marín, pola estrada PO-551,  
tras percorrer 2 Km tomamos un  
desvío á dereita cara o lugar do  
Torrón

PROPIEDAD  
Público

HORARIO  
Sen horario definido

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Baixo



#### DESCRICIÓN

Con plataforma de formigón, feita no último traslado. Ten base cúbica. Cruz octogonal cos remates cadrados, formada en dous corpos e cabezal.

Anteriormente estivo nunha encrucillada un pouco máis abaixo da ubicación actual. Posúe mesa.

#### POSIBLES MELLORAS

Atópase en bó estado de conservación.



## CRUCEIRO DE MONTEMOGOS

### SITUACIÓN

Nunha finca particular, metido nun muro, á beira do camiño de Montemogos.

### DESCRICIÓN

A plataforma non se aprecia. O pedestal está metido nun muro e forma parte deste. O varal cilíndrico e rematado en cúbico. O capitel cuadrangular pouco groso.

A cruz grega octogonal, moi redondeada, cos remates dos brazos e a cabeza cadradas con riscos que fenden os lados ao medio, iniciando unha flor. Na cara sur un Xesús nú e con pano púdico. Mans abertas case que sen marca-los dedos. Os pés, igualmente, sen talla. Na cara norte a Virxe das Dores con sete puñais cravados.

## CRUCEIRO DE CORNIDE

### SITUACIÓN

Chantado nunha finca particular na paraxe de Cornide, entre as praias de Tuia e Mourisca.

### DESCRICIÓN

A plataforma-pedestal está formada por unha grande “cachola” ou pedra erosionada.

Varal cuadrangular, coas aristas biseladas a todo o longo excepto polos extremos.

O capitel iníciase como invertido con relevos florais e remata de forma cuadrangular.

A cruz latina cuadrangular. Por un lado, a imaxe de Xesús e, polo outro, a virxe que ten como base unha nube.

## OUTROS CRUCEIROS DE BELUSO

## CRUCEIRO DE AREA DE BON

### SITUACIÓN

Está situado nunha casa de verán, na estrada que accede á punta leste da praia de Area de Bon.

### DESCRICIÓN

Carece de plataforma e o pedestal é un penedo natural.

Varal octogonal con arrinque e remate cúbico.

O capitel é cúbico tendo en cada cara unha táboa con catro follas e un rosetón no medio.

A cruz é cuadrangular, lisa e sen imaxes.



## CRUCEIRO DE LAGOS

### SITUACIÓN

Na finca que baixando á praia de Lagos ten a familia Massó.

### DESCRICIÓN

O varal, cilíndrico espiñoso-nodoso, con nós moi traballados.

O capitel, tamén moi elaborado, cilíndrico con bonito toro acordado, do que arrinca unha coroa floral. Volutas e un ábaco cuadrangular, con recunchos mortos e moi arqueados, ós lados.

A cruz, latina e lisa. Por unha banda Xesús coa cabeza ergueita e ollos pechados; coas mans case pechadas e o pé dereito sobre o esquerdo. Polo outro lado, a Virxe, apoiada sobre a cabeza dun anxo, coas máns sobre o peito e os ollos pechados.

As imaxes son talladas coa cruz sen apenas ter ocos que as separen.

Ten inscricións:

No pedestal “SE HIZO ESTE CRISTO A DEVOCIÓN DE D. JOSE MARÍA MASSÓ SIENDO EL MONTEAGUDO”.

No chafrán do pedestal: “AÑO DE 1939”.

## CRUCEIRO DE FORQUEIROS

### SITUACIÓN

Na finca de Forqueiros que a familia Massó ten pouco máis arriba de Sanamedio, na estrada de Beluso á Portela.

### DESCRICIÓN

A plataforma, hexagonal de cinco chanzos.

O pedestal comeza cadrado para rematar nun prisma hexagonal.

Varal hexagonal liso.

O capitel presenta un plinto hexagonal seguido dun corte equino no que desenrola catro caras de ancos con follas de acanto. Despois dun curto tramo cúbico sobre o que se asenta un tronco de pirámide invertido, remata nun ábaco cadrado.

A cruz, latina cuadrangular con rebaixas nas aristas e os remates en uve. Na cara sur un Xesús crucificado, con coroa de espiños, nú con pano e coas mans pechadas; co pé dereito sobre o esquerdo, coas pernas abertas, cos xeonllos moi separados. Ten INRI no cabezal. Tres cravos. Na cara norte, a Virxe está axeonllada e polo lado esquerdo asómalle o zapato.

## CRUCEIRO DE OURIL

### SITUACIÓN

No patio da casa granxa de Ouril.

### DESCRICIÓN

A plataforma, octogonal de dous chanzos.

O pedestal é cúbico e liso con aristas biseladas na parte alta.

O varal arrinca cadrado ata unha altura de 65 cm. E de aí para arriba bisela as aristas, volvendo a rematar cuadrangular antes do sinxelo capitel cadrado, con ábaco agrandado e da mesma forma cadrada.

A cruz latina cuadrangular con INRI no cabezal. Na cara sur a figura de Xesús de escasa talla, sen ocos entre o corpo e a cruz; mans cós dedos pechados, e apenas se nota unha intención de cravo. Non ten coroa de espiños. A cara de Cristo, redondeada e sen expresión. Na cara norte a Virxe pregando coas mans xuntas no peito.



## CRUCEIRO DAS TOMADAS

### SITUACIÓN

Na paraxe “Das Tomadas”, entre Lagos e Acoradouro na finca propiedade da familia García-Eyo.

### DESCRICIÓN

A plataforma, cuadrangular de tres chanzos.

O pedestal é cúbico con aristas altas mortas.

O varal arrinca cuadrangular para modificarse en octogonal ata o seu remate.

Capitel, corintio, con follas de acanto e catro volutas cun querubín a cada lado. Ábaco con lados pronunciadamente cóncavos.

A cruz latina cuadrangular con aristas biseladas.

Ten INRI no cabezal cun cravo moi resaltado. Por un lado, a imaxe de Xesús coroada de espiños, coas mans semipechadas, cravos moi marcados, cabeza ergueita e un pouco caída sobre o ombro dereito, cun só cravo. A imaxe, ben proporcionada, está separada da cruz. No reverso, unha reprodución da Virxe da Peregrina existente na igrexa do mesmo nome en Pontevedra. No varal, no lado onde está o Cristo, ten a imaxe sedente do Apóstolo Santiago semellante ó que preside o Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago.

Construída polo canteiro de Poio, Eladio Malvar Covelo.



## OUTROS CRUCEIROS DE BUEU

### CRUCEIRO CAPELA SAN XOSÉ

#### DESCRICIÓN

Sito na Rúa Pazos Fontenla, na “Escola Náutica”. Está no eirado da capela.

Na actualidade a plataforma está soterrada, pois ó facer a costa de acceso á capela fíxose un recheo de terras que tapou os chanzos. O seu pedestal é cúbico e liso do que arrinca un varal cadrado, que ós 45 cm segue con forma octogonal liso. O capitel, de estilo corintio, é cilíndrico, en tronco de cono invertido, con follas de acanto e motivos florais nas catro caras. A cruz latina cilíndrica lisa. Na cara norte, mirando á capela, a imaxe de Xesús crucificado coa cabeza erguida ladeada sobre o ombreiro dereito. Coroa de espiños. Mans cos dedos pechados. A talla do corpo de Xesús non é moi proporcionada, sen embargo a cabeza está moi ben feita, cunha expresión de viveza e ollos abertos. Na cara que mira ó sur presenta, apoiada nunha peana, a imaxe da Virxe do Carme con coroa de raíña e escapularios. Ten o neno no colo, que suxeita escapularios.

Este cruceiro, feito en 1957 polo canteiro Lino Monteagudo Fontán de Xeve, está asentado en terreos cedidos polo Concello de Bueu, ó Instituto Social da Mariña, para que se construíse a Capela e as instalacións da Escola de Pesca. Froito das agresións sufridas neste cruceiro son o esnaquizamento da cabeza do neno e o posterior roubo da imaxe do Cristo.

### CRUCEIRO BANDA DO RÍO

#### DESCRICIÓN

Sito na Rúa Pazos Fontenla á altura do número 93, na barriada de pescadores da Banda do Río.

Sobre un pedestal cúbico, o varal combina o plano cadrado da parte máis baixa co octogonal, seguido dun capitel de estilo corintio, de forma cónica con follas de acanto e volutas nos recantos. A cruz latina, cúbica, ten a maior parte das aristas biseladas. Nunha das súas caras, un Cristo con pano púdico, mans con dedos pechados e pé dereito sobre o esquerdo. Ten a cabeza con coroa de espiños ladeada á dereita.

Este é un exemplo dos cruceiros que se erguían como remate, ornato ou cristianización de poboados ou barriadas de nova fundación.



### CRUCEIRO FONTE DOS GALOS

#### DESCRICIÓN

Sito na Rúa Ramón Bares, no parque da Casa da Cultura.

Dunha base circular de dous chanzos arrinca un varal cúbico, coas aristas biseladas na súa maior parte, dándolle unha forma case octogonal. O capitel ten forma cilíndrica presentando, en relevo, a figura dun diaño. A cruz latina ten un esculpido similar ó varal (sobre unha forma cúbica bisélanse as aristas). Os brazos rematan en picos cunha semiesfera central.

Mandado facer polo sastre Juan García Carballo (1921) que tivo sastrería en nas Meáns. Nun principio este cruceiro tiña pousadoiro, utilizado como lugar de parada e oracións (resposos) nos enterros.




## CRUCEIROS DAS MEÁNS I

### DESCRICIÓN

Sitos no lugar das Meáns, trátase de dous cruceiros colocados nos muros de dúas casas particulares.

Deles só cabe destacar que as cruces son florenzadas e están dispostas sobre unha base no alto dun muro.



## CRUCEIROS DAS MEÁNS II

### DESCRICIÓN

No alto das Meáns, no cruce de camiños que vai ás Castiñáns.

Trátase dunha cruz latina, cuadrangular con aristas mortas. Remate cuadrangular con corte en catro pezas.



## CRUCEIRO NO MONTIÑO-MEIRO

### DESCRICIÓN

Sito no lugar de Meiro, trátase dunha cruz exposta nun muro particular, non ten ningunha imaxe. Hai unha inscrición na base da cruz que amosa a data de construción pero está moi erosionada e non se distingue ben.



## CRUCEIRO NA PORTELA I

### DESCRICIÓN

Sito no lugar da Portela, no cruce que vai dar a Meiro. Trátase dun cruceiro moi antigo dunha soa peza na que non se ve que haxa plataforma xa que está colocado sobre unha laxe, consta de base e fuste octogonal. En canto ao capitel é de forma rectangular ornado con dous semicírculos nos extremos sen ningún tipo de labra. Remata o cruceiro cunha cruz potenziada sen imaxes.



## CRUCEIRO PAZO SANTA CRUZ

### DESCRICIÓN

Atópase este cruceiro no adro da capela de Santa Cruz, no alto da Carrasqueira, rematando o via crucis que subía polo Enleito. O camiño queda fartamente compensado polo conxunto pétreo co que nos atopamos (pazo, capela, figuras esculpidas, ... e o cruceiro) enriquecido pola fermosa vista que se goza dende esta paraxe.

Sobre unha plataforma cadrada, dun só chanzo, aséntase un pedestal cúbico adornado, nun dos seus lados, cunha grosa caveira con ósos cruzados, aparecendo lateralmente a inscrición: “Estas dieciseis cruses mando acer a su costa el comisario D Frndo de la Rúa que erabad d sta fra. Año d 1681”. Sobre o pedestal érguese un varal cuadrangular de tronco espiñoso-nudento e aristas redondeadas, culminado por un capitel cilíndrico ornamentado con rostros franqueados por volutas e ábaco de caras concas. A cruz, latina, continúa a forma de varal. Nun dos lados, Cristo presenta a cabeza ergueita e ladeada á dereita, cunha expresión doce. As mans, abertas, acollen e amosan os cravos. Talla en relevo sobre a cruz, sen ocos entre ela e o corpo do Cristo. Ten INRI no cabezal.

Dedúcese da inscrición do pedestal, xa citada, que un via crucis fundado por D. Fernando de la Rúa no século XVII remataba neste cruceiro.



## CRUCEIRO CEMITERIO MUNICIPAL

### DESCRICIÓN

Situado no corredor central do cemiterio municipal de Bueu e á cabeceira da tumba do que fora cura de Bueu D. Anxo Rama Lestón.

De plataforma cadrada dun só chanzo e pedestal cúbico, con gorxa fonda no medio para seguir en xeito piramidal truncado. O varal, cun tramo de aristas biseladas ten, na súa cara frontal, un peregrino sostido por unha peana con forma de cuncha de vieira. Capitel cadrado con volutas e anxos en cada cara.

A cruz, latina cadrada sen enfeites, ten dúas imaxes, polo leste a Xesús coa coroa de espiños, mans pechadas, cabeza caída para diante e pé dereito sobre o esquerdo; polo oeste, unha imaxe da Piedade onde o fillo, Xesús ten a cabeza caída cara atrás e o brazo dereito pendúralle inerte.



## CRUCEIRO NA PORTELA II

### DESCRICIÓN

Sito no lugar da Portela na entrada a unha casa particular, trátase dun cruceiro sen plataforma nin base, que parece que foi recentemente trasladado aí polas marcas de cemento. Consta de fuste octogonal pero casi non se aprecia xa que está moi erosionado, o seu capitel ten forma de plataforma cuadrangular para dar paso a unha cruz florenzada sen imaxes.



## CRUCEIRO DE XEXIDE

### DESCRICIÓN

Atópase no lugar de Xexide, á beira do camiño real que vai a Meiro.

Carecendo de plataforma, ten pedestal cilíndrico que está soterrado. O varal é cilíndrico que remata nun cubo que lle fai de capitel. A cruz, sen imaxe, arrinca cadrada e segue octogonal.

No ano 1998, ó facer a estrada a Xexide, foi desprazado do sitio e chantado ó outro lado do camiño (e tamén se endereitou a Cruz). Antigamente o Cristo de Xexide era o punto de reunión dos veciños.



## CRUCEIRO DA GRAÑA

### DESCRICIÓN

Localízase este cruceiro na pequena praza que hai na Graña na encrucillada cos camiños que se desvían á Cividade e á Cacela.

Sobre un pedestal cúbico, o varal iníciase cadrado para, xa con certa altura, moldear os seus vértices, convertíndoo en octogonal, seguido dun capitel, cadrado, cunha faixa central rebaixada. A cruz agora é latina con aristas biseladas, xa que antes tiña unha grega cun corte romboidal, con remates en picos. Non ten imaxes nin datas.

Este cruceiro foi trasladado do seu emprazamento primixenio, no medio do camiño. As testemuñas notariais do século XVII sinalan a este cruceiro e á praza que o rodea, como lugar de asamblea parroquial, onde os cabezas de familia se reunían para debatir os problemas civís que lles afectaban en canto á parroquia.



## CRUCEIRO DE TRASOUTO DE ABAIXO

### DESCRICIÓN

Atópase no muro dunha finca do lugar de Trasouto, preto da estrada a Cangas.

Con pedestal cúbico e varal octogonal liso rematado. Carece de capitel. A cruz latina cadrada con cantos biselados. No centro da cruz presenta unha superficie cadrada.



## CRUCEIRO DE PORTAS NO OUTEIRO

### DESCRICIÓN

Á beira da estrada que dende o Outeiro vai cara á Barraca. Atópase chantado nunha veiga, no lugar coñecido como Río de Portas.

O pedestal está soterrado. O varal é cuadrangular con aristas biseladas. Capitel cadrado en tronco de pirámide invertida. Con cruz latina, cadrada e simple, sen imaxe.

Ó longo dos brazos da cruz ten a inscrición: "JOZE PAZ" e no pé da cruz "C JC S".



## CRUCEIRO DA CASA NOVA EN MEIRO

### DESCRICIÓN

Atópase no cruce do camiño principal que atravesa Meiro de norte a sur co camiño que sobe á Lagarteira.

Ten pedestal cúbico e cruz cuadrangular con aristas mortas. Na actualidade, ó estar empotrada nun muro, tal como amosa a fotografía, dende o camiño só se mira a parte superior da cruz e na cara do pedestal que da ó camiño pode lerse a inscrición:

“Ano de 1827. Manuel P.”



## CRUCEIRO DO VIA CRUCIS NA RAMORTA DE ARRIBA

### DESCRICIÓN

Atópase no camiño que vai dende Sta. Cruz ata O Enleito. Actualmente só se conserva a columna e o capitel.



## CRUCEIRO DO NORTE

### DESCRICIÓN

Sito no lugar do Norte, á beira da estrada que sobe ó Outeiro, na encrucillada que dita estrada fai co camiño que vai da Cidade ás Means.

Ten o pedestal soterrado debido ó formigonamento do camiño, o seu fuste é octogonal, rematando nun capitel cadrado no mesmo varal.

A cruz latina é regular e lisa.



## CRUCEIRO DO COBERTOREIRO NA CACELA MEIRO

### DESCRICIÓN

Na aldea da Cacela, chantado nun monte á beira do Camiño Real.

O pedestal está soterrado. Cun varal rectangular con aristas mortas.



## CRUZ NO OUTEIRO

### DESCRICIÓN

No alto do Outeiro, no desvío da estrada cara Meiro. Coas obras da estrada do Outeiro, e máis tarde coas do Beloso e Chans, andou dun lado para outro.

Con pedestal cúbico. A cruz latina octogonal nunha soa peza.



## CRUZ DE AMBROSIO CARAVELO NA GRAÑA

### DESCRICIÓN

No camiño xeral da Graña á Cividade, na encrucillada co camiño que vai ás paraxes de Reis e Bacuriña.

Ten unha inscrición no seu pedestal que dí:

“AÑO DE 1695 AMBROSIO CARAVELLOS”

A data presenta dudas de lectura, pois estaba pouco marcada e ó pintala deformaron a interpretación dos signos. Na actualidade ten pintada 1295.



## CRUZ NA GRAÑA

### DESCRICIÓN

Atópase na encrucillada que fai o camiño que dende a Graña vai ata a ponte de Trasouto, na desviación que sobe a Meiro.

Carece de plataforma, está chantado nun penedo natural que fai de pedestal. A cruz é octogonal e lisa, no remate do pé está posto o corpo formado polos brazos da cruz e o cabezal. A cruz pertence ás que a Confraría Parroquial de Ánimas ía chantando polas encrucilladas que eran paso obrigado no percorrido dos cadaleitos cara o cemiterio.



## CRUZ NA CIVIDADE

### DESCRICIÓN

Na aldea da Cividade, na encrucillada que fai o camiño principal que sobe a Xexide.

Trátase dunha cruz sen imaxe coas aristas biseladas e un pedestal prismático pousado nun muro.





## DESCRICIÓN

A súa construción foi deseñada para albergar un faro ou luminario, xa que podemos apreciar canles nos seus brazos. O deseño orixinal foi feito no salón de plenos da Casa Consistorial, apartando tódalas mesas e cadeiras para poder marcalo cun xiz no chan do mesmo. Posteriormente traspasouse o debuxo a cartón de onde se sacaron os patróns para a súa construción. Foi mandada facer no ano 1950 ó canteiro Cesáreo Sanmartín por José María Massó García.

Foi bendecida polo cardeal Fernando Quiroga Palacios.

Ten como plataforma un penedo natural. A base é cilíndrica. A cruz, de grandes dimensións (7 m de altura) foi feita por partes que se foron encaixando nunha vara de ferro, que foi inscristada no penedo imitando á de Santiago (representación da espada do apóstolo). No medio da cruz ten unha cuncha de vieira. Os brazos da cruz son estriados, posiblemente fose debido ó paso do cableado pola función de faro.

No medio da pedra que lle serve de base ten un altar. Está nun mirador natural, desde o que se divisa a Ría de Vigo, Pontevedra, Arousa, Aldán e as Illas de Ons, Cíes e Sálvora.

Foi erixida co gallo da visita do cardeal arcebispo de Santiago de Compostela, Monseñor Quiroga Palacios o 8 de agosto de 1954.

## CURIOSIDADE:

O día que levaron a Cruz a Ermelo polos camiños en procesión cos veciños, chovía tanto que tocaba meterse no barro ata os xeonllos. O cura de Ermelo subiuse ós muros para non mancharse. O cardeal, Monseñor Quiroga, meteuse no barro dando exemplo, e lle dixo ó cura que o pobo tamén mandaba. A partir dese día aceleráronse as obras para a estrada e o alumeadado de Ermelo.

## POSIBLES MELLORAS

Os eucaliptos tapan as impresionantes vistas das que podemos disfrutar, ademáis da limpeza dos arredores.

Colocación dun panel informativo dos recursos da zona, así como as diferentes rutas.

CRUZ DA  
ESCULCA

## CLASIFICACIÓN

Recurso histórico

## LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Cela, lugar Ermelo, A Esculca

## ACCESO

Partindo de Bueu en dirección a Cangas, pola estrada PO-551, tras percorrer 2 km aproximadamente tomamos un desvío a esquerda (sinalizado), e ascendemos 4 km pola estrada PO-1306 dirección Ermelo, e atopamos a cruz no lugar da Esculca (sinalizado)

## PROPIEDAD

Público

## HORARIO

Sen horario definido

## GRAO DE UTILIZACIÓN

Sobre todo en fins de semán e no día de Santiago de Ermelo o 25 de Xullo no que se celebra unha importante romaría campestre





#### DESCRICIÓN

O peto da Virxe do Portal, atópase encaixado na fachada da Casa Grande do Pracer. É un peto de tipo xanela que mostra un fogón rectangular arqueado por enriba que se coroa por unha cruz de sección romboidal. Ten unha fiestra revestida en ferro onde se atopa a virxe protexida cun peto para as moedas. Este peto coñécese como o peto da Virxe do Portal porque está no muro do cierre da casa, pero en realidade a Virxe á que se venera é a Virxe dos Remedios.

#### POSIBLES MELLORAS

Atópase en bó estado de conservación.

## PETO DE ÁNIMAS VIRXE DO PORTAL

CLASIFICACIÓN  
Recurso cultural

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia  
Cela, lugar das Castiñáns

ACCESO  
Partindo de Bueu en dirección  
a Marín, pola estrada PO-551,  
tras percorrer 2 Km tomamos un  
desvío á dereita cara o lugar das  
Castiñáns

PROPIEDAD  
Privado

HORARIO  
Sen horario definido

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Baixo

## PETO DE ÁNIMAS DE SAN ANTONIÑO

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico / cultural

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia  
de Bueu, lugar Meiro

ACCESO  
Estrada PO-551 Bueu – Cangas,  
collemos o desvío á esquerda pola  
PO-1306 dirección Meiro – Ermelo.  
No primeiro cruce, tomamos á  
esquerda e a uns 300 m atópase  
o Peto de Ánimas

PROPIEDAD  
Público

HORARIO  
Ábrese só o día de San Antonio  
(13 de xuño), e o resto do ano,  
pódese visitar, pero está pechada  
a porta das ánimas

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Medio



#### DESCRICIÓN

A mediados do século XVI, co Concilio de Trento restauráronse as prácticas da Inquisición, e tamén, se reivindicaron os santos e reafirmouse a existencia do purgatorio, onde a alma despois da morte debe permanecer, xa que é un paso intermedio ata alcanzar o ceo.

O Peto de Ánimas de Meiro, está situado sobre a antiga calzada medieval que está sinalizada e pertence á Ruta dos Muíños de Meiro, onde en marzo celébrase a festa gastronómica-cultural “do Millo Corvo”, declarada Festa de Galicia de Interese Turístico.

Este peto, é de tipo pechado, de gran tamaño e coroado por dous pináculos e unha cruz octogonal sobre base esférica, sen imaxes. Cubrindo e protexendo as ánimas, colocouse unha porta acoirazada de ferro na que hai unha fenda para as esmolos.

Antigamente as esmolos eran moedas de pouco valor e froitos da colleita (millo, patacas...)

Carece de data.

#### POSIBLES MELLORAS

Sinalización.

# Pazos e Casas grandes





Foi O Casal casa solar dos Aldao e os seus descendentes directos dende a época baixomedieval ata ben entrado o século XIX. Logo, e por un curto espazo de tempo as súas dependencias acolleron o Xulgado Municipal, para voltar finalmente a mans de particulares.

Lonxe do carácter residencial que O Casal presenta na actualidade, sabemos que este vello pazo contou noutrora con torre, troneiras e foso que, de seguro, conferían ó conxunto un aspecto máis adusto e severo. Sen dúbida, a torre, as troneiras e o foso foron instrumentos de defensa necesarios, xa que en documentos de descendentes desta casa ponse de relevo que durante moito tempo tiveron como inimigos, entre outros, ós señores da Torre de Meira e Darbo. Estes elementos foron derruidos precisamente polos ataques soportados ó longo do tempo.

Hai unha lenda que conta que neste pazo descansou a raíña Dona Urraca, xa que unha das súas damas de compañía era da familia Aldao, cando ía de paso a visitar ó seu fillo, o rei de Portugal e pernoctou nel.

Neste pazo pasou a súa infancia o escritor Víctor Said Armesto.

#### POSIBLES MELLORAS

Bo estado de conservación.

## PAZO DO CASAL

**CLASIFICACIÓN**  
Recurso histórico

**LOCALIZACIÓN**  
Concello de Bueu, parroquia de Bueu, lugar A Graña

**ACCESO**  
Accesible pola estrada comarcal PO-551 Marín - Cangas

**PROPIEDAD**  
Privado


**HORARIO**  
Non é visitable

**GRAO DE UTILIZACIÓN**  
Vivenda particular

#### DESCRICIÓN

Foi construído no século XV (aproximadamente no ano 1466). Notablemente alterado polas obras e modificacións das que foi obxecto no devir dos séculos, o edificio presenta na actualidade unha planta en “L”, composta de baixo e piso con tellado a catro augas. Presenta na fachada norte un conxunto heráldico composto de catro pedras. Na pedra central represéntase un escudo cuartelado en cruz no que se representan as armas do linaxe Fernández Aldao (no primeiro cuarto) e un castelo e unha cuncha de vieira (no segundo e terceiro respectivamente). O escudo atópase flanqueado por dous leóns rampantes. Tamén posúe un

escudo cadrilongo, roto no seu ángulo superior esquerdo, na actualidade colocado enriba da porta de entrada a unha adega. Conta na súa fachada oeste unha ampla terraza con balaustrada de pedra e unha magnífica escaleira do mesmo material que leva ás estancias superiores da casa. Os muros de perpiaños con remate almenado fan que esta casa – de medianas dimensións – destaque pola súa silueta das outras construcións da zona. O circundado que pon coto á propiedade acolle, entre árbores frutais e flores exóticas, unha fonte de pedra de traza barroca, un hórreo e un pombal circular.





# PAZO DE SANTA CRUZ OU DE QUITAPESARES

## CLASIFICACIÓN

Recurso histórico

## LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Bueu, lugar de A Carrasqueira

## ACCESO

Desde estrada comarcal PO-315 na Chadiza e desde a estrada da Ramorta

## PROPIEDAD

Privado

## HORARIO

Non é visitable

## GRAO DE UTILIZACIÓN

Vivenda particular

## DESCRICIÓN

Foi fundado no último terzo do século XVII (ano 1659) por D. Fernando de la Rúa Freire, abade de Bueu e comisario do Sto. Oficio, era unha persoa de elevada representación social e política.

Este clérigo tiña unha paixón desmedida polas compras, como o testemuñan centenaes de escrituras. Era fillo de nobles fidalgos e tiña a confianza de Vicente Gonzaga, xentil home da cámara do rei e Gobernador Capitán Xeral de Galicia. Dentro da moi impresionante lista de propiedades, Monseñor Fernando de la Rúa destaca por ser o señor de tres pazos: o de Santa Cruz, o de Castrelo e o de Ouril. Este último é case tan impresionante como o de Quitapesares.

O pazo de Santa Cruz, ten planta en forma de L, consta de baixo e piso. O seu estilo arquitectónico é barroco. Atópase moi ben conservado e conta con tres escudos e unha gran torre almeada. O primeiro dos escudos está colocado no frontispicio da capela da casa, atópase en bo estado de conservación e presenta motivos vinculados á liñaxe Freire de Andrade, o Santo Oficio, os Aldao e os Fonseca. O segundo, actualmente situado a poucos centímetros do chan e nunha parede baixa próxima á vivenda dos caseiros, está moi erosionado, mesmo roto nalgunhas partes, conta tamén cos motivos anteriormente mencionados.

O terceiro áchase na fachada da casa, en bo estado de conservación, os seus motivos representan as liñaxes dos De la Rúa, Noboa, Pimentel e de España ( acio de uvas ). Ten, ademais, dúas amplas e fermosas solainas soportadas por arcos de medio punto e pilares, e un hórreo. Antigamente contaba ademais cun pombal. A enorme leira ten 66.000 m<sup>2</sup>, conta con dúas portaladas, sendo a máis importante a do interior que a da entrada. Sobre a cornisa da portalada interior foron colocadas catro estatuas que representan unha comparsa de músicos vestidos con faldas, e en bo estado de conservación.

En 1671, nos patios deste pazo, constrúese unha capela na honra de Santa Ifigenia, princesa etíope que morreu queimada no seu castelo, por iso a ela acoden devotos con problemas de pel e queimados. Respecto de como chegou esta peza á capela circulan dúas lendas, unha refire que foi traída por uns portugueses que chegaron nun barco á deriva, e outra que foi o premio gañado nunha partida de cartas entre dous cregos. No altar maior non está Sta. Yfigenia senón a Santa Cruz de ébano e marfil que da nome ó pazo. Na actualidade, a mediados de setembro de cada ano, a capela abre as súas portas ao culto celebrándose nas súas inmediacións unha típica romaría na honra de Sta. Yfigenia con gran afluencia de público.





Non obstante ningunha das esculturas deste pazo, nin o marabilloso cruceiro do que partía un via crucis, son barrocos, senón dun gótico tardío e todas elas dun escultor anónimo.

En 2008 constrúese un invernadoiro de madeira fabricado en Bali e deseñado en Salamanca, utilizado para a celebración de vodas.

Na dilatada historia da súa alcurnia, os de la Rúa son capitáns xerais, nobles, aínda que sen emparentarse coa aristocracia real, son ricos terratenentes e intelectuais. Pero sempre cunha ampla presenza de cregos, monseñores, prelados e outros dignatarios eclesiásticos, que os mantiña baixo a protección da todopoderosa Igrexa Católica. Entre os intelectuais e artistas, o nome máis destacado é o dun cume das letras galegas e españolas. A condesa de Pardo Bazán foi, a finais do século pasado e comezos deste, unha gran ensaísta, poetisa, autora de novelas moi populares e profesora universitaria. O seu nome era Emilia Pardo Bazán e Da Rúa e foi unha muller adiantada á súa época .

#### POSIBLES MELLORAS

En perfecto estado de conservación.





## DESCRICIÓN

Foi construído a mediados do século XVII por Fernando de la Rúa Freire, vinculado á primitiva capela de Santos Reis erguida nas proximidades. O escudo da fachada é igual ao que aparece na capela de Santa Cruz; no primeiro cadrante, dous dragóns tirando dunha banda cos dentes representan aos Freire de Andrade; no segundo, aparecen os iconos da Inquisición, mentres que debaixo sitúanse, dunha banda, os lises dos Aldao, e da outra, as cinco estrelas que probablemente corresponden á familia Fonseca. No pazo de Castrelo residíu José Gómez de la Cueva, máis coñecido como Johán Carballeira, descendente daqueles señores que na primeira metade do século XVII entroncaron coa liñaxe De la Rúa.

O edificio ten forma de “L” composto de baixo e piso, e é de estilo barroco. Foi remodelado a finais do século pasado, con engadidos como as ameas.

## POSIBLES MELLORAS

En bo estado de conservación.

PAZO DE  
CASTRELO

## CLASIFICACIÓN

Recurso histórico

## LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Bueu, lugar O Valado

## ACCESO

Sen sinalización de ningún tipo, non hai zona de aparcadoiro. Hai uns camiños sen sinalizar, na zona, que permitirían o acceso, evitando parte da estrada da Portela- A Carrasqueira (PO 1303). Esta, é bastante perigosa, xa que non ten apenas beiravía, nin beirarrúas

## PROPIEDAD

Privado

## HORARIO

Non é visitable

## GRAO DE UTILIZACIÓN

Vivenda particular

CASA GRANXA  
DE OURIL

## CLASIFICACIÓN

Recurso histórico

## LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia Beluso, lugar Chan do Piñeiro

## ACCESO

Dende Bueu pola estrada PO-315, seguimos cara Beluso. Ao chegar ao centro coller a esquerda cara a aldea de Bon, atopámolo á esquerda

## PROPIEDAD

Privado

## HORARIO

Non é visitable

## GRAO DE UTILIZACIÓN

Vivenda particular



## DESCRICIÓN

Conxunto arquitectónico de traza barroca, conta cunha torre ameada de dúas alturas entre dúas edificacións rectangulares con planta en forma de L tras un gran muro de pedra no que se abre un portalón. Está circundado de cuidados xardíns, hórreo, pombal, un cruceiro incorporado nos anos 80 e unha gran variedade forestal que realza o señorío.

Posúe dúas labras heráldicas, unha é orixinaria do pazo. De medianas dimensións, esta labra componse de dúas pedras: a superior ten tallado un helmo empenachado; na inferior, e orlado con follas vexetais, o escudo. No seu campo pódese ver unha “M” debaixo dunha coroa (toda de ouro), armas da linaxe Montenegro. A outra labra máis vistosa e imponente non garda relación coa estirpe do pazo e foi traída a mediados do século XX, posiblemente dun edificio oficial. Nel figuran as armas da vila de Padrón, sobre as que se presentan as dos España (armas de Castela e León) e no centro Galicia. Vai timbrado por coroa aberta e circundada polo colar da orde do Toisón de Ouro.

Rodeada dun terreo de gran extensión adicada a monte que comparte co seu próximo de Santa Cruz o chamado Bosque da Taberna, asunto nada casual, pois a súa construción no primeiro cuarto do século XVII foi ordeada polo señor de Santa Cruz, Benito Antonio de la Rúa Mondragón para a residencia da súa segunda muller, María Josefa Villar Prego e Montenegro. Tras un século de esplendor e gran expansión iniciará o seu declive a finais do século XIX, non sen antes terse producido o matrimonio entre o seu dono, Manuel de la Rúa Cadavid con Josefa Agulla Solabarrieta, importante fomentadora da industria da salga da praia de Beluso. Finalmente, o pazo, recaeu na última de la Rúa Catani, aveciñada en Vigo que o vendeu a Gaspar Massó García e ó fillo deste.

No camiño que rodea o recinto que vai cara a Bueu hai unha baixada que vai dar a un fermoso lavadoiro, cunha fonte de dous canos esculpidos na pedra.

## POSIBLES MELLORAS

En bo estado de conservación.



# CASA GRANDE DO PRACER

CLASIFICACIÓN  
Recurso histórico

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de  
Cela , lugar As Castiñáns

ACCESO  
Partindo de Bueu en dirección  
a Marín, pola estrada PO-551,  
tras percorrer 2 Km tomamos un  
desvío á dereita cara o lugar das  
Castiñáns

PROPIEDAD  
Privado

HORARIO  
Descoñecido

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Vivenda particular

## DESCRICIÓN

Xustifica este nome a paisaxe que rodea esta casona fundada arredor do ano 1600 polo capitán Antonio Rodríguez de Aldao, fillo dos señores do pazo de Casal, que casou con Catarina de Bugarín e Taboada, filla dun escribán pontevedrés.

Instalada nun promontorio natural, a carón do camiño real ou estrada vella de Pontevedra ao Morrazo, foi concebida en orixe como unha granxa para abastecer a casa principal de Pontevedra, converteríase finalmente en residencia permanente dos donos.

A vivenda, un edificio de planta rectangular de medianas dimensións e sen ameas, de boa cantería e con balconada cara ó noroeste, ten encostada unha capela adicada a San Antón de Padua e datada de 1732, aínda que probablemente a súa construción fora simultánea a da casa.

No escudo da fachada aprécianse as cinco flores de lis que constitúen o emblema dos Aldao; as dúas mans sostendo cadanseu feixe de paus que representan aos Bugarín; o castelo do que sae un can, dos Barbeito; as rodas de carro dos Camba; os cinco voos de aguia, dos Abreu; as dúas táboas en horizontal, dos Taboada; a columna con tres veneras e tres estrelas de ouro, dos Padrón e a cruz flordelisada con dúas veneras (que se atopan no espazo anterior adicado ós Taboada) da orde dominica.

Sobre o lintel da porta da adega do mesmo muro norte aparece unha venera ou cuncha no recanto dereito. Fora desta pedra, á esquerda, outra venera e unha única flor de lis.

No muro do circundado norte, polo que se accede o patio interior da vivenda reza esta lenda: “A la Corona todo Aldao, Madre de Dios, su reina Madre”.



Conta cun amplo circundado, no que cabe destacar un hórreo de seis pés en pedra e madeira (mixto); e unha fonte na que se aprecian unhas inscricións en latín de difícil lectura.


POSIBLES MELLORAS

Atópase en bo estado de conservación.





# Muíños, Lavadoiros e Fontes



## RESEÑA HISTÓRICA

O Concello de Bueu é regado por infinidade de cativos regatos, e afloracións de augas que contidas en pequenos encoros, son utilizadas para regar as veigas e campos, pero á beira dos catro ríos máis caudalosos, aséntanse os muíños. Case sempre están en lugares afastados e de difícil chegada, e cando se percorren os carreiros que zurcindo o regato lévannos de muíño en muíño, exercen un encanto máxico que enche de paz.

Destes muíños pouco se pode afondar na súa historia, pois non se trata de eses grandes muíños illados que centraban sobre eles a moenda de toda unha zona. Os muíños de Bueu son moitos e están espallados, foron unha parte importantísima da subsistencia da familia rural galega e peza incuestionable no desenrolo e rexurdimento do noso agro.

Todos os muíños do Concello de Bueu son pequenos, “patarelos”, e fundamentalmente feitos para moer millo, “negreiros”, aínda que algún deles ten dúas moas, e nese caso unha delas era para moer trigo e centeo, “albeira” .

O millo traído das Américas por D. Gonzalo de Castro no 1604, entra en Galicia por Mondoñedo da man da dona de D. Gonzalo, Dona Madalena de Luaces. Pouco a pouco esta calidade de millo, coñecida entón como “millo gordo“, foi espallándose por toda Galicia, mais non alcanzou o seu apoxeo ata mediados do século XVII. Ata aquí os cereais coñecidos eran o centeo, a cebada, e o paínzo, chamado despois “millo miúdo“ para distinguilo do millo traído de América. O cultivo destes cereais facíase en cantidades que non xustificaban tal abundancia de muíños. Sen dúbida foi o cultivo do “millo gordo” o que promoveu o rexurdimento do agro galego, rexurdimento que vai emparellado co crecemento demográfico das comunidades rurais e o inzamento dos muíños nos nosos ríos e regatos.

A falla de documentación é unha constante na historia dos nosos muíños, sendo as referencias máis firmes as datas dos cupos de bens nas particións de herdanzas. Nun aforo de bens pertencentes a D. Fernando de la Rúa Freire, que foi párroco de San Martiño de Bueu, aparecen referencias a muíños con data de 1680.

No interrogatorio do Marqués de la Ensenada (1752) na pregunta 14 “Molinos harineros”, referente ó Concello de Bueu di:

- Bon ..... 8
- Bueu, San Martiño .....37
- Cela, Santa María .....43

# OS MUÍÑOS DE AUGA DO CONCELLO DE BUEU

## DESCRICIÓN DUN MUÍÑO

Os muíños son construcións pequenas, de 6 a 7 m de longo e de 3 a 5 m de ancho. Construídos en perpiaño ou mampostería con paredes de ata 65 cm de groso, normalmente dunha soa planta. Non se considera parte da planta esa cavidade soterrada con saída o río chamada adega. O tellado é dunha soa pendente e con tella do país. A porta de entrada ten unha soa folla e case sempre situada nun dos lados curtos da construción, pegada á porta, e a unha altura de máis ou menos metro e medio. Todos os muíños presentan unha pedra saínte en meseta para pousar o saco (pouso, pousadoiro), e nunha das paredes unha pequena fiestra que non soe ser máis que a falla dunha pedra na parede.

Nestes muíños non se da a circunstancia de que sexan vivenda do muiñeiro, aínda que algúns foran adaptados para este mester.

Nos ríos e regatos de Bueu, atendendo ó xeito de producir a forza de auga para mover o muíño, atopámonos con tres tipos: muíño de cubo vertical, muíño de cubo inclinado e muíño de canle.

Os muíños de cubo levan este recipiente que almacena auga e que logo sae con presión pola saeteira e produce o movemento do reducio.

Nos de canle, ó chegar a auga ó muíño, provócanlle unha baixada súpeta para que colla velocidade, e é a velocidade da auga a que xera o movemento do reducio.

A maior parte dos muíños de Bueu son de “herdeiros”, é dicir que son varios os propietarios. A propiedade do muíño mídese en días ou horas de moenda nun período de dúas semanas, deixando libres os sábados para o mantemento. Cada muíño tiña un día para desprazar o día de moenda, de tal xeito que o propietario que este ano moera o luns, no ano seguinte corresponderíalle moer en martes. Ó que lle tocaba o muíño o domingo tiña dereito a aproveitar as horas que quedaran libres o sábado despois das tarefas de mantemento. No caso de partición da moenda en horas, ó que lle tocara as doce horas do día, na seguinte quincena tocaríalle de noite. Con isto pretendíase que no verán non se perxudicara sempre ó mesmo propietario, xa que estes ríos de pouca auga durante o día adícanse a regar as veigas de millo. Estes muíños de herdeiros tiñan unha soa chave que se depositaba nun “posto” preto do muíño, nunha casa na que sempre houbera xente ou nunha taberna. Os gastos de mantemento repartíanse proporcionalmente ás horas de moenda de cada propietario.

Os muíños que non son de herdeiros, dun só dono, éste explótao como oficio de muiñeiro e dicíase que era un muíño de “maquía” (imposto que cobra o muiñeiro por facer o traballo, que pode ser en cartos ou en fariña).



## PARTES DUN MUÍÑO

Os nomes que aparecen en maiúsculas son os que se usan en Bueu.

- |   |   |
|---|---|
| 1. RIEIRO (Ponte, Porca)  | 14. TREMIÑADO                               |
| 2. PENAS (Concas)   | 15. PÉ (Moa de Abaixo, Pedra fixa)          |
| 3. BODEGA (Cabouco, Ortego, Sarteo, Sartén)                     | 16. MÓO (Móa, Capa, Volandeira)             |
| 4. REDUCIO (Rodicio)  | 17. CACAREXO (Traque, Tinsidoiro, Tarabelo) |
| 5. TOUZO (Regatón, Vara, Arbo, Troulo, Touce)                   | 18. BUXA                                    |
| 6. GRILO (Aguillón, Porco, Peaña)                               | 19. OLLO                                    |
| 7. OBRADEIRA (Porca, Ovo, Ra)                                   | 20. LOBETE (Barrón, Levante, Veo, Lobeto)   |
| 8. PARADEIRA (Paradoiro, Billa, Enfesta, Espeteira, Pechadoiro) | 21. SEGURELLA (Segorella, Seborella)        |
| 9. SATEIRA (Bucil, Canela, Billote, Canal)                      | 22. QUENLLA (Caneta, Odella, Cangalleira)   |
| 10. MORDAZA   | 23. MUEGA (Moega, Tamaia)                   |
| 11. CUBO  | 24. PARADEIRA (Complemento ó nº 8)          |
| 12. CRUCETA (Aliviadoiro)                                       | 25. CANIZO (Gradicela, Gradeillo, Grade)    |
| 13. GARDAPÓ   | 26. CANLE                                   |
|   | 27. VARA                                    |

### 1. RIEIRO

Recibe este nome unha peza de madeira de 15 a 20 cm de gordo, xeralmente de carballo, que vai na bodega do muíño e fai de coxinete do eixo do reducio. Esta peza atravesa a bodega, asentada no leito do río e calzado con croios, de ahí toma o nome co que se coñece en Bueu. É a peza máis baixa do muíño, no medio leva incrustada a obradeira, e nun dos extremos vai vencellada á cruceta.

### 2. PENAS

As penas son unha parte do conxunto do reducio, son pezas de ferro fundido en forma de cazoletas, e van suxeitas ó armazón por un extremo e polo outro todas elas van vencelladas por un aro de ferro. Reciben a auga que chega con forza á bodega e fai mover o muíño. Non tódolos reducios teñen o mesmo número de penas, varían de 20 a 25.

### 3. BODEGA

Tódolos muíños están á beira dos ríos en terreos ladeiros, e como dicíamos o describir a construción, ademáis da planta principal, teñen unha cativa cavidade aberta ó río, como unha cova de 1,50 m de ancho por 1,50 m de alto e 2,00 m de fondo, medidas aproximadas porque hai diferencias de muíño a muíño.

### 4. REDUCIO

É unha das pezas fundamentais no aparello do muíño, é a roda motriz. Feito en ferro fundido, fórmao unha forte armazón de ferro cun ollo hexagonal para encastar o touzo, este ollo vai unido por seis radios a un forte aro de ferro ó que van aparafusadas as penas. A determinada posición das penas no reducio fai que éste sempre xire en sentido

contrario ás agullas do reloxo. Para que o muíño traballe ben o reducio ten que estar ben nivelado e aplomado sobre o rieiro.

### 5. TOUZO

Recibe este nome o primeiro tramo do eixo do reducio, soe ser de madeira de carballo, de aí toma o nome. No extremo baixo do touzo vai incrustado o grilo, e no alto está vencellado á vara por unhas argolas de ferro apretadas con cuñas de madeira.

### 6. GRILO

É unha pequena peza de ferro de 10 a 15 cm de longo, tendo no centro forma de dado, para evitar que o touzo, no que vai incrustado, xire nel. Os extremos acaban en punta, e un deles apóiase sobre a que xira, o outro vai metido no touzo. Cando polo uso un dos extremos gástase e defórmase, sácase, dásele a volta e apóiase no outro extremo. Algúns muíños tiñan por grilo un croio de pedra moi pulido, e nestes casos tamén a obradeira era de pedra. É o caso dos muíños de Bueu.

### 7. OBRADEIRA

É un dado de ferro de 5 ou 6 cm de lado, que vai incrustado no medio do rieiro. Esta peza no centro de cada cara ten unha marca para facilitar o apoio do grilo que xira sobre ela. Cando se deforma unha das caras sácase e ponse outra das caras en bo estado, ata esgotar as seis. Ó mesmo que o grilo, algúns muíños teñen esta peza de pedra.

### 8. PARADEIRA

Nome que recibe o artiluxio montado para parar o muíño.

#### 9. SATEIRA

É un armazón de madeira de pino con forma de tronco piramidal, que se instala coa parte estreita dirixida ás penas do reducio. A táboa de arriba, chamada lingüeta, non vai cravada e pode desprazarse arriba e abaixo co fin de regular a apertura de saída da auga. No verán, cando o río leva pouca auga, cérrase para que se acumule auga no cubo e teña suficiente presión.

#### 10. MORDAZAS

Son unhas pezas de madeira cunhas marcas co mesmo ángulo de estreitamento que a sateira en determinados puntos, nos que se axustan apretando as táboas laterais para que a lingüeta non se mova coa presión da auga.

#### 11. CUBO

Con este nome coñécese o depósito que teñen os muíños para xuntar a auga e que ésta saia con presión pola boca da sateira e faga mover o muíño. O cubo pode ser de dúas formas:

- vertical, rematando no fondo nun bucil inclinado e cerrándose cara á sateira, e

- inclinado desde arriba, estreitándose ó final para rematar na sateira.

#### 12. CRUCETA

Ata agora, todas as pezas que se foron describindo atópanse na bodega ou fóra, como o cubo, a cruceta xa está na planta do muíño, no tremiñado. A cruceta é unha peza de madeira que baixa dende o tremiñado ata un extremo do rieiro, ó que vai vencellado. A cruceta ten unha dobre función, aferir ou desaferir o muíño, e calzando con

cuñas, regular a separación entre as móos, regulando a calidade da moenda que se queira facer.

#### 13. GARDAPÓ

Chámase así, á parede dun metro de altura, que separa a entrada do muíño do tremiñado, e evita que a fariña se extenda por todo o muíño.

#### 14. TREMIÑADO

É a parte do muíño onde están as móos e a muela para botar o gran, e é onde cae a fariña. Nos muíños grandes no tremiñado levan unha especie de tarima que se ergue do chan e recibe a fariña. No caso dos muíños de Bueu a fariña cae directamente no chan.

#### 15. PÉ

O pé é un cilindro de pedra de 1,2 m de diámetro aproximadamente, está asentado no medio do tremiñado sobre a lousa que fai de teito da bodega. A cara superior, que frega coa móo, ten unha pequena inclinación cara a fóra, facéndoa lixeiramente convexa para axudar á saída da fariña. Está furado polo medio onde pasa o lobete, e a 15 cm da cara superior este furado ensánchase para admitir a buxa.

#### 16. MÓO

É a pedra do muíño que xira, e co seu movemento, ó rozar co pé tritura o gran facéndoo fariña. Ten o mesmo diámetro que o pé e un furado no centro chamado “ollo” ou “tragante” por onde entra o gran. A cara da móo que toca co pé ten certo xeito conco e a mesma inclinación. No medio da cara conca, a ámbolos lados do ollo, ten unhas marcas onde encaixa a “segurella”. As pedras do muíño teñen que ser duras para evitar que o rozamento as desfaga.

#### 17. CACAREXO

É un pau que por un extremo vai vencellado á quenlla por un eixo que lle permite certo movemento, e polo outro extremo peta na móo, que pola aspereza da pedra ó xirar transmitelle unha vibración á quenlla e fai sair o gran.

#### 18. BUXA

Peza de madeira encastada na parte alta do pé. Furada polo centro por onde pasa o lobete. Ten a función de axustar ben co lobete para que a fariña non se vaia polo río.

#### 19. OLLO

É un furado que vai no medio da móo, onde cae o gran.

#### 20. LOBETE

É o último tramo do eixo do reducio. É unha peza de ferro de 50 cm de longo, plana no tramo que vai acuñada na vara, mentres que o extremo superior ten forma cilíndrica que é a que axusta na buxa, rematando nun dado rectangular no que está encastada a segurella. O lobete, como o resto do eixo do reducio, levanta ou baixa a móo.

#### 21. SEGURELLA

Peza de ferro na que asenta a móo, e serve para suxeitala para que non se desprace ó xirar. Ten 35 cm de longo por 7 cm de ancho, e vai encastada no dado rectangular en que remata o lobete. Sobre a segurella encaixa a móo cos rebaixes que ten á medida.

#### 22. QUENLLA

Canal que sitúa o gran na vertical do ollo da móo. Suxeita á muela por un eixo que lle permite un movemento de arriba

a abaixo. Leva unha corredera con varios furados cos que se regula a inclinación e, en consecuencia, a caída de gran no muíño.

#### 23. MUEGA

Recipiente onde se verte o gran a moer. Ten forma de tolviña, vertendo na quenlla cando é peza independente, ou rematando nela cando forman unha soa peza. Ten un tamaño de 75 cm de lado na boca e de 10 a 15 cm na saída. Vai colgada dunha viga enriba da móo.

#### 24. TRAMPIÑA DA PARADEIRA

Simple táboa no fondo da muela que cun sistema de poleas acciona a paradeira da bodega.

#### 25. CANIZO

É un simple enreixado de paus, bastante mestos, que se pon na entrada do cubo para evitar que entren nel obxectos que poidan atoar a sateira.

#### 26. CANLE

En moitos muíños, para levar a auga desde o río ó cubo, vai por unha presa feita no propio terreo, pero noutros de máis difícil asentamento hai que construírilles unha canle de pedra, e ás veces levantar un muro de soporte de varios metros de altura.

#### 27. VARA

É o tramo central, articulado, do eixo que une o reducio coa móo. Situado entre o lobete e o touzo ó que vai vencellado por unhas argolas de ferro acuñadas. Que este tramo sexa articulado permite a posibilidade de desmontar o reducio.

## RIO BISPO

**MUIÑO DA PATATA:** de canle, con cuberta a dúas augas. Bo estado de conservación. En funcionamento. Uso como vivenda.

**MUIÑO DO VALADO:** de cubo vertical, con cuberta a dúas augas. Bo estado de conservación. Observacións: con tres moas, dúas de millo e unha de trigo.

**MUIÑO DE MASSÓ:** de cubo vertical, con cuberta a unha auga. Bo estado de conservación. Observacións: restaurado e en funcionamento.

**MUIÑO DE CUEVA:** de cubo vertical, con cuberta a unha auga. Bo estado de conservación.

**MUIÑO DA RELA:** de cubo vertical, con cuberta a unha auga. Bo estado de conservación. Observacións: só conserva unha das dúas moas que tiña. Bodega de ladrillo adosada. Antigamente foi vivenda.

**MUIÑO DE VERDECALES:** de cubo vertical, con cuberta a dúas augas. Bo estado de conservación.

**MUIÑO DO ESQUEIRO:** de cubo vertical, con cuberta a unha auga. Mal estado de conservación.

**MUIÑO DE CHAPELA:** de cubo vertical, cuberta a unha auga. Mal estado de conservación (non ten cuberta).

**MUIÑO DA FONTE:** de cubo vertical, cuberta a unha auga. Bo estado de conservación.

**MUIÑO DA PEDREIRA:** de cubo vertical, cuberta a unha auga. Mal estado de conservación. Observacións: a moa atópase fóra do muíño.

**MUIÑO DE COSTAS:** de cubo vertical, cuberta a dúas augas. Bo estado de conservación.

**MUIÑO DE JUAN CESTAI:** de cubo vertical, cuberta a unha auga.

**MUIÑO DA RELA:** de cubo vertical, cuberta a unha auga. Mal estado de conservación.

**MUIÑO DE TANTE:** de cubo vertical, cuberta a unha auga. Bo estado de conservación. Observacións: funciona como vivenda.

**MUIÑO DA MERDEIRA:** de cubo vertical, cuberta a unha auga. Mal estado de conservación.

## MUIÑOS DE BUEU

## RIO FRADE

**MUIÑO DE MANDADO:** de cubo vertical, cuberta a unha auga. Bo estado de conservación. Observacións: funciona como vivenda.

**MUIÑO DE RAMÓN FREIRE:** de cubo vertical, cuberta a unha auga. Bo estado de conservación. Observacións: adosada ten unha pequena bodega de ladrillo.

**MUIÑO DE MINEIRA:** de cubo inclinado, cuberta a unha auga. Mal estado de conservación.

**MUIÑO DE ARDEIRA:** de cubo inclinado, cuberta a unha auga. Mal estado de conservación.

**MUIÑO DE ANDRESA:** de cubo vertical en perfecto estado con canle para a traída da auga, cuberta a unha auga. Mal estado de conservación.

**MUIÑO DO POMBO:** de cubo vertical en perfecto estado con canle para a traída da auga, cuberta a unha auga. Mal estado de conservación.



**MUIÑO NOVO:** de cubo vertical en perfecto estado con canle para a traída da auga, cuberta a unha auga. Mal estado de conservación.

**MUIÑO DE FOCEIRAS:** de cubo inclinado, cuberta a unha auga. Mal estado de conservación.

**MUIÑO DE LAGOS:** de cubo inclinado, cuberta a unha auga. Mal estado de conservación.

**MUIÑO DA PRESA:** de cubo inclinado, cuberta a unha auga. Bo estado de conservación. Observacións: restaurado polo Concello, utilízase no Encontro Degustación do Millo Corvo (Meiro)

**MUIÑO DE LAXE:** de cubo inclinado, cuberta a unha auga. Bo estado de conservación. Observacións: a moa atópase partida.

12. **MUIÑO DE SANTOS:** de cubo inclinado, cuberta a unha auga. Bo estado de conservación.



## RÍO DO INFERNO

O PARDO: de canle, ollo resaltado, non ten pousadoiro, pa distante.

RÍO MAO: de canle, ollo resaltado.

O ESQUEIRO: canle longa, tellado a dúas augas, sateira para a pa.

MEIXIDE, VINIÑA, FERREIRA, RODEIRA (posibles nomes): muíño de canle, tellado a dúas augas, dous pousadoiros.

FERREIRA: de canle, inundado.

CABANAS: de cubo, ollo resaltado.

INFESTAS: de cubo, ruinoso, canle previa, fogón e cheminea.

FRADÍN: de canle ruinoso, emboscado e anegado.

NOVO OU AMOEDO: de cubo, ollo resaltado, porta e adega ó mesmo lado.

O DO MEDIO: de cubo.

BATÁN: de canle, emboscado.

PORTOCARREIRO: de canle, ollo resaltado.

O DA PONTE: de canle, posibilidades de conservación.

O DA REBOLA: de canle, tellado a dúas augas, ollo resaltado.

GHONTELLO: de canle, ruinoso.

OS PADRÓNS: de canle, dúas móos, iniciais gravadas en pedra.

PRADORRÍO: de canle longa, posibilidades de conservación.

SEARA OU ALBARES: de canle.

BOUTEIRO OU BALTEIRO: de canle, apenas quedan restos soterrados.

MUÍÑO NOVO: de canle, ollo resaltado.

XAN FREIRE: de canle, ollo resaltado, pousadoiro interior.

DO INFERNO: de canle, dous pousadoiros, emboscado, fácil restauración.

O COTO: de canle, posibilidades de conservación e restauración, emboscado. De fácil acceso e con lavadoiro.

MUÍÑO ALBEIRO: hoxe casa habitada, dúas adegas, antigamente dous reducios e móos, de cubo.

## MUÍÑOS DE CELA

## RÍO DA DEVESA NOVA

DA COSTA: é un muíño de canle, soterrado.

O DA MAIA: muíño de canle, ten dous pés no exterior, estado ruinoso.

MAQUÍA DOS FAZÁNS: de bruia ou noria, ruinoso.

O NOVO: é un muíño de cubo.

O PATRÓN: de cubo, ollo resaltado.

O GONZALO/EZ: de cubo, construído en pedra de sillería.

O DAS LOBEIRAS: de cubo, muíño reformado.

O DA PONTE: de cubo, bastante bo estado.

O PASO: de canle, emboscado.

O SALGUEIRO: de canle, dúas augas.

O CORSO: muíño de canle, irregular.

MAQUÍA DOS FREIRE: ten tellado a dúas augas, noria de pau, recente edificación en ladrillo, ruinoso.

CUBO NOVO: soterrado baixo a empresa Alinox.

CUBO VELLO: muíño con paredes de sillería, posibilidades de restauración.

O DA FONTE: recentemente desenterrado, estado ruinoso.

O PEQUENO: de canle, recibe auga do anterior.

O PELONIA: de canle.

O XOANETE: de canle, ruinoso, tellado a dúas augas.

O ESCRIBANO: de canle, en bastante bo estado, posibilidades de conservar.

MOURO: de canle, bo estado, a conservar.

MARTUXO OU MOURO DO LIÑO: de canle, ruinoso.

O TOMBO: de canle, restaurado polo Concello, emboscado.

DA DEVESA: de canle, emboscado.





## MUIÑOS DE BELUSO



**FRIÁN:** Exteriormente ten unha estrutura sinxela, cuadrangular, sen saíntes e con tellado a unha soa auga, ten un pequeno ventanal e está feito de pedra, con pousadoiro.

**AVICAL:** A canle deste curioso muíño vai montada sobre muros de pedra para salvar máis de dez metros de desnivel ata chegar a un cubo tamén singular, xa que mide oito metros de altura e ten forma circular, pois foi feito con aros de pedra superpostos. Na parede que dá ao río sobresaen senllas figuras dun home e unha muller, ornamentación escultórica que non se dá en ningún outro muíño do Morrazo. Tiña un rodicio de madeira que, tras a restauración de mediados dos 90, foi substituído por outro de ferro.

**DO CURA:** situado no lugar de Bon.

**DE REVENTÓNS:** situado no lugar de Bon.

## FONTES E LAVADOIROS DE BUEU



### FONTE DOS GALOS

Atópase na Rúa Ramal dos Galos - Ramos Bares. En setembro de 1912 constrúese a arqueta para levar a auga á praia (onde se atopa a actual Praza de Abastos). Nesa localización é donde se atopa agora a Casa da Cultura e o parque.



### FONTE DE MARGARITA

Esta fonte atópase enfrente da fonte dos Galos, cruzando a Rúa. Parece ser que a auga chega ás dúas fontes do mesmo manancial. Foi restaurada fai pouco e pódese ver a súa data de reconstrución gravada na pedra. Antigamente chamouse fonte de Margarita, pois ese era o nome dunha muller que vivía preto da zona.



### FONTE DO ENLEITO

Sita no lugar do Enleito-Cachopeira-Ramorta. Tamén se coñece como Fonte da Cachopeira. No ano 1952 tramítase por parte do concello a conducción de auga e a construción desta mesma fonte.

**FONTE DE SANTOS REIS**


Sita no lugar do Valado. Fonte que está preto da capela dos Santos Reis. Foi desprazada do seu asentamento orixinal ó facer a estrada a Castiñeiras. No cumio do frontal está aínda o oco dunha cruz que a coroaba. No Concello existe un proxecto de obras por reforma no ano 1941. Preto hai un forno que servía de velorio dos Stos. Reis que, ao desaparecer a antiga capela, quedou coma testemuña de que era un lugar de culto. A ofrenda facíase con foguetes.

**FONTE DA BARRIADA DE PESCADORES**

Atópase na Rúa Pazos Fontenla. É, como case tódalas fontes urbanas, canleada do abastecemento xeral de augas. Instalada nada máis rematar de construír as vivendas sociais para servizo destas.

**FONTE DO CURA**

Sita na Rúa de Ramón Bares. Con toda probabilidade esta fonte foi desprazada ao seu lugar actual desde a mesma horta do cura que é onde se atopa hoxe. A principios do s. XX a estrutura da fonte tiña a súa ubicación xunto a Praza e Lonxa de Bueu. A partir de 1937 trasladouse ó Valado.

**FONTE DO CANO**

Fonte sita na rúa Alexandre Bóveda, na subida á estrada da Igrexa. Hoxe, por mor dunha edificación, o seu estado é lamentable.

**FONTE DE LAXIÑAS**

Atópase no lugar da Portela, no camiño de Meiro a San Cosme. No Catastro do Marqués de la Ensenada, aparece citada e datada esta fonte no ano 1752.

**FONTE DE ABILLEIRA**

Atópase no lugar da Carrasqueira á beira da estrada Bueu-Cangas, no cruce que desta sube cara a Carrasqueira.

**FONTE DAS MEÁNS**

Sita no lugar das Meáns. O cano recolle augas dos mananciais do Redondo e Arrodeadas.

**FONTE-LAVADOIRO DA BARCA**

Localízase no lugar da Barca-Barreiros. Na Avda. Da Barca (pola parte interior), accédese con facilidade por estar a poucos metros da estrada PO-551 Bueu-Cangas. A construción do lavadoiro actual data de 1920.







#### FORTE DE PESCADORA

Localizada a man dereita, logo de baixar a rampla que desde Montero Ríos leva á praia de Petís. Prácticamente é un cano que sae do muro.

#### FORTE DO VALADO

Camiño do Pomar xunto ao Cristo da Agonía. No lugar do Valado.



#### FORTE-LAVADOIRO DO OUTEIRO

Atópase no Lugar do Outeiro-Meiro, na curva de Meiro. En 1757 citase á confraría “das ánimas” con estes bens. En decembro de 1803, o cura de Bueu cítala nunha frase “... terra labradio sita no Prado Deira da dita fonte de Outeiro do referido lugar de Meiro...”



#### FORTE-LAVADOIRO DOS MACACOS

Emprazado no Pazo de Castrelo foi reconstruída recentemente polo seu actual propietario. Nas proximidades hai varios mananciais de auga, algúns deles con “lago de rega”.



#### FORTE-LAVADOIRO DA VILA

Fonte que se localiza nunha desviación á dereita polo camiño da estrada que une O Valado con A Chadiza.



#### FORTE DE SAN MARTIÑO

Fonte á que se pode chegar seguindo o camiño sinalado como “Lugar da Carrasqueira”, ata o final do mesmo. O poeta Xosé Carlos O'Framinor recolleuna nun dos seus escritos “Poemas-Canciones y Oraciones”.



#### FORTE-LAVADOIRO DE MIELIÑO OU SOUTELO

No lugar do Soutelo. A fonte ten unha reforma ou reparación no ano 1926 xa aquí se solicita o lavadoiro. No ano 1927 o constrúe Manuel Fontán Barreiro. Construción do lavadoiro cuberto en 1953 por José Palmeiro.



## FONTE DE LAGOEIRO

Localizada á man dereita na subida á Cividade, nunha cota máis baixa da estrada. Con cano e frontal de pedra.



## FONTE DA PEREQUISA

Esta é unha das fontes, xunto coa de "Regenjo" en Cela, que ó longo da súa existencia tivo máis traslados e conseguintes pleitos. Sita no Lugar do Norte.



## FONTE-LAVADOIRO DA CIVIDADE

No frontal de pedra hai unha lenda que di "año de 1929". O lavadoiro é grande, de pedra e está cuberto de cemento.



## FONTE DA CEREIXEIRA

Onde está situada hoxe non é o emprazamento da primitiva fonte, xa que éste era por riba da estrada xeral na mesma zona. Lugar camiño do Torrexero-A Graña.



## FONTE DE ARRODEADAS

Está collendo pola costa do Outeiro, á esquerda da curva pronunciada. A uns cen metros está a fonte nunha baixada.



## FONTE-LAVADOIRO RIO NOVO

Están a beira da ponte de Trasouto, camiño dos muíños do Canudo. A localización actual é relativamente recente. Nunha das columnas aínda está o que nos anos 1950 era preceptivo polos fondos de axuda aos municipios, o xugo e frechas coas letras J.A.M.



**FONTE DO REDONDO**

Está polas veigas de abaixo de As Arrodeadas. Pódese acceder polo camiño que baixa ás Meáns. É curioso ver que ten a pedra con lintel coma se en algún momento tivera porta.

**FONTE DOS CABALOS**

Emprazada no Castrillón á beira da estrada PO-551. Ten unha cunca grande que servía de abeberar ós animais, sobre todo os burros e cabalos utilizados como medio de transporte.

**FONTE DO FOXO**

No lugar de Meiro. Está a uns 250 m río arriba do lavadoiro do Rio da Portela. Outra forma de chegar a el é polo primeiro camiño, á dereita, que hai a uns 100 m da subida da estrada a Meiro. Como pode comprobarse ten un frontal esculpido, na parte superior, unha especie de copa e mesmo enriba do cano uns corazóns invertidos enfrontados en altorrelevo. Foi arraxada polo concello en 1951 e a última restauración foi no ano 2004.

**FONTE DE QUINTÁNS-MEIRO**

No lugar de Meiro. Mesmo na subida que de San Antonio vai para o cruce da Cacela e Outeiro. Hai que baixar chanzos. Posúe pousadoiro.

**FONTE DO CAMPO DE MEIRO**

Localizada no mesmo recinto que para as festas e actuacións se fixo baixo a casa da aldea de Meiro. Foi feita pola asociación de veciños "A Morada" de Meiro no ano 1994.

**FONTE-LAVADOIRO DA LAGARTEIRA**

Sito no lugar de Meiro-Vilariño. A casa que está case pegada, hoxe en día restaurada, pertenceu ó escribán Benito de Arís. No fronte ten unha inscrición. En 1952 cóbrese o lavadoiro (de 20 prazas).



## FONTE DE REGUEIRIÑO

Sita no lugar de Meiro-A Cacela. Pasado o cruce de Quintáns, cara á Cacela subir polo camiño á dereita. Este cano está mesmo nun muro.



## FONTE DA CACELA

Sita no lugar da Cacela. Atópase vindo de Meiro cara á Cacela, ó final da baixada, logo de pasar o Regueiriño.



## FONTE DA CREJA OU DA COSTA

Sita na costa de Meiro-Vilariño. Para acceder a ela podemos subir pola costa que do Outeiro vai a Vilariño, ou pola estrada que indo para Ermelo desvíase á esquerda a Vilariño, e o pasar o lago de Martises, coller a costa cara abaixo. No fronte ten unha inscrición, igual que a da lagarteira. Ten un pouco máis abaixo un lago de pedra.



## FONTE DE NECORIÑA OU RAMORTA DE ARRIBA

Sita no lugar da Ramorta-Camiño do Enleito a Santa Cruz.



## FONTE DA RAMORTA DE ABAIXO

Sita no lugar da Ramorta, estrada a A Chadiza.



## FONTE-LAVADOIRO DA GRAÑA

Sita no lugar da Graña.



## FONTE PAZO SANTA CRUZ

Sita no lugar da Carrasqueira. Dentro das instalacións pertencentes ó Pazo de Sta. Cruz.



## FONTE DA CANEXA

Sita no lugar da Portela, Camiño da Devesa.



## FONTE DE XEXIDE

Sita en Xexide.



## LAVADOIRO DE PORTAS

Sito no lugar de Portas-Outeiro. Na baixada que da cruz do Outeiro hai cara a Barraca. Está a continuación da horta onde se atopa o cruceiro de Portas. Recentemente restaurado.

## LAVADOIRO DE LOUREIRO

Sito en Loureiro. Recentemente restaurado.

## LAVADOIRO DAS MONXAS

Sito na Rúa Pazos Fontenla, a carón do Colexio “Virxe Milagrosa”. En bo estado despois da súa restauración.



## LAVADOIRO DO TORREXEIRO

Sito no lugar do Valado. Aproveita as augas do río Bispo. A cuberta e lavadoiro do Torrexero foi construído no ano 1950 por 33,06 Euros. Restaurado recentemente.




## LAVADOIRO BANDA DO RÍO



## FONTE-LAVADOIRO BANDA DO RÍO

Sito na Rúa Alexandre Bóveda, nunha cota máis baixa, facendo esquina coa ruela que vai dar á rúa Rosalía de Castro. Preto do día de fin de ano de 1908 acordou encargarlle ó arquitecto vigués Jacobo Estens executar as obras ó longo de 1909 cun presuposto de 10,18 Euros. A construción do lavadoiro cuberto para 20 prazas non sería ata 1954 cun custo de 91,88 Euros.



**FONTE DE QUEIMAÑO**

No lugar de Antepazo.

**FONTE-LAVADOIRO DA MORQUEIRA**

No lugar de Antepazo, ó surlleste do Beloso.

Hai un camiño á esquerda, que se o baixamos uns 50 m e seguimos polo sendeiro da esquerda atopamos o lavadoiro e pegada no seu extremo sur a fonte. A auga sae dunha mina ó pé do cano.

**FONTE VICTORIA**

No lugar do Beloso, case ó final da recta, despois da curva do Beloso cara a Cela, hai un camiño á dereita. O pé dunha das casas atopamos a pequena fonte. Pódese apreciar ó lado esquerdo unha inscrición ou lenda indescifrible.

**FONTE DO COTELEIRO**

No lugar da Cabreira. Subindo polo camiño que cara o monte sae fronte ó parque da Barraca, para arriba, ó chegar a un primeiro cruce de camiños, tomar o da esquerda e seguir subindo ata que se aparece un segundo cruce de camiños, retroceder uns 50 m e cruzar as veigas, pola beira dunha ringleira de castiñeiros.

**FONTE SAN MARTIÑO**

Lugar da Cabreira, do Viso ó Beloso. Na beira da curva que hai cara Cela, o pasar o parque da Barraca baixar polo camiño uns 200 m.

**FONTE DAS CARREIRAS**

Lugar da Torre as Castiñáns, no cruce á beira da estrada xeral (fronte a panadería de Cela).

**LAVADOIRO DO SOUTO**

Lugar do Souto. Lavadoiro cunha superficie de 17 m cadrados con cuberta de fibrocemento, en mal estado, polo esquerda entrando, pasa un regato de auga.

**FONTE-LAVADOIRO DE FONTENOVA**

Lugar o Río-Fontenova.

**FONTE VELLA DO PINDO**

Lugar Igrexario-Cruce á Pena. Mesmo ó coller a subida do Igrexario á Pena. O cano está nun estado lamentable, case soterrado por cascotes e pedras dun muro. Caneada ata a Igrexa.

# FONTES E LAVADOIROS DE CELA

**FONTE NOVA DO PINDO**

Lugar do Igrexario-Cruce a Pena. Na beira da estrada pouco antes de coller o cruce que do Río vai á Pena e Chans. A uns metros á dereita da marquesiña do autobús.

**FONTE DA PENA**

No lugar da Pena, onde é mais chá (está o núcleo maior de casas), continuamos cara A Paradela. A uns 75 m hai un pequeno carreiro á esquerda que baixa á fonte. Dita fonte ten un cano de pedra que sae dunha mina e verte as augas nunha pía de pedra que podía servir, máis que bebedeiro para o gando (polo estreito e perigo do camiño) para coller auga co caldeiro e levala ás cortes do lugar.

**FONTE-LAVADOIRO DE LAVANDEIRA**

Lugar entre a Costiña e a Serva. Subindo cara a Serva, á man dereita, nunha cota baixa está a fonte. O lavadoiro está máis arriba. Curioso deste é que a auga xurde tamén do mesmo interior do pío. No ano 1951 o cura D. José Portela pide en nome dos veciños de Rial, Murrans, Serva, Barral e Costiña que se reforme, arranxe e modifique o que xa había de tres metros de longo (hoxe de 6 m).

**LAVADOIRO DE AGOUZOS**

Lugar de Agouzos. Hoxe en día cuberto de vexetación está localizado a cen metros da curva e Ponte dos Agouzos, por onde baixa o río da Pena.

A curva, que é moi pronunciada, está antes de pasar Murráns e antes de chegar ás curvas próximas do cemiterio vello. Para acceder ó lavadoiro hai que tomar o camiño que sube pola marxe dereita do río. Cunhas dimensións de 8 x 6,5 m, ten un corredor de 0,6 m pola banda contraria ó río. O mestre canteiro que o fixo foi Manuel Santos Iglesias.

**FONTE-LAVADOIRO FONTE ALTA**

Lugar Fonte Alta. Ten lavadoiro e hoxe en día a fonte está a uns 10 m máis ó norte da situación orixinal, traslado que se fixo no ano 1930. As xentes do lugar din que as súas augas son quentes no inverno e frías no verán (cousa que ocorre en todas as fontes, pola sensación, pero aquí vese máis a diferenza por ser a auga máis fría).

**FONTE DE FONTIÑAS**

Lugar de Amieiro-Sabarigo. A contrata de obras da fonte data do ano 1940 para unha reforma polo seu estado ruinoso. O pío de pedra, segundo Alejandro Covas, foi traída dunha casa próxima. Antigamente había tres regatos que se uniron nun só na mesma fonte. A auga, que se ve caneada por dentro do cano da fonte, sae a gurgullóns.

**FONTE DE QUINTÁNS**

Lugar Fonte Alta. Particular. Seguindo polo camiño dereito desde a fonte de Castrelo.

**FONTE DE POMBAL OU MEICIDES**

Lugar Castrelo- Pousada. A xente dí “Pambal” xa que así denominan ás veigas que chegan en tira ata o río de Pousada. No camiño que de Pousada corta a curva de Freande cara ó Igrexario. A fonte actual foi restaurada ó arranxar o camiño. A auga sae a gurgullóns. Con moita probabilidade o nome provén do Pombal que puido existir no circundado do maiorazgo da casa Torre de Freande que alá polo século XVI fundara o escudeiro Leonardo Gil de Barragáns. Tamén se coñecía como Meicides ou Barral. No arquivo do Concello de Bueu figura como fonte do Barral nun arranxo que se fixo en 1942 a petición de Benito del Río. Hai quen lle chama fonte da Pereguisa, confundíndoa co cano que hai moito tempo houbera á esquerda do camiño

que da curva de Freande vai para Castrelo. Aínda hai unha toma de auga e uns lagos.

#### CANO DE CANAVIDO

Lugar do Canavido-Castrelo. Tamén se coñece como cano da Viña Grande. Para chegar a él pódese ir por un carreiro que da estrada de Sabarigo vai a Tinxeberzas, ou mellor polo carreiro que hai ó comezar a recta de Canavido. Está no medio dunhas veigas.

#### FONTE LAVADOIRO DE TINXEBERZAS

Lugar Sabarigo. Data do primeiro terzo do século XX. Á esquerda (parte de abaixo) na recta da estrada que da Fonte Alta pasa por Sabarigo, antes do cruce que vai a Amieiro ou Sabarigo e Resille. Ten Pousadoiro e lavadoiro. Ás augas desta fonte acodían todos os veciños da zona. Preto do lugar hai unha casa que ten unha mina de auga (particular) que se chama polo lugar, de Orxa.

#### FONTE DAS ALBAS OU QUINTAS

Lugar de Crabón. Para chegar a el hai que ir polo camiño norte do Crabón e ó chegar ó remate deste hai un camiño estreito de baixada. Se o seguimos ata onde hai unhas maceiras atoparemos a fonte cun pousadoiro e un lavadoiro. Data de 1884. Castrelo, debaixo de Tinxeberzas, ten un lavadoiro de pedra, hoxe inutilizado, pois aumentou en altura cuns muros de ladrillo para o seu uso como lago de regar.

#### FONTE FANEQUEIRA E LAVADOIRO DO REGUEIRO

Lugar de Sabarigo. Baixando pola costa de Sabarigo e pasando o cruce que vai ó Outeiro atopamos o lavadoiro de Regueiro, que aproveita as augas que veñen de Amieiro,

Fontiñas... Na mesma beira uns metros máis abaixo hai unha longa subida con chanzos de pedra que nos levan á fonte da Fanequeira. O topónimo Fanequeira atópase tamén ó norte do outeiro de Meiro.

#### FONTE-LAVADOIRO DA NOGUEIRA

Lugar cruce de Sabarigo a Resille-Ponte. Posúe pousadoiro así como un cano paralelo para recoller as augas do rego que vai dar ó extremo sur da praia de Lapamán. Na parte superior da estrada hai un pequeno parque ou área de descanso. Aínda que agora non hai no lugar unha nogueira non se descarta que a houbera, de aí o topónimo que se ve reflectido no alcume dunha familia do lugar “Os de Nogueira”. En 1965 o canteiro Didio Lorenzo de la Torre construiu un lavadoiro no lugar chamado “Nogueira” para seis persoas cun custo de 51,08 Euros sendo alcalde José M<sup>a</sup> Massó García.

#### FONTE DA MIRANDA

Lugar da Pousada. A Miranda aproveitouse da canteira utilizada para facer a estrada PO-1304 que sube pola Torre ata o Igrexario de Cela. Fonte de apertura recente para dar servizo ó parque construído polo Concello no camiño dos muíños entre Pousada e o Igrexario. En 1903 fíxose o proxecto para construír unha pequena ponte en Miranda de Arriba (Cela), por 3,75 euros.

#### FONTE-LAVADOIRO DO HABANO

Lugar de Pousada. Baixando cara ó río hai uns chanzos que levan ata a fonte-lavadoiro. Data de 1927.

#### FONTE DE PESCADORES

Lugar de Castrelo. No camiño de Castrelo á praia de Covelo. Tamén se coñece como a de Cendón. Feita en 1930 e reformada. É un só bloque de pedra.

#### FONTE DA CROA OU REGENGO (RAGUENJO)

Lugar da Torre. Curiosamente, coa da Pereguisa de Bueu, é unha das fontes que máis expedientes, impugnacións, xuízos e conflitos tivo ao longo do ano 1950 e seguintes.

Todo comezou un 10 de setembro de 1949 coa petición do concello a J.A.M. de axuda para facer un lavadoiro no lugar de Amieiras, e días máis tarde tamén unha fonte no mesmo lugar. Pero ocorreu que ó buscar o lugar axeitado (obsérvase que primeiro pediron os cartos e logo buscaron o lugar), que pertencía a xente emigrada, non se puido xestionar as expropiacións. Así que decidiron aumentar o orzamento e solicitar permiso para destinar os cartos que se recibirían para cambiar o proxecto e pór unha fonte no lugar de Ragenjo (A Torre). Aquí comeza unha loita de interese dos veciños que utilizaban a fonte para o rego: os veciños de A Torre de Arriba (A Croa e A curva de Ragenjo), que non tiñan auga, e os veciños da Torre de Abaixo que dicían que eles estaban servidos coas “Excelencias da auga da fonte Do Tombo” próxima as súas vivendas.

A pesar de todas as actuacións dos veciños o Concello presuposta e pon en marcha a captación e exploración, así como posterior entubado ata o lugar da Croa.

#### LAVADOIRO DE XOALDE

Lugar de Costa de Xoalde.

#### LAVADOIRO DE SABARIGO

Lugar de Sabarigo.

#### FONTE- LAVADOIRO DO REDUSIO

Lugar de Beloso. Posúe tres canos e unha lenda que dí: “Año 1926”.



**FONTE DA GÁNDARA**

Lugar da Gándara, á beira da estreita estrada que sube desde o Torrón cara á Barraca.

**FONTE DO RIO OU MEIXIDE**

Lugar o Río.

**FONTE AREA DO RÍO**

Lugar o Río.

**FONTE SOUTO-REMEDIOS**

Lugar do Souto, do Torrón á Pousada. A primeira vez que a vemos nomeada é no foro do mosteiro de Poio, o escribán A. Antonio Cancela, que fala dela como "...onde ó camiño da Cabreira a fonte do Souto.....".

**LAVADOIRO DE O RÍO**

Lugar o Río.

**FONTE-LAVADOIRO CASTRELO**

Lugar Fonte Alta-Castrelo. Non é unha fonte que teña manancial no lugar, senón que por necesidades do grupo de casas do lugar onde está situada foi caneada desde a zona do "Lagoeiro" no ano 1976. Xa no 1969 se falaba da necesidade dunha fonte no lugar de Castrelo (hoxe fonte Alta de Abaixo) e dun lavadoiro cun custo de 18 Euros.

**FONTE DA PARADELA OU CACHOPAS**

Lugar Paradela. No lugar de Paradela, xunto ó cruce de Moaña. Hoxe limpa, reformada e cambiada de lugar (máis desviada do camiño), de onde estaba emprazada. Na freguesía de Cela, na veiga das "Bousiñas" faise a seguinte escritura "Domingo Freire, carpinteiro, labrador e María Freire muller de Benito Freire (todos de Cela), levantan testemuña sobre a presa de auga que, vindo da fonte das Cachopas, pasa pola propiedade das Busiñas, sendo de rego". (A fonte do Enleito tamén se chama así).

**FONTE DO IGREXARIO**

Lugar Igrexario. Xunto a de Campos, no Igrexario caneada desde o Pindo.





**FONTE-LAVADOIRO DO TOMBO**

Lugar da Torre. A fonte e lavadoiro do Tombo está preto do muíño e río do mesmo nome que percorre o lugar pasando pola Devesanova, lugar da Torre Vella.

**LAVADOIRO DA SENRA**

Lugar do Inferno. O lavadoiro da Senra ou Do Inferno está seguindo o sendeiro que sube paralelo ó río, cara ó lugar Do Inferno, nos montes das Senranas.

**FONTE DE ERMELO**

No lugar de Ermelo.

**FONTE FONTEBIEITA**

Lugar de Ermelo. Data do ano de 1932. Non é claro que o nome da fonte sexa Fonte Bieita aínda que o lugar no que se empraza así se chama. Está situada á esquerda por un camiño de pé antes de chegar ó lugar de Ermelo, un pouco máis adiante do cruce novo que sube á Esculca.

En Fonte Bieita, entre Meiro e Ermelo, hai un manancial de auga moi boa que enche o lago de "Vilariño". Unha lenda localiza esta fonte: "Dicían que había moito ouro, un carro de ouro, e dixo unha muller: ¡ hai, meu Deus!, ¿ Onde imos meter tanto ouro? E o ouro desapareceu" ( Ref.B. Aparicio. 1979. Museo de Pontevedra).



# FONTES E LAVADOIROS DE BELUSO

**FONTE-LAVADOIRO DO PEON**

Lugar da Rúa Nova de Arriba. Ó comezo da recta do Peón, no lugar da Rúa Nova de Arriba, (indo cara a Beluso), ten fonte e lavadoiro cuberto a dúas augas. Foi arranzado no ano 1965. A súa auga desemboca na praia de Tuia.

**FONTE DE SOBALO**

Lugar da Rúa Nova de Arriba. Situada na recta do Peón, uns cen metros cara a Beluso, hai que tomar un carreiro cara ó oeste (está sinalizado). Hoxe está rodeado por un pequeno muro de bloques. O lavadoiro está soterrado. Reformada e accesible.



**FONTE-LAVADOIRO DA ROSA**

Lugar da Rosa, ó lado da Igrexa de Beluso: nunha bancada da estrada atopamos a fonte con dous canos e preto dela o lavadoiro de pedra cuberto.

**FONTE-LAVADOIRO DE LAXES**

Lugar de Sar: situado na estrada entre Cabalo e Sar. Ten unha fonte de dous canos, é un fermoso lavadoiro todo feito de pedra, ten cuberta de tella. O estado de conservación é bo. No ano 1951 houbo unha remodelación e construción da cuberta do actual lavadoiro.



**RÍO DA PONTE** (Lugar de Soutelo- Rúa Nova de Arriba) só lavadoiro. Situado debaixo da ponte da Chadiza. A súa auga procede dos campos de Ouril (no seu percorrido hai lagos de regadío). É de pedra, cuberto hoxe de cemento. Accédese por unhas escaleiras desde a mesma estrada. O uso é público.



**FONTE DE SANAMEDIO** (Lugar de Bon de Arriba): desviada uns 125 m da fonte do Santo no adro de Sanamedio actual.



**FONTE-LAVADOIRO DE MONTEMOGOS** (Lugar de Montemogos) vindo de Coumiñán cara a Rúa Nova pasamos polo lugar de Fonte Nova onde atopamos a fonte, e un pouco máis abaixo á dereita o lavadoiro coñecido como "río do Mañufe". O asentamento actual data de 1998, anteriormente como fonte de formigón, estaba no medio da costa que está a súa beira dereita.



**FONTE LAVADOIRO DO SANTO**

Lugar de Sanamedio: están situados no mesmo adro de Sanamedio, rodeado de vellos castiñeiros, carballos e acacias de tres espiñas. Na fonte hai unha inscrición que aparece no frontispicio: HIZOME D ALFATON- VALCARCE A SV COSTA SIENDO ROR DESTA FLSA. AÑO DE 1728 (hoxe case é ilexible), á que hai que baixar por 7 u 8 chanzos. O lavadoiro está recentemente reformado.

**FONTE DE LAGOS**

Lugar Montemogos, Praia de Lagos: situada na praia pequena de Lagos.

**FONTE DE ANCORADOURO**

Lugar Cabo Udra: na mesma pista que baixa á praia de Ancoradouro había unha fonte que nos seus tempos, aparte de aprovisionar de augas ás pequenas embarcacións que pescaban pola zona, serviu de fonte para o lavadoiro e a fábrica de salgadura que no 1847 construíu a familia Agulla-Solabarrieta.

Nos anos 80 foi trasladada máis abaixo, ata o seu emprazamento actual.

**FONTE LAVADOIRO DE OURIL**

Lugar de Ouril Chan de Piñeiro: polo camiño, que bordea o lado norte da casa granxa de Ouril e que baixa cara o pazo de Santa Cruz, topámonos o magnífico conxunto que forman a fonte e o lavadoiro de Ouril. Chegado a unha porta lateral do Pazo hai unha baixada entre árbores que fan un paseo e dan intimidade. A fonte ten dous canos esculpidos artísticamente na pedra para dar servicio ao lavadoiro. O Concello fixo as primeiras reformas no ano 1940.

**FONTE LAVADOIRO DE A COSTA DE FIGUEIRÓN**

Lugar Costa de Figueirón: pola estrada PO-315 está o cruce, á dereita, que descende ao lugar da Costa de Figueirón. Se baixamos por esa empinada costa, na bifurcación tomamos á esquerda, pasando pola fonte-lavadoiro chégase ao norte da praia de Beluso e peirao. As augas veñen dun manancial tipo "mina" que se pode apreciar pola porta que a pecha, enriba do cano da fonte. O lavadoiro está cuberto a unha auga.



**FORTE-LAVADOIRO DE LAGOEIRO**

Lugar de O Cabalo: baixando a Costa de Figueirón collemos a estrada que nos leva cara á Roiba e un pouco antes de chegar á baixada da praia, está sinalizado o camiño de Lagoeiro que sube cara o lugar de Cabalo. Atopámonos cunha zona onde unhas pedras lavadoiros e outras verticais, que saen de entre as herbas, poñen ao descuberto o abandono do que foi unha fonte con lavadoiro anexo descuberto. Houbo obras de melloras por parte do Concello no ano 1951 no que decidiron construír, uns metros máis abaixo do que estaba, un lavadoiro de seis prazas cambiando de lugar o lago para rego alí existente.

**FORTE-LAVADOIRO DA CHADIZA**

Lugar da Chadiza: actualmente segue utilizándose. Construcións de 1950, ambas de pedra. Para acceder a elas hai que baixar uns chanzos. Está ao descuberto.

**FORTE DE BIRTACABAZOS**

Lugar da Rúa nova de Abaixo: coñecida tamén coma SETECABAZOS ou FORTE DA RUANOVA DE ABAIXO. Atopámola a uns 100 m das escaleiras a Soutelo, pouco despois de pasar a curva que hai cara a Beluso. Hai, na mesma beira esquerda da estrada, un pequeno carreiro que sube cara a fonte. Uns metros máis arriba atópase a arqueta da mina onde sae a auga á fonte.

Foi remodelada en formigón, así como canleadas as súas augas ata a estrada, no ano 1987 como figura na lenda.

**FORTE DE SARTAXÉNS**

Lugar de O Cabalo: pouco antes de chegar á enseada que conforma a praia de Sartaxéns atopamos a fonte ou

manancial de auga que conforma un pequeno lago. O uso máis importante que tivo foi o de servir de aprovisionamento de auga para as embarcacións que traballaban ou pasaban pola zona.

**FORTE-LAVADOIRO DE SAR**

Lugar de Sar: desde a praia de Tuia subimos polo camiño cara a Sar e pasadas as primeiras casas, vemos a indicación da fonte de Sar (teremos que andar uns 10 m). A fonte, que hoxe ten un cano metálico, verte as augas canleadas ata o mesmo lavadoiro, que é de pedra cunha cuberta de fibrocemento a dúas augas que se fixo polo ano 1955.

**LAVADOIRO DA VELA**

Lugar de Montemogos: chegando ó final da recta do Peón e tomando pola estrada que vai á Igrexa, logo de pasar a subida sinalada dos Curraces, hai un camiño que pasa polo lavadoiro (coincide có sinalado se viñéramos directamente de Sobalo). Ten unha soa pedra de lavadoiro. Está nun cruce de camiños onde a subida levaba a un antigo manancial-lavadoiro, “O Con”, privado e desaparecido entre as herbas.

**FORTE-LAVADOIRO DE LAGO MANSIÑO**

Lugar de Montemogos: baixando por un carreiro á Costa de Covelo, atopámonos á beira dereita coa fonte que ten un cano con ramal, tamén de pedra, que leva auga ao lavadoiro que está a escasos metros.

**FORTE-LAVADOIRO VILAR**

Lugar de Vilar: cruzando a estrada de Beluso - Aldán e baixando ata as últimas casas de Vilar de Abaixo atopamos a fonte e lavadoiro. Ten pedra de pousadoiro e as augas sobrantes pódense almacenar nun lago de rega.

**FORTE-LAVADOIRO DE TOMADELO**

Lugar de Bon de Abaixo: collendo a primeira subida asfaltada que vai dar á estrada Bueu-Aldán, e chegando a encrucillada atoparemos á beira dereita a fonte con frontal de pedra, canleada, e con asento. O lavadoiro, nunha cota máis baixa, está cuberto a unha auga con fibrocemento.

**FORTE-LAVADOIRO DE NOCEDO**

Lugar de Bon de Abaixo: camiñando cara a Aldán, uns metros antes da curva de Nocedo, onde hai unhas escaleiras de baixada, atopamos a fonte e lavadoiro que están na mesma curva. Temos primeiro a fonte que sae canleada en tubo de ferro vertendo as augas cara unha zona (auga procedente do río de Nocedo que ven de Castiñeiras e Borrallido) que por dous canles feitos na pedra levaba a auga ata o lavadoiro. Feitas de pedra as dúas bandas, accédese logo de baixar tres chanzos. Está cuberto con tellado de fibrocemento e o seu estado actual é lamentable por aporte de lodos procedentes das riadas.



Cultura mariñeira





## DESCRICIÓN

Feitas en pedra. Este tipo de casa mariñeira ou de patín supón o traslado da vivenda ao piso superior, mentres a planta inferior quedaba para uso de almacén para os aparellos e as embarcacións.

O acceso á planta superior realízase a través dun patín que se sitúa na fachada principal. A construción ten unha escaleira dun só tramo que culmina nun corredor cuberto pola prolongación do tellado.

CASAS  
MARIÑEIRAS

## CLASIFICACIÓN

Recurso histórico

## LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Beluso, lugar Praia de Beluso

## ACCESO

Cruzamos Bueu e metémonos na estrada PO-315 cara a Beluso, e seguimos o sinal que pon Praia de Beluso

## PROPIEDAD

Privado

## HORARIO

Sen horario

## GRAO DE UTILIZACIÓN

Propiedades privadas

Centro de  
interpretación  
da ILLA DE  
ONS

## CLASIFICACIÓN

Recurso cultural

## LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Beluso, lugar Curro (Illa de Ons)

## ACCESO

En barco dende o peirao de Bueu, Portonovo e Sanxenxo

## PROPIEDAD

Público

## HORARIO

Aberto todos os días excepto luns e martes (en horario de verán)

## GRAO DE UTILIZACIÓN

Alto

## DESCRICIÓN

Centro de interpretación situado nas instalacións da antiga escola no cal se pode ver o modo de vida da xente da Illa (mobiliario da antiga escola, ritos e costumes e uso das plantas medicinais), artes de pesca, historia da Illa e fauna autóctona. Inaugurado no 2011.



## A SALGADURA EN BELUSO

A Salga é unha forma de preparar o peixe, prensado con salmoira ou sinxelamente con abondoso sal. É a partir de 1768 cando Bueu despunta nos proxectos de promoción de pesquerías.

### Descrición das fábricas- almacéns de salga:

#### A chanca

Lugar de desenrolo do proceso químico. Constituída por pilos, que son depósitos de pedra de perpiaño. Aquí é onde comeza a elaboración.

#### Vivenda e patio

Outro elemento característico da salga é a existencia nela dunha vivenda. Ésta tan só ocupa unha parte do recinto amurallado, normalmente na súa fachada.

#### As alfolies

O alfolí é o cuarto utilizado para resgardar o sal das inclemencias do tempo.

#### A poza do saín

Poza que se localiza sempre na esquina formada no remate do morto, e ten como finalidade recoller as graxas e as augas desprendidas polo peixe durante o prensado.

#### A carpintería e os almacéns

Igual que os alfolíes, a carpintería e os almacéns das mercadorías xa envasadas, situáanse nos espazos inútiles da construción, normalmente as tres esquinas libres do cuberto.

#### O morto

Lugar de aplicación do proceso mecánico. É aquí onde unha serie de pancas presan o produto químico, eliminando a auga e a graxa sobrantes.

En Bueu téñense descrito polo menos cinco formas diferentes de pancas de prensado, clasificables todas elas en dous grupos: un primeiro de pancas lineais, cun punto de apoio situado nun extremo, a potencia no outro e a resistencia no centro da panca; e un segundo grupo atende ás pancas cilíndricas cun apoio e unha rosca que permite aplicar unha forza no prensado. Neste caso o punto de apoio sería a mesma rosca do fuso.

Do primeiro grupo diferéncianse tres modelos distintos en función do tipo de apoio: machos, sables ou argolas. O sistema de machos preséntase con dúas pedras ancoradas no chan, con certa separación entre elas, abondo como para colocar unha viga de madeira que, apoiada nun eixo formado por un pasador, actuaría coma punto de apoio.

## FÁBRICAS DE SALGADURA

### Zona da Roiba

Da Conserveira de Salvador Ferradás só podemos testemuñar que con anterioridade estivo destinada ao fomento da salga da sardiña, así como ó tratamento do abadexo, sen poder describir á mesma pola ausencia de datos e modificacións sufridas polo edificio para ser adaptado a cetaria e últimamente, frigorífico.

Pedro Pastoriza, nunha construción que no seu momento creou unha gran problemática veciñal, convirírase nun dos

### Zona Mourisca - Udra

Coa desamortización, numerosos terreos pasaron a mans dos fomentadores levantándose nalgúns deles, á beira do mar, empresas transformadoras da pesca.

É o caso da familia Plá-Avalle que mercaría e construíría nestes terreos unha salga posteriormente alugada a diversos fomentadores (S. Rocafort e G. Galup).

A compañía creada pola familia Massó remataría mercando este edificio o século pasado.

primeiros salgadeiros oriundos de Bueu xunto coa familia Freire-Otero.

Máis preto de nós, Manuel Abalo, tras desenrolar actividades de tratamento de peixe, transformaría o almacén nunha cetaria que desvirtuaría a estrutura orixinaria do edificio.

Novamente, a tradición oral ubica outra salgadeira no grupo de vivendas que hai a continuación da Roiba.

Como características destacadas citaríamos a existencia case completa dos machos, pezas fundamentais nas prensas de panca, que por motivos técnicos teñen sido substituídas, na maioría das salgas galegas buscando unha maior superficie de prensado.

A Familia Agulla-Solabatirrieta, no ano 1847, adquire a propiedade de Ancoradouro co fin de ubicar alí unha nova instalación. Entre outros ocupantes da mesma, aparte da familia citada, cabe nomear a Juan Rocafort.



# BOTE POLBEIRO DE BUEU

Xunto coa dorna, a gamela, a lancha de relinga e outras embarcacións, o bote polbeiro é unha das embarcacións tradicionais emblemáticas da costa galega. O bote polbeiro de Bueu, é unha embarcación moi estable, forte e pesada, das clasificadas redondas. Ten de manga a metade da súa eslora, baseada segundo S. Morling na lancha de relinga, e a súa morfoloxía pode representar bastante ben o que eran as embarcacións antigas desta zona de Galicia. A súa eslora, ronda os 4 m e a súa manga a metade aproximadamente, teñen un terzo de cuberta e case todas un viveiro no seu centro. Tamén se facían máis pequenos, de 3.5 m de eslora, e algúns moi grandes, chegaban aos 5,50 m.

Hai datos que testemuñan a gran importancia da pesca do polbo, na Ría de Pontevedra, desde mediados do 1500 até mediados do 1700, regulándose as épocas de veda e as artes permitidas e o bote de Bueu demostrou a súa superioridade nas rochosas augas da ría.

Construíase en madeira de carballo a quilla, a roda, o codaste e as cuadernas; e en madeira de piñeiro para o forro que se facía cos banzos (tracas) a tope e, os demais elementos, pau incluído, tamén de piñeiro. Os remos son como os da dorna, de dúas pezas e para remar crúzanse.

A súa última modificación importante foi aparelalo con vela Mística ou Guaira, a principios do século XX, o que lle deu máis facilidade para a navegación. S. Morling sostén que anteriormente empregaban a vela de relinga e a latina, mentres J.M. Massó di que só a vela latina.

A súa propia morfoloxía faino lento na navegación tanto a vela como a remo, debido ás súas proporcións eslora/manga, e esa foi unha das causas da súa desaparición na década dos anos 60, sendo substituída nas mesmas tarefas pola dorna polbeira que é moito máis lixeira e con menos manga, anda máis a remo e logo con motor fóraborda.

O ímpeto das asociacións de recuperación das embarcacións tradicionais de Galicia está conseguindo que volvamos gozar, xa para fins lúdicos, da súa estampa na mar como nos vellos tempos da navegación a vela, e tamén, do duro traballo que para os mariñeiros supuña esta actividade, nunca ben recompensada.

## POSIBLES MELLORAS

Facer máis promoción.

## CLASIFICACIÓN

Recurso cultural

## LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Bueu, lugar Banda do Río

## ACCESO

Bos accesos. Está atracado no porto, preto de paradas de autobús, nunha zona céntrica de Bueu. Tamén hai un exposto no Museo Massó

## PROPIEDAD

Privado (depende de: Asociación Os Galos, Museo Massó)

## HORARIO

Sen horario definido

## BOTE POLBEIRO DE BUEU “OS GALOS”

A asociación **AMIGOS DAS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS “OS GALOS”** de Bueu é a responsable de que poidamos gozar da construción deste bote polbeiro de Bueu así como o obradoiro de carpintaría de Ribeira de Manuel González Ferradas (Purro) onde se construíu.

Características do bote “Os Galos” Eslora 5,80 m, Manga 2,45 m.





Ferramentas e materiais para a súa construción:



## Ficha técnica

NOME

Lagoas

FOLIO

7ª - VI - 3 - 21 - 95

MEDIDAS

Eslora total: 4 m

Manga fóra de formas: 1,80 m

Puntal de construción: 0,60 m

Contorno: 2,60 m

Relación eslora/manga: 2,22

PROPIETARIO

Carpinteiro de Ribeira : Manuel González Ferradas (Purro) e Ramón Roman Comedeiro

ANO DE CONSTRUCIÓN

1995

LUGAR

Estaleiro situado na Banda do Río (Bueu)

Vista de costado. Nesta fotografía pódese apreciar o contorno, marcado por unha roda lanzada, un codaste

dereito e con pouca inclinación, así como un ensille pouco pronunciado.



Vista dende popa. Aprécianse os ferros do temón, ademais de observarse a liña do ensille coa proa lixeiramente máis elevada que a popa.

Vista dende proa. Destacan os ganchos do martelo. Por outra banda, ó igual que na fotografía anterior, fanse patentes as formas da caderna mestra que presenta unha sección en "U".



Aparece recollido no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia polo seu interese científico, cultural e social. Esta catalogación supón a súa recuperación e posta en valor como oferta complementaria para o Museo Massó, xa que o seu estado actual é ruinoso.

Esta instalación conserva a súa estrutura orixinal, testemuña dun prototipo de arquitectura popular característica das comunidades mariñeiras e practicamente desaparecida no conxunto de Galicia (é un dos poucos estaleiros existentes a nivel europeo).

O estaleiro da Banda do Río foi fundado no ano 1920 por José Del Río Casal. Este carpinteiro traballaba nun taller situado na praia de Loureiro; posiblemente fora o taller de Benito Martínez Avilleira, que nese tempo tiña o seu obradoiro nesa mesma zona. Ao casarse, José Del Río Casal decidiu independizarse, solicitando unha concesión administrativa para a ocupación de espazo público coa finalidade de crear un estaleiro, na zona da Banda do Río.

Este obradoiro nos inicios só comprendía a parte máis próxima á rúa Montero Ríos. A elección desta ubicación non é casual, nesta zona dábanse as condicións idóneas: boas comunicacións, por estar no medio do pobo, unha praia abrigada que permitía facer as botaduras con tranquilidade, e por último a presenza próxima dun río. Trátase do río Bispo que nesa época, aínda sen canalizar, discorría ó carón do taller, no seu cauce enterrábase a madeira como un tratamento de curación. Esta madeira, xeralmente de carballo, estaba destinada á construción de elementos estruturais: a quilla, a roda e o codaste principalmente. Este taller adicaba a súa produción a embarcacións de pequeno porte: gamelas, chalanas, lanchas xeiteiras, botes polbeiros, e incluso, se chegaron a construír unha ducia de traíñas.

Esta parte máis antiga estaba formada por unha estrutura constituída por un tellado de dúas augas asentado sobre columnas de pedra. Nela albégase un pequeno faiado no cal se atopa a “tronzadora”, que é a máquina de afiado da serra de cinta; baixo este tellado está colocada a serra de cinta, e a máquina de “regruesar” as táboas. Estas dúas ferramentas son a innovación tecnolóxica máis destacada deste oficio e constitúen unhas ferramentas imprescindibles na actualidade, estando presentes en todos os talleres que aínda están en activo.

Noutra parte do taller sitúase unha pequena oficina que facía as funcións de almacén para gardar as ferramentas. Este elemento foi engadido posteriormente nunha ampliación levada a cabo por outro propietario.

No ano 1938 o estaleiro foi comprado por Rosa Cortizo Cerviño, para o seu fillo, José González Cortizo, ao finar o anterior carpinteiro. Con este cambio de propietario o taller incrementou a súa actividade pasando a construír embarcacións de maiores dimensións, a razón de dúas por

## CARPINTARÍA DE RIBEIRA Estaleiro da Banda do Río

CLASIFICACIÓN  
Arquitectura tradicional

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de  
Bueu, lugar da Banda do Río,  
Rúa Montero Ríos

ACCESO  
Facilmente accesible xa que se  
atopa dentro do núcleo urbano

PROPIEDAD  
Público

HORARIO  
Sen horario definido

GRAO DE UTILIZACIÓN  
Aquí remata o percorrido das  
visitas guiadas do Museo Massó,  
tamén as instalacións son usadas  
pola Asociación de Embarcacións  
Tradicionais “Os Galos”

ano, sen contar as embarcacións de pequeno porte que se seguían construíndo como complemento da actividade.

Este aumento da produción viuse reflectido no número de traballadores, oito empregados nas épocas de maior actividade. Cabe destacar a dous destes operarios, os irmáns “Lamosa”, que eran os encargados de botar a madeira no monte e preparar as táboas, empregando para este fin a “serra portuguesa”. Esta elección e preparación da madeira no monte remóntase ós mesmos inicios da carpintaría de Ribeira, e resulta curioso comprobar como se mantivo ata hai pouco tempo. Coa aparición do motor como método de propulsión principal, as embarcacións aumentaron as súas dimensións, o que fixo necesario a ampliación das instalacións. Éstas se realizaron en varias fases o que lle conferiu o aspecto tan peculiar que presenta na actualidade. Estas obras realizáronse arredor do ano 1975, primeiro cara á serra de Freire e logo cara ao mar.

No ano 1988 constrúese un muro de abrigo para protexer as casas das maruxías, esta obra provocou a destrución das vías de varada do estaleiro. Esta estrutura estaba



composta por tres raís paralelos, dous laterais a mesma altura e o central máis baixo, a modo de “v”. Os ditos raís apoiábanse nuns pilotes de madeira enterrados na area da praia, as vías tiñan unha lonxitude aproximada de 30 metros.

A perda desta infraestrutura provocou que entre os anos 1986 e 1988 se construisen dous barcos a carón do porto pesqueiro, nun alboio levantado para esta obra. O primeiro foi o “Galaico”, que cunha eslora de 21.70 m, é un dos de maiores dimensións contruidos por Manuel González Ferradás. Aproveitando a infratructura contruiu despois para si un barco da batea “Purro”.

Outra embarcación salientable polas súas dimensións foi o “Sibaniño”, botado no ano 1973, que tiña 19 m de quilla. Precisamente o seu tamaño provocou diversas curiosidades: durante a súa construción ocupouse parcialmente a rúa, e o carpinteiro comenta a modo de anécdota que a proa estaba tan preto das casas de enfrente que cun pequeno salto podíase pasar do balcón ao barco. Na botadura as vías de varada cederan polo peso, provocando que a embarcación quedara detida no medio do seu percorrido sen chegar ó mar, prolongando a botadura ata a seguinte pleamar despois de solucionar o percance .

O outro espazo da carpintaría é aquel descuberto orientado cara ó actual paseo da praia, destinado á almacenaxe e secado da madeira, xeralmente formando texoiras verticais.

A implantación das bateas nas rías baixas abriu un novo mercado para os carpinteiros de Ribeira, e supuso unha carga de traballo importante durante estes últimos anos.

O estaleiro de Purro está ligado íntimamente á historia marítima recente do Concello de Bueu: foi a derradeira carpintería de Ribeira en activo, e nela traballaron e se formaron moitos profesionais e veciños nosos; nela construíronse infinidade de embarcacións, moitas delas en activo na actualidade. O seu peculiar aspecto convertiuse en parte da paixase urbana de Bueu.

A súa imaxe é un vinculo de unión entre o pobo de Bueu e o seu pasado, sempre vencellado ós barcos e ó mar.

POSIBLES MELLORAS

Pendente dun plan de restauración por parte da Xunta.



## DESCRICIÓN

En 1816 o industrial Salvador Massó Palau chega a Bueu e instala unha fábrica de salgadura. Este foi o comezo das andaduras da empresa conservera Massó, a cal convertiuse, xa no século XX, na maior empresa do sector a nivel nacional. No ano 1928 o famoso inventor Guillermo Marconi, chegou a Vigo no seu barco Electra, e unha vez na comarca, visitou algúns dos pobos da zona, entre eles Bueu e a factoría Massó. Alí puido ver maquinaria da antiga factoría e maquetas de embarcacións. Foi entón cando Marconi suxeriu ós propietarios a idea de que se fixese o museo e a Biblioteca do Mar.

A sede do Museo é un antigo edificio que formaba parte da fábrica de conserva de peixe Massó. Ten a súa orixe na colección destes empresarios que, desde finais de novembro de 1932, móstrase ao público como Museo Marítimo. O actual museo, dependencia da Xunta de Galicia, inaugúrase en 2002.

As coleccións que se amosan foron donadas de maneira desinteresada pola familia Massó e o Doutor Barros Malvar.

# MUSEO MASSÓ

**CLASIFICACIÓN**  
Recurso histórico

**LOCALIZACIÓN**  
Concello de Bueu, parroquia de Bueu, lugar rúa Montero Ríos s/n

**ACCESO**  
No centro urbán, na zona do porto

**PROPIEDAD**  
Público (Depende de la Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia)

**HORARIO**  
Martes a sábado: 10:00 a 20:00  
Domingos e festivos: 10:00 a 14:00  
Cerrado os luns

**GRAO DE UTILIZACIÓN**  
Alto grado de utilización por escolares, turistas-excursionistas e xentes do lugar. Ten unha elevada estacionalidade xa que é maioritariamente visitado no verán

Servizos do museo:  
Actividades organizadas para grupos escolares  
Visitas guiadas para grupos con cita previa



Consta de dúas salas:

Na primeira sala (de 200 m) preséntase unha exposición permanente relacionada co mar coma fonte de recursos económicos: desde obxectos procedentes das antigas fábricas de salga e de conservas (planchas litografiadas, latas coas suas marcas comerciais,...); ata outros vinculados coa actividade pesqueira: como a carpintaría de ribeira, mostrando embarcacións tradicionais coma o bote polbeiro, as artes de pesca ou a caza da balea.

Na segunda sala (de 180 m) o Museo dispón dunha valiosa colección bibliográfica, de calidade excepcional, na que os

## POSIBLES MELLORAS

Moitas das obras pertencentes ó museo non están expostas por falta de espazo por iso unha das posibles melloras sería

incunables datados entre os séculos XV ó XVIII merecen especial atención: unha das mellores edicións de “O Quixote” de 1780, as Cartas de Felipe II e outros libros da Idade media e do Renacementos de autores como Abraham Judei, Tolomeo, etc..

Completa a exposición unha sección adicada á navegación, cunha interesante colección de instrumentos náuticos e maquetas de embarcacións históricas.

Tamén é destacable o mural de Urbano Lugrís (unha recreación dunha cociña da época), labras en dentes de cachalote, esculturas...

unha ampliación do museo para acoller ditas obras. Non hai sinalización para indicar a zona.

# Arquitectura moderna e monumentos





Construída polo arquitecto coruñés Ramón Vazquez Molezún, en 1969 como refuxio para as vacacións familiares, despois de ter estudado o comportamento das mareas no lugar. A casa, pechada ao norte e aberta ao sur, onde se sitúa a terraza, ergueuse sobre as rochas da praia readaptando os muros dunha antiga fábrica de salgadura. Na parte baixa, o almacén de embarcacións inúndase coas mareas vivas. A entrada sitúase na parte alta que dá á estrada da costa, onde a construción apenas se eleva en vertical, establecendo unha dialéctica co contorno. Molezún, fascinado polo mar tantas veces plasmado nas súas acuarelas, concibe o interior coma a ponte dun barco, con estruturas ocultas que ocupan o menor sitio posible. A ventá corrida de nove metros de lonxitude ilumina o reducido pero cómodo interior e mergulla na natureza aos habitantes da casa. Os espazos exteriores, conectados en distintos niveis, serven de transición. Molezún introduce o valor da xeometría na súa arquitectura.

## A CASA DA ROIBA

**CLASIFICACIÓN**  
Recurso arquitectónico

**LOCALIZACIÓN**  
Concello de Bueu, parroquia de Beluso, lugar Praia de Beluso

**ACCESO**  
Dende Bueu pola estrada PO-315, cara Beluso. Coller o desvío á dereita dirección Praia de Beluso

**PROPIEDAD**  
Privado

**HORARIO**  
Sen horario definido

**GRAO DE UTILIZACIÓN**  
Propiedade privada

## MONUMENTO Á EMIGRACIÓN



Inaugurado o 20 de outubro de 2000 coa presenza do IIMo. ex Presidente de Arxentina, D. Fernando de la Rúa, cuxos ancestros son oriúndos da parroquia de Bueu.

Situado na Avda. de Montero Rios, preto da praia de Pescadoira, no paseo marítimo de Bueu.

É unha rocha natural, que nunha das súas caras presenta diversos ocós producidos pola erosión da auga do mar e da area. É un monumento adicado á emigración, en especial ao emigrante galego, ao que tamén levou o mar durante moitos anos a gañar as "Américas". A erosión producida polo mar na rocha, é o baleiro, producido nunha familia, a sensación de orfandade que quedaba nela ao irse o pai, a nai, un irmán...

Tamén pode simbolizar o anaco de corazón que deixaban atrás, e que se transforma en morriña galega cando estás fóra da túa casa.





## MONUMENTO ÁS CATRO MARIÑAS

É un monumento realizado en granito e adicado as catro mariñas: a Mariña Mercante, a de Pesca, a de Guerra, e a Deportiva.

Sobre unha plataforma rectangular, no seu centro, álzase un prisma tamén rectangular formado por dúas pedras superpostas. A cada lado hai unha estatua dun cabaliño de mar encarándoa. E, en cada unha das dúas pedras que forman o prisma, nas súas caras norte e sur respectivamente, están gravados en relevo os símbolos das catro mariñas, aínda que non se corresponden exactamente cos oficiais, e algún escudo está xa incompleto, debido a algún acto de vandalismo.

O deseño foi encargado polo Concello de Bueu.

Atópase no paseo marítimo de Bueu, na avenida de Montero Ríos co cruce da rúa Matilde Bares, diante da praia de Pescadoira.

## MONUMENTO A JOHAN CARBALLEIRA

e a todos os que  
sufriron polas  
liberdades



Situado na Avda. de Montero Ríos, no acceso á praia da Banda do Río.

Realizado polo escultor Manuel Paz (1957 Castrelo-Cambados).

Inaugurado en 1999.

É unha escultura formando as páxinas dun libro, realizada en granito negro puído. Nunha das súas páxinas hai unha labra coa cara de Johán Carballreira e a súa firma, e noutras dúas páxinas están gravados dous dos seus poemas:

- “E o día que o fondo de bondade do pobo quede ceibe, non haberá forza meirande que a súa”
- “A praia unha amante escrava do mar, bérralle, zurrégalle, e vaina bicar”

Este monumento está adicado a “Johan Carballreira” que é o pseudónimo literario co que asinaba os seus escritos o político e xornalista José Francisco Gómez de la Cueva. Este adoptou o seu pseudónimo en memoria dun trobador galego do S. XIII, polo que sentía grande admiración: Johan de Cangas.

José Francisco Gómez de la Cueva (Vigo 1902, Pontevedra 1937) foi unha persoa moi interesante e polifacética: escritor, poeta, xornalista e político.

Foi nomeado alcalde de Bueu en marzo de 1936, detido en agosto do mesmo ano, e xulgado e condenado a morte nun consello de guerra en Pontevedra. Durante uns meses estivo no Lazareto da Illa de San Simón, xunto con outros intelectuais republicanos, ata que o 17 de abril de 1937 foi fusilado na Caeira.

Nos anos 1996 e 2003 o Concello de Bueu instaurou o “Premio de Poesía Johán Carballreira” e o “Premio de Xornalismo Johán Carballreira”, respectivamente, para evitar o esquecemento desta figura tan emblemática. Cada ano, o 17 de abril, depositase unha ofrenda floral neste monumento e lese algún dos seus poemas.





Inaugurados o mes de setembro de 1994.

Hai dúas rochas con sendas placas:

- Placa adicando os xardíns a M<sup>a</sup> Eugenia Bolivar. (20 de abril de 1997)
- Placa da inauguración dos xardíns coa presenza do Presidente da Xunta D. Manuel Fraga Iribarne, sendo alcalde de Bueu D. Manuel Freire Lino. (Setembro de 1994)

Estes xardíns están adicados á memoria de María Eugenia Bolibar, en agradecemento ao gran traballo que realizou como matrona no Concello de Bueu (sobre todo na Illa de Ons) entre 1947/1977.

## XARDÍNS ADICADOS A

María Eugenia  
Bolibar Sequeiros



## DESCRICIÓN

No alto do Monte Cucorno érguese este histórico Faro vixiado por uns dos últimos fareiros de España. A primeira construción realizouse en 1865 e a súa luz branca a través dunha lanterna octogonal chegaba ás 17 millas. En 1926 construíuse o segundo Faro sobre a base do primeiro: son as lentes as que xiran sobre o foco cun alcance de 35 millas. O edificio anexo á torre inclúe vivenda para os fareiros, almacén e un obradoiro.

A subministración enerxética procede das placas solares instaladas recentemente.

## POSIBLES MELLORAS

Atópase en bó estado de conservación.

FARO DE  
ONS

## CLASIFICACIÓN

Recurso histórico

## LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Beluso, lugar Monte Cucorno (Illa de Ons)

## ACCESO

En barco dende o peirao de Bueu, Portonovo e Sanxenxo

## PROPIEDAD

Público

## HORARIO

Acceso restrinxido

## GRAO DE UTILIZACIÓN

Alto





Espazos naturais





## DESCRICIÓN

No monte de Chans, podemos atopar unha área de lecer que conta con dúas zonas para xantar, unha máis pequena con seis mesas, unha fonte e dúas grellas; e outra máis grande con doce mesas cubertas, dúas fontes e 5 grellas. Ademais dun chiringo con aseos para discapacitados, un parque infantil, unha explanada onde xogar ao fútbol e montar en bicicleta e varias rutas de senderismo por onde ir a pasear.

Dende o mirador, que se atopa no alto do Rapadoiro, podemos contemplar unha panorámica sobre a vila de Bueu e a Ría de Pontevedra realmente excepcional. A axeitada altura respecto do nivel do mar convérteo nun lugar ideal para lanzarse en parapente ata a praia.

Cabe resaltar a existencia da Mámoa do Forno das Arcas nas inmediacións, e a Capela de San Lourenzo.

# AREA DE LECER DE CHANS

## CLASIFICACIÓN

Recurso natural

## LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Cela, lugar Chans

## ACCESO

Partindo de Bueu en dirección a Marín, pola estrada PO-551, tras percorrer 1 Km tomamos un desvío á dereita (sinalizando a Igrexa parroquial de Cela), ascendendo 1 Km pola estrada PO-1304 atopamos a igrexa ó marxe dereito da estrada, e seguindo a estrada atopamos un cruce onde collemos á esquerda ata atopar outro cruce xa sinalizado indicando Chans

## PROPIEDAD

Mixto

## HORARIO

Sen horario definido

## GRAO DE UTILIZACIÓN

Moi elevado, sobre todo as fins de semana





## DESCRICIÓN

Situado entre a vertente oriental da Ría de Aldán e o límite da Ría de Pontevedra, no lugar da Rosa.

É un espazo protexido catalogado dentro da Rede Natura 2000 da Unión Europea, ten tamén as declaracións de Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN). Son en total 8 quilómetros de fronte costeira e ocupa unha extensión dunhas 623 hectáreas. Está formado na súa maior parte por pequenos cantís entre os que se intercalan pequenas praias como a de Mourisca a unha beira do cabo ou as calas de Acoradouro, ou Lagos no outro, dándolle unha especial beleza paisaxística.

Podemos contemplar unha extensa e fermosa panorámica da Ría de Pontevedra, Ons e Punta Couso que dá entrada á Ría de Aldán. Observatorio natural das aves migratorias que pasan fronte a costa, destacando no seu número os araos, mascatos, etc...

A importancia da fauna e a flora (incluída a mariña) ponse de relevo na Aula da Natureza, trátase dun dos poucos centros de interpretación co distintivo de Bandeira Azul en Galicia, que avala o seu labor en favor da educación ambiental sobre os ecosistemas litorais e o desenrolo sostible. Ademais de continuas actividades e exposicións temporais, a aula acolle unha mostra permanente sobre

# CABO UDRA

## CLASIFICACIÓN

Recurso natural

## LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Beluso, lugar Cabo Udra

## ACCESO

Dende Bueu pola estrada PO-551, desvío final no tramo de Beluso. Ao chegar ao centro coller a estrada que sinaliza a cabo Udra (desvío á dereita), pasar a igrexa parroquial e a 1 km chegamos ao aparcadoiro do cabo

## PROPIEDAD

Mixto

## HORARIO

Sen horario definido

## GRAO DE UTILIZACIÓN

Alto



os valores ecolóxicos e etnográficos do espazo natural de Cabo Udra e constitúe así mesmo un exemplo de utilización das enerxías limpas e renovables alimentándose dun aerixerador e de paneis térmicos e fotovoltaicos. A aula atópase na antiga ubicación dunhas baterías militares, abandonadas nos anos 80.

Da súa flora podemos nomear a matogueira formada principalmente por queiroas ou carrascas, e toxos mariños, así coma carqueixas, etc. E da vexetación arbórea, principalmente disposta a sotavento, destacan os eucaliptos, piñeiros, acacias e algún pequeno carballo.

As súas rochas de granodiorita con megacristais de feldespato, redondeadas por mor do efecto que a auga subterránea produce nas fendas da pedra, antes de que asome ao exterior como resultado da erosión. Nas pedras

pódese observar acanaladuras, resultado do desgaste da auga da choiva ao esvarar pola rocha; “As Cacholas” cavidades situadas na parte inferior da rocha, formadas porque a humidade vai alterándoas químicamente. “As Pías” cavidades circulares situadas na parte superior das rochas nas que a acumulación da auga e o vento, que move as áreas liberadas pola propia rocha, vanlle dando esa forma.

Son morada apacible para numerosas aves mariñas como a gaivota patiamarela ou o corvo mariño, frecuentes na zona, así como outras moitas (corvo mariño real), que con carácter estacional tamén se achegan ás costas. Ademais no Cabo existiu actividade humana, sabéndose dela polos restos de cerámica achados e agora gardados nos museos de Massó e de Pontevedra, que fan pensar da existencia dun castro, corroborado pola toponimia “Monte do Castro”.

No percorrido, concretamente no lugar chamado Chan de Esqueiros, descubriremos os peculiares chouzos, unha das construcións máis singulares e descoñecidas de Galicia, aproveitando o tamaño dos penedos, cunha cuberta en falsa bóveda, utilizadas ata mediados do século XX polos pastores para protexer o gando da intemperie. Ademais conta con varias ruínas de fábricas de salgadura, por exemplo: Ancoradouro e a de Mourisca, esta última

construída pola familia Pla e Avalor, conserva case completa a estrutura orixinaria, os pilóns, machos e pezas imprescindibles das prensas, así como os tinglados de almacenamento, hoxe en proceso de rehabilitación.

Na praia de Mourisca observaremos casas de planta baixa de tipoloxía mariñeira e embarcacións tradicionais, como a dorna ou a gamela de Bueu.



#### POSIBLES MELLORAS

Deberíase prohibir o uso de vehículos dentro do espazo natural, para non molestar a fauna, nin aos visitantes que buscan o contacto coa natureza.

Recuperar o cartel (monolito) que está situado na área recreativa. Facelo máis detallado, poñendo o mapa da zona e sinalando sitios de interese como por exemplo a existencia da antiga fábrica de Ancoradouro ou a de Mourisca, así como a localización dos chouzos, e no sitio de cada un destes lugares poñer outro pequeno cartel

cunha pequena explicación do recurso. Tamen se podería arranxar os carteis do percorrido da ruta que están en mal estado (como o que hai despois da aula) e agregar algunha sinalización máis. Así como incluír na guía publicitaria que se entrega na oficina de turismo, un plano cos lugares de interese e a ruta de senderismo.

Tamén poderíanse acondicionar os restos das edificacións militares e do castro para facelos visitables, xa que forman parte da historia.



#### DESCRICIÓN

O Burato do Inferno atópase na zona sur da Illa de Ons e é unha perigosa furna que descende verticalmente ata o mar. Pódese entrar en barco pola parte de abaixo. Está cheo de lendas e supersticións que, por outro lado, son moi abundantes na Illa. “Nos días de temporal óense os xemidos das almas atrapadas polo demo”, din os isleños. Probablemente, a orixe destas lendas sexa o temor que inspiraba a quen se achegara á furna os sons que emitían os diferentes paxaros que anidaban no seu interior.

Unha cruz no cantil lembra a un gardamariña que morreu ó esvarar no seu traizoeiro borde e caiu dentro, recórdanos o seu perigo.

## BURATO DO INFERNO

#### CLASIFICACIÓN

Recurso natural

#### LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de Beluso, lugar Illa de Ons

#### ACCESO

En barco dende o peirao de Bueu, Portonovo e Sanxenxo

#### PROPIEDAD

Público

#### HORARIO

Sen horario definido

#### GRAO DE UTILIZACIÓN

Alto

## PRAIAS

### Parroquia de Beluso

## Praia de Lagos

Localización GPS: 42°19'27.78" N N – 8° 49'21.64" W W

UTM. X 514611 – Y 4685892

Localización: Partindo dende Bueu dirección Beluso pola PO-315 durante 3 km. Aproximadamente, e coller o desvío pola PO-1308 dirección praia de Lagos (sinalizado) durante outros 3 km.

Praia de 250 m situada nun ámbito rural, entre Punta Forcadela e Punta Restada, áchase rodeada de pequenos illotes, o maior o de Corveiro do Lago. Contigua á praia de Lagoelas. Ventosa, con ondada moderada, é unha praia un pouco perigosa polas correntes mariñas que se producen ao chocar o mar coas numerosas rochas que a rodean. Separada doutra pequena praia polo miradoiro de Lagos, dende onde se pode gozar de boas panorámicas das postas de sol ou do mar enfurecido ao chocar contra as rochas. Precisamente esas rochas graníticas mostran unha curiosa morfoloxía froito do modelado eólico e marítimo. Ideal para os amantes da natureza. Conta co distintivo de Bandeira Azul.



## Praia de Reventóns

Localización GPS: 42° 18'30.03" N N – 8° 48' 43.76" W W  
UTM. X 515482 – Y 4689112

Localización: Partindo de Bueu dirección a Beluso pola estrada PO-315 durante aproximadamente 4 km. Ó chegar ó lugar de Bon tomar desvío ó marxe dereito polo

camiño veciñal de Tomadelo. Praia de difícil acceso e mala sinalización.

Praia ubicada en Beluso xunto á desembocadura dun río con moi poucos servizos e infraestruturas.

## Praia da Robaleira

Localización GPS: 42° 19' 28.98" N N – 8° 46'44.74" W W  
UTM. X 518202 – Y 4685937

Localización: Partindo de Bueu dirección Beluso pola estrada PO-315, coller desvío ó marxe dereito pola PO-1309 dirección á Praia de Beluso.

Pequena praia en forma rectilínea, de area branca e fina, situada nun ámbito semiurbano, próxima á praia de Beluso.

Só existe como areal durante a baixamar. Caracterizada polo seu recollemento e as súas augas tranquilas.



## Praia de Tuia

Localización GPS: 42° 20'9,67" N N – 8° 48'44.02" W W  
UTM. X 515469 – Y 4687186

Localización: Partindo de Bueu en dirección a Beluso pola estrada PO-315 durante 3km. Aproximadamente, tomar o desvío á dereita pola PO-1302 durante 400 m e coller outra vez á dereita polo camiño Sueira dirección Tuia (sinalizado).

Praia de grande extensión, en forma de media cuncha, de area branca e grosa. Inmersa nun ámbito forestal e rural, rodeada de bosques e campos de millo, os cales proporcionan un aspecto salvaxe e solitario. Ten asociadas

dúas pequenas praias, cada unha nun extremo: á dereita, unha pequena praia nudista separada só en preamar da praia de Tuia por unhas pequenas rochas; á esquerda, a praia de Cornide, escondida, repleta de cunchas e rochas.

A praia de Tuia presenta grandes desniveis nalgúns tramos, con imponentes dunas de area. Ventosa, con ondada moderada. Zona de fondeo de embarcacións. Ideal para contemplar o faro de Cabo de Udra, dende onde a súa vez pode observar o retorno, ao atardecer, dos barcos que regresan a porto para subastar o peixe na lonxa de Bueu.



## Praia da Roiba

Localización GPS: 42° 19'44.88" N N – 8° 46' 48.61

UTM. X 518112 – Y 4686427

Localización: Partindo de Bueu dirección Beluso pola estrada PO-315, coller desvío ó marxe dereito pola PO-1309 dirección A Praia de Beluso.

Praia de 25 m en forma rectilínea, de area dourada e fina. Inmersa nun ámbito semiurbano. Situada na Punta da Pedra Branca, próxima á praia de Beluso, coñecida antigamente por albergar a fábrica de salazón. Só existe en baixamar. Abrigada dos ventos por un grande número de rochas, con ondada moderada. Interesante a visión dende a estrada polo elevado desnivel entre esta e a praia. É zona de paso para a ruta de senderismo “Cabo Udra”.



## Praia de Sartaxéns

Localización GPS: 42° 20'25.6" N N – 8° 48'8.93" W W

UTM. X 516271 – Y 4687679

Localización: Dende Bueu, seguir a estrada PO-315 cara Beluso, tomar desvío á dereita pola PO-1309 dirección Praia de Beluso, seguir por camiños veciñais á praia de Sartaxéns.

Minúscula praia (50 m) en forma rectilínea, de area branca e fina. Inmersa nun ámbito forestal, virxe e illado. Praia rochosa e sombría. Resgardada dos ventos, con augas cristalinas e tranquilas. Zona de fondeo de embarcacións. Nudista.



## Praia de Ancoradouro

Localización GPS: 42° 19'54.47" N N – 8° 49'26.04" W W

UTM. X 514509 – Y 4686715

Localización: Partindo de Bueu con dirección Beluso pola PO-315 tras 3 km aproximadamente, coller o desvío pola estrada PO-1302 (sinalizado entorno Cabo Udra) durante 2.4 km aproximadamente.

Praia de 200 m, de media cuncha, de area branca e fina. Inmersa nun ámbito rural e virxe. Rodeada de curiosas formacións graníticas modeladas pola acción erosiva do vento e do mar. Ventosa, con augas tranquilas, cristalinas e frías. Moi soleada. Con boas vistas da Ría de Aldán e a punta de Couso. Zona de fondeo de embarcacións. Ideal para os amantes da natureza e a tranquilidade. É un espazo natural protexido que ten aparcamento para un máximo de 50 coches no que non existe vixilancia. Está incluída na Rede Natura 2000.



## Praia de Pedrón

Localización GPS: 42° 20'26.14" N N – 8° 48'48.8" W W

UTM. X 515359 - Y 4687694

Localización: Dende Bueu, seguir a estrada PO-315 cara Beluso durante 3 km aproximadamente, despois coller o desvío pola estrada PO-1302 cara o entorno de Cabo Udra (sinalizado) e seguir por camiños veciñais cara a praia de Pedrón.

Praia en forma rectilínea, de area branca e fina. Inmersa nun ámbito virxe, illado e paradisíaco. Contigua á praia de Mourisca. Ventosa, con ondada moderada.

Zona de fondeo de embarcacións. Autorizada para o nudismo.



## Praia de Mourisca

Localización GPS: 42° 20' 13.96" N N – 8° 49' 2.04" W W  
UTM. X 515057 – Y 4687317

Localización: Dende Bueu, seguir a estrada PO-315 cara o Beluso durante 3 km aproximadamente, despois coller desvío pola estrada PO-1302 cara o entorno de Cabo Udra (sinalizado) e seguir por camiños veciñais cara a praia de Mourisca.

Praia dunha enorme beleza que se atopa en situación de espazo natural. Praia de auga transparente e area grosa, onde podes realizar un paseo ata Cabo Udra con espectaculares vistas sobre a Ría de Pontevedra e ó fondo as Illas de Ons e Onza (Parque Nacional das Illas Atlánticas).



## Praia de Beluso

Localización GPS: 42° 19' 59.58" N N – 8° 47' 39.99" W W  
UTM. X 516935 - Y 4686878

Localización: Partindo de Bueu dirección Beluso pola estrada PO-315, coller desvío ó marxe dereito pola PO-1309 dirección a praia de Beluso.

Praia de 500 m en forma de cuncha, de area dourada e fina. Inmersa nun ámbito urbano, con carácter mariñeiro. Abrigada dos ventos, con augas tranquilas. Portuaria, con zona de fondeo de embarcacións e Club Náutico. Son atractivas as panorámicas das casas mariñeiras das inmediacións. Constitúen tamén motivos de interese as pequenas embarcacións, tradicionalmente vinculadas ao mundo nórdico, como “gamelas”, “dornas” (diminutas barcas de pesca, con vai a trincada e casco de escarba, é dicir, montando as táboas unhas sobre outras polo extremo). De curiosa observación pode resultar a entrada a porto dos botes “polbeiros” que retornan cada día tras a pesca.



## Praia de Area de Bon

Localización GPS: 42° 18' 52.79" N N – 8°49' 1.29" W W  
UTM. X 515079 - Y 4684814

Localización: Partindo dende Bueu dirección Beluso pola PO-315 durante 3 km aproximadamente, e coller o desvío pola PO-1308 dirección praia Area de Bon (sinalizado) durante outros 2 km.

Praia en forma rectilínea, de area branca e fina. Inmersa nun ámbito forestal e rural, con bosques que case tocan o



mar e con numerosos campos de millo. Ten asociada unha pequena praia totalmente rodeada de rochas.

Ventosa, con augas tranquilas. Zona de fondeo de embarcacións. Ideal para contemplar o Cabo de Udra, onde as ondas rompen contra as penas.

Incluída no Plan Especial de Protección Ambiental do Cabo de Udra.





## Praia da Banda do Río

Localización GPS: 42° 19'23.24" N N – 8° 46'52.94" W W

UTM. X 51801505 - Y 4685759

Localización: Praia urbana e portuaria situada nas inmediacións da rúa Montero Ríos.

Praia en forma rectilínea, de area dourada e grosa. Situada nun ámbito urbano, é a praia máis céntrica, delimitada polo porto, albergue de distintas embarcacións. Nela áchase "O Penedo" praia en forma rectilínea, de area dourada e grosa. Situada nun ámbito urbano, é a praia máis céntrica, delimitada polo porto, albergue de distintas embarcacións. Nela áchase "O Penedo", especie de barranco rochoso con numerosas covas, cada unha coa súa propia lenda relacionada con animais mitolóxicos. Ventosa, con augas tranquilas. Zona de fondeo de embarcacións.

## PRAIAS

### Parroquia de Bueu

## Praia de Pescadoira

Localización GPS: 42° 19'51.02" N N – 8° 46'16.07" W W

UTM. X 518857 - Y 4686619

Localización: Praia urbana e portuaria situada nas inmediacións da rúa Montero Ríos.

Praia en forma rectilínea, de area dourada e grosa, situada no núcleo urbano de Bueu. Case desaparece cando a marea está chea. Dividida por un pequeno é utilizada para albergar pequenas embarcacións, como "gamelas", "dornas" (pequenos barcos de pesca), lanchas, etc. Neste peirao, os novos e non tan novos, practican a inmersión con espectaculares e graciosos saltos. Recollida dos ventos e con augas tranquilas. Portuaria, con zona de fondeo de embarcacións. Ideal para pasar un día divertido nun bonito ambiente natural.



## Praia de Petís

Localización GPS: 42° 19' 51.02" N N – 8° 46' 16.07" W W

UTM. X 518857 - Y 4686619

Localización: Praia urbana ubicada entre a Punta Pescadoira e a rúa Avenida de Marín.

Praia en forma rectilínea, de area dourada e grosa, situada nun ámbito semiurbano. Resgardada aos ventos, con augas tranquilas propicias para o baño. Típica praia de ría nunha bonita paraxe natural.



## Praia de Loureiro

Localización GPS: 42° 19' 46.11" N N – 8° 44' 57.71" W W  
UTM. X 520651 – Y 4686472

Localización: Praia ubicada en núcleo urbano no lugar de Loureiro (sinalizado), na rúa Avda. de Loureiro.

Praia en forma rectilínea, de area dourada e grosa, situada nun ámbito semiurbano. Separada da praia de Agrelo por un conxunto de rochas. Ventosa, con augas tranquilas. Zona de fondeo de embarcacións. Ideal para os amantes da natureza.



## PRAIAS Parroquia de Cela

## Praia de Agrelo

Localización GPS: 42° 19'30.55" N N – 8° 44'35.29" W W  
UTM. X 521165 – Y 4685994)

Localización: Partindo de Bueu en dirección a Marín, pola estrada PO-551, tras percorrer 2 Km tomamos un desvío á esquerda (sinalizado), polo paseo da costa Agrelo-Portomaior.

Esta praia aberta de 1500 m de lonxitude é continuación da praia de Portomaior. Como particularidade ten a area branca e fina e conta con singulares dunas e penedías que fan de límite das dúas praias.

Curiosidade: praia favorable polas condicións meteorolóxicas para a práctica de deportes acuáticos como o kitesurf (con vento do norte).



## Praia da Pedreira

Localización: Dende Bueu, tomar a estrada PO-551 en dirección a Marín, a 4 km aproximadamente, tomar desvío á esquerda á praia de Covelo, a pé por camiños veciñais chégase á praia de Pedreira.

Minúscula praia en forma rectilínea, de grava e cantos rodados, situada nun ámbito virxe e illado.

Caracterizada polo seu recollemento e polas súas augas tranquilas e mornas. Con fermosas vistas da ría de Pontevedra.

Ideal para os amantes do sol e da auga nun apracible ambiente natural.

## Praia de Covelo

Localización GPS: 42° 18' 36,99" N N – 8° 40' 49.28" W W  
UTM. X 526344 – Y 4684360

Localización: Dende Bueu, tomar a estrada PO-551 en dirección a Marín, a 4 km aproximadamente, tomar desvío á esquerda á praia de Covelo.

Pequena praia en forma rectilínea, de area branca e fina, situada nun ámbito rural, contigua á praia de Lapamán.

Caracterizada polo seu recollemento e polas súas augas tranquilas e mornas. Con fermosas vistas da ría de Pontevedra.



## Praia de Portomaior

Localización GPS: 42° 19'30.55" N N – 8° 44'35.29" W W  
UTM. X 521165 – Y 4685994)

Localización: Partindo de Bueu en dirección a Marín, pola estrada PO-551, tras percorrer 2 Km tomamos un desvío á esquerda (sinalizado), polo paseo da costa Agrelo-Portomaior.

Praia en forma de media cuncha, de area branca e fina, ubicada nun entorno rural. Ventosa, con augas tranquilas idóneas para o baño, aínda que é preciso ter precaución

coa resaca de certo tipo de mareas. Separada da praia de Agrelo por un penedo cuberto. Moi ben equipada.

Ideal para disfrutar do sol e do baño nun fermoso paraxe natural, con impresionantes vistas da Ría de Pontevedra.

Conta co distintivo de Bandeira Azul que outorga anualmente a Fundación Europea de Educación Ambiental, ás praias que cumpren unha serie de condicións ambientais e instalacións, polo que conta cun posto de vixianza, posto de Cruz Vermella, protección Civil.



## Praia do Muíño Vello

Localización GPS: 42° 20' 11.19" N N – 8° 45' 40,13" W W  
UTM. X 519906 – Y 4687244

Localización: Dende Bueu, tomar a estrada PO-551 en dirección a Marín, a 3 km aproximadamente, tomar desvío á esquerda á praia de Lapamán (sinalado).

Praia en forma rectilínea, de area branca e fina, ubicada nun entorno rural. Contigua á praia de Lapamán, co cal comparte servizos.

Caracterizada polas súas augas tranquilas e mornas. Con boas vistas da ría de Pontevedra.



## Praia de Lapamán

Localización GPS: 42° 19'37.42 N N – 8° 45'29.11" W W  
UTM. X 519933 – Y 4686202


Localización: Dende Bueu, tomar a estrada PO-551 en dirección a Marín, a 3 km aproximadamente, tomar desvío á esquerda á praia de Lapamán (sinalado).

Praia en forma rectilínea, coa area máis branca e fina como a meirande parte das praias da parroquia de Cela.

Situada nun ámbito forestal, á dereita da illa de San Clemente. Caracterizada polas súas augas tranquilas, cálidas e cristalinas, ideais para gozar do baño.



# Festivais, Festas e Romariás





## DESCRICIÓN

Na aldea de Meiro, no municipio de Bueu, celébrase o Encontro Degustación do Millo Corvo declarada **Festa de Galicia de Interese Turístico** no ano 2009.

Xa no 2006 o millo corvo fora distinguido pola Fundación Internacional Slow Food coa súa inclusión, como primeiro produto galego, no Catálogo Internacional **“del Arca del Gusto”**. Nos muíños do Canudo de Meiro, no chamado Muíño da Presa en Bueu, ten lugar a Muiñada do Millo Corvo, que se prolonga durante toda a xornada. Todos os asistentes poden visitar os muíños e observar o funcionamento do Muíño da Presa, moendo o millo. A noite está amenizada pola actuación de grupos de música tradicional e pandereteiras. A partir da media noite ten lugar unha gran **queimada** coa tradicional lectura do **conxuro**.

Durante a fin de semana pódense degustar diversas tapas e pratos elaborados con este produto, ademais os máis pequenos poden participar en diferentes obradoiros infantís e artesanais con demostracións en vivo.

# Encontro degustación do MILLO CORVO

Festa de Galicia de  
Interese Turístico

## CLASIFICACIÓN

Recurso cultural

## LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de  
Bueu, lugar de Meiro

## ACCESO

Dende Bueu pola PO- 551  
dirección Cangas, coller o desvío  
senalizado cara a Meiro

## HORARIO

Sen horario definido



# CORPUS CHRISTI

CLASIFICACIÓN  
Recurso cultural

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu

HORARIO  
Variable según a Semana Santa

## DESCRICIÓN

Pola mañá confecciónanse as vistosas alfombras florais polas principais rúas da vila. Pola tarde, ás 18:00 h., celébrase unha **misa solemne** e posterior pasarrúas adornadas cas alfombras florais, acompañada pola **Banda Artística de Bueu**. Pola noite dará comezo a **verbena** que estará amenizada por orquestas.

## POSIBLES MELLORAS

Animar e fomentar entre os veciños a confección das alfombras, agasallando á máis orixinal, a máis grande, colorido, etc.





#### DESCRICIÓN

O Festival Internacional de Curtametraxes lévase a cabo no mes de setembro, onde todos os amantes do mundo cinematográfico poden gozar dunhas intensas xornadas nas que se presentarán as producións das curtametraxes das diferentes produtoras do panorama nacional e internacional presentadas no concurso.

Cada día son proxectados un determinado número de curtos, e o derradeiro día faise entrega dos premios, coa proxección dos curtos gañadores e festa de clausura ó remate .

Ademais dos premios económicos e trofeos, tamén son entregados diplomas ao mellor director, guión, actriz, actor, mellor fotografía, dirección artística, vestuario, maquillaxe e perruquería, mellor son, montaxe e música.

#### POSIBLES MELLORAS

Máis información e publicidade nos medios.

## Festival Internacional de CURTAMETRAXES

CLASIFICACIÓN  
Recurso cultural

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu

HORARIO  
Primeira semana de setembro no  
Centro Social do Mar

## SAN MARTIÑO

CLASIFICACIÓN  
Recurso cultural

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de  
Bueu, lugar do Valado

HORARIO  
Do 11 de novembro ao 14 de  
novembro



#### DESCRICIÓN

A vila de Bueu vístese de festa para honrar o seu patrón, San Martiño.

Podemos disfrutar de diferentes actos comezando polos relixiosos e rematando polas actuacións de diferentes grupos de música, así como actividades e espectáculos para nenos e maiores.

Festivo Local o día 11 de novembro.



## DESCRICIÓN

As festas duran tres días, sendo anunciado o comezo cunha gran tirada de bombas de palenque ás 12:00 h. Durante estos días realízanse pasarrúas a cargo da Banda de Música de Bueu e verbena pola noite.

O día grande ás 12:00 h. haberá misa solemne na honra da Virxe e ó remate saírá a procesión terrestre ata a lonxa onde ás 18:00 h. faise unha misa cantada e a continuación procesión marítima con ofrenda.

Festivo Local o día 16 de xullo.



# VIRXE DO CARMEN E DAS DORES

## CLASIFICACIÓN

Recurso cultural

## LOCALIZACIÓN

Concello de Bueu, parroquia de  
Bueu

## HORARIO

Día 16 de xullo



Procesión do Carmen, imaxe cedida por Ricardo Rodríguez

## DESCRICIÓN

O sábado ás 12.00 h. as bombas de palenque anuncian o comezo desta festa que dura dúas xornadas festivas. Ás 17.00 h., hai pasarrúas a cargo da Banda de Música de Bueu que posteriormente ofrece un concerto. Pola noite a verbena está amenizada por orquestas.

O domingo a partir das 10.00 h. faise un pasarrúas a cargo da Banda de Música Artística de Bueu. Ás 13.00 h. oficiase unha misa solemne na Capela do Pazo de Santa Cruz. A continuación hai unha degustación de sidra de mazá e unha subasta das ofrendas que algúns devotos fan a Santa Ifixenia. Ás 18.00 h., a Banda de Música Artística de Bueu ofrece unha actuación. A verbena comeza a partir das 20.00 h. e conta coas actuacións de orquestas.

SANTA  
IFIXENIA

CLASIFICACIÓN  
Recurso cultural

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de  
Bueu, lugar A Carrasqueira

ACCESO  
Desde a estrada comarcal PO-315  
na Chadiza e desde a estrada da  
Ramorta

HORARIO  
Día 21 de setembro, celébrase a  
fin de semana anterior ou posterior





#### DESCRICIÓN

De comezos do século XIX (1827) chégannos referencias documentais do propietario da Capela e Señor do Pazo de Santa Cruz, nesas datas D. Pedro Pimentel de la Rúa y Aldao, que obriga ao párroco a celebrar unha misa con “parva” (chocolate, viño e pan) o día de Reis; e o día da Ascensión, unha misa cantada.

Esta “parva” ou tentempé que engana a fame, era unha especie de agasallo que facía o señor aos menos favorecidos, para “gañar” dalgunha maneira fama de bondadoso, ou para alcanzar o ceo facendo algunha boa obra.

Grazas á Asociación Santos Reis, na actualidade séguese a celebrar esa tradición con dúas Romarías: unha con viño, rosca e torta o día de Reis, e outra con viño e empanadas variadas o día da Ascensión do Señor.

#### POSIBLES MELLORAS

Beirarrúas na estrada de acceso.

## ROMARÍA DE SANTOS REIS

CLASIFICACIÓN  
Recurso cultural

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de Bueu, lugar O Valado

ACCESOS  
Mala e perigosa accesibilidade, non hai aparcadoiro nin beirarrúas

HORARIO  
Día de Reis e o día da Ascensión

## ROMARÍA DE SANTIAGO DE ERMELO

CLASIFICACIÓN  
Recurso cultural

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de Cela, lugar Ermelo

ACCESOS  
Dende Bueu collendo a estrada PO-551 dirección Cangas tomamos o desvío Meiro-Ermelo sinalizado á esquerda.

HORARIO  
Día 25 de xullo



#### DESCRICIÓN

O 25 de xullo, a pequena aldea de Ermelo échese de vida ao recibir ás numerosas persoas que acuden a celebrar a festa do Apóstolo Santiago na Capela de Santiago de Ermelo cunha misa especial e tamén a disfrutar dunha romaría campestre.



#### DESCRICIÓN

Festa de orixe medieval. Realízase unha festa relixiosa, na honra de San Mamede do mar ou Sanamedio.

No día grande celébrase nas súas inmediacións unha concurrida romaría, na que a xente vai comer, e pola tarde fanse xogos populares para todos.

## ROMARÍA DE SAN MAMED O MAMEDE (SANAMEDIO)

CLASIFICACIÓN  
Recurso cultural

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia  
de Beluso, lugar Bon

ACCESOS  
Dende Pontevedra a Bueu pola  
estrada PO-551, cruzamos Bueu  
e metémonos na estrada PO-  
315, seguimos cara a Beluso,  
ao chegar ao centro coller a  
esquerda cara á aldea de Bon  
pola estrada cara ó Polígono  
Industrial Castiñeiras.  
Dende Vigo a Bueu polo corredor,  
saír polo desvío Beluso - Polígono  
industrial e coller pola estrada PO-  
1309 que vai cara a Beluso

HORARIO  
6 e 7 de Agosto

## ENTROIDO

CLASIFICACIÓN  
Recurso cultural

LOCALIZACIÓN  
Concello de Bueu, parroquia de  
Bueu



#### DESCRICIÓN

Dende o domingo de entroido ata o Mércores de Cinza, realízanse obradoiros onde, os que o desexen poden elaborar as súas caretas, disfraces ou complementos. E, ao longo da semana realízanse actuacións e actividades para os nenos: contacontos, concursos, e o popular desfile infantil do enterriño da sardiña.

O Entroido chega ao seu fin cun percorrido polas principais rúas do casco urbano, e a celebración do Enterro do Paxaro de Mal Agoiro, onde participan os veciños, rematando ca súa queima na praia da Banda do Río.

#### POSIBLES MELLORAS

Animar e fomentar entre os veciños a confección das alfombras, agasallando á máis orixinal, a máis grande, colorido, etc.



OBRADOIRO DE EMPREGO  
**BUEU II**



XUNTA  
DE GALICIA

